


CÁTEDRA

Revista eumesa de estudios



Pontedeume 1999


Nº 6





CÁTEDRA
Revista eumesa de estudios





Consello de Redacción:

Alexandre Caínzos Corbeira
Carlos de Castro Alvarez
Andrés López Calvo
Sindo Vilariño Gómez

Traducción e supervisión lingüística dos textos en galego:

Esther Leira Penabad

Fotografía da cuberta:

Detalle da fachada do Panteón da Familia Maldonado,
no Cemiterio Municipal de Pontedeume (FOTO RÍOS).

Edita: Concello de Pontedeume

Dep. Leg.: C-1702/93

ISSN: 1133-9608

Colaboracións:



As colaboracións deberán dirixirse a
“Cátedra. Revista eumesa de estudios”
Biblioteca Municipal de Pontedeume
Rúa Couceiro Freijoomil, 5
15600 PONTEDEUME (A Coruña)
Telf. 981/43 25 98


Os traballos deberán ser inéditos.
Aqueles presentados baixo soporte informático
deberán estar feitos, de ser posible,
nos programas Wordperfect e Microsoft Word.

O Consello de Redacción da revista,
non se identifica necesariamente
coas opinións verquidas nos artigos publicados.

Deseño, maquetación, montaxe e impresión:

Talleges Gráficos LÓPEZ TORRE
Pontedeume (A Coruña).





PRESENTACIÓN


Outro ano máis estamos con todos vostedes para presentar un novo número desta tan querida para min Cátedra. Revista e mesa de estudos. Tódolos anos, dende a súa creación, veño de facer esta presentación e sempre penso no mesmo cando a teño entre as miñas mans: aquí temos once novos traballos de investigación sobre a nosa historia, once novas achegas que nos descobren e fan ver a importancia que ten para todos nós a existencia desta revista de estudios locais.

Este ano presentamos, con esta nova entrega da revisita, unha nova publicación. É esta un caderno de Cátedra, e que teño o pracer de presentarles, nela aparece publicado o traballo premiado na convocatoria do ano 98 do “Premio de Investigación Concello de Pontedeume” en aspectos etnográficos.

Remato xa esta breve presentación agradecendo a todos os investigadores, que por primeira vez se acercan a publicar os seus novos traballos de investigación na nosa Revista, e tamén, a todos aqueles colaboradores habituais da nosa publicación.

Noraboa a todos

*Belarmino Freire Bujía
Alcalde de Pontedeume*



ARQUEOLOXÍA E FOLCLORE: CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS*

Juan A. Carneiro Rey

Para a Moura máis belida

Resumo: A península de Bezoucos (A Coruña) non é coñecida polos seus achados arqueolóxicos anteriores á conquista da Gallaecia por Roma. Nembarquen existen unha rica tradición oral vinculada maioritariamente ós castros e á auga. Neste artigo catalogamos e analizamos esas lendas.

Abstract.- Folklore and Archaeology. The cases of Ares and Mugardos: The area covered by the councils of Ares and Mugardos (A Coruña) is not well known for its archaeological remains prior to the Roman conquest. Nevertheless, there's a rich oral tradition linked to the certain places, most of them Iron-Age hillforts but also water springs. In this paper we catalogue and analyse these legends.

INTRODUCCIÓN

Neste artigo preténdense amosar os resultados dunha investigación levada a cabo en Ares e Mugardos sobre a arqueoloxía e o folclore da zona.

Os concellos de Ares e Mugardos están situados na península de Bezoucos, que limita ó norte coa ría de Ferrol e ó sur coa ría de Ares. Esta península ten un relevo suave que vai alcanzando maior altitude canto máis avanzamos de leste a oeste, ata chegar á máxima cota no cumio da Bailadora con 262 metros sobre o nivel do mar. O clima é oceánico húmido, con precipitacións arredor dos 1000 mm. anuais e unhas temperaturas suaves, cunha media anual de 13°C. Xeoloxicamente Bezoucos está formada maioritariamente por xistos, inda que no extremo oeste as rochas son graníticas. A vexetación de piñeiro e eucaliptos é maioritaria na zona, pero tamén existen pequenas áreas de frondosas.

Mugardos e Ares son os concellos más pequenos da provincia da Coruña despois do de Corcubión. As súas extensións son 12,7 km². e 18,2 km², respectivamente.

Mugardos ten 6.157 habitantes (censo de 1995) distribuídos en catro freguesías: Santiago de Franza, S. Vicente de Meá, S. Xiao de Mugardos e S. Xoán de Piñeiro. Ares ten 4.827 habitantes (censo de 1995) repartidos en tres freguesías: S. Xosé de Ares, S. Vicente de Caamouco e S. Pedro de Cervás. A poboación de ambos concellos está vencellada laboralmente á actividade da

*Este traballo foi seleccionado, para a súa publicación en Cátedra, polo Xurado do Premio de Investigación Concello de Pontedeume 1999.

regresiva industria naval ferrolá; a agricultura complementa dita actividade industrial e a pesca e o marisqueo teñen unha ocupación media e son importantes fontes de ingresos (PRECEDO, 1993).

Historicamente Bezoucos cítase por primeira vez no século VI, no chamado Parroquial Suevo, Divisio Theodemiri ou Concilio de Lugo de 569¹. Neste documento noméanse os arciprestados pertencentes ás trece dioceses do reino Suevo, estando “Besaucos” entre os designados nese século.

No Cartulario de Caaveiro (s. XII) cítase en gran cantidade de ocasións o territorio de Bezoucos como ‘terra Bisauquis’, antes de pasar a nomear unha unidade territorial menor: parroquia ou lugar pertencentes a dito arciprestado. A fórmula documental completa é: ‘...in terra Bisauquis, inter duo flumina Eume et Iuvie...’, que se repite constantemente, polo que PORTA de la ENCINA (1996) estima que o significado de Bezoucos deriva do antigo Bisauquis (= entre dúas augas).

Respecto á vila de Ares (‘Anares’ e ‘Aares’ na documentación medieval) a súa orixe topográfica deriva do nome prerromano do río Duxanaris (actual Eume) que tamén dá nome á ría na que desemboca.

Ó longo da idade media no territorio de Bezoucos tiñan foros os mosteiros de S. Martiño de Xubia, S. Salvador de Pedroso, Sta. Catarina de Montefaro e S. Xoán de Caaveiro².

FOLCLORE E TOPONIMIA

En primeiro lugar analizaremos os períodos históricos que máis folclore proporcionan no eido galego: o megalitismo e a Cultura Castrexa. En segundo lugar, será o estudio da toponimia

-
1. Nesa época inda non sucedera a “*inventio*” do sepulcro do Apóstolo Santiago en Compostela e a Sé Episcopal estaba en Iria Flavia. A Divisio Theodemiri cita como pertencentes á Sé Iriense os arciprestados : “*Morracio, Saliense, Contenos, Celenos, Metacios, Mercia, Pestemarcos, Coporos, Celticos, Brecantinos, Prutencos, Plucios (Prucios), Besaucos, Trafrancos (Trasancos), Lapatiencos et Arros*”.
 2. Nas coleccións diplomáticas destes mosteiros, podemos seguir as doazóns, cartas testamentarias, pagos en especie, etc. que os habitantes de Bezoucos lles ofrecen. Así, ó mosteiro de S. Martiño de Xubia o 8 de febreiro de 1133, Froila Bermúdez fai unha “... kartam testamenti (...) de tota mea porcione de ecclesia sancti Iacobi de Francia quae est in terra Bisauquis inter due flumina, Eume et Iuvie...”. Véndenselle terras como a de “*Plantario (actual Chanteiro) en Sancti Petri de Cervales, in terra Bisauquis*” o 18 de outubro de 1093. (MONTERO, 1935). A principios do s. XII dona Munia Froilaz concede a metade da igrexa de “S. Vicente de Meos” (actual Meá) ó mosteiro de Pedroso. Entre outros pagos este mosteiro recibía anualmente varias “liazas de pulpo”, “toledanos de sembradura, azumbres de viño, cáñamo, maravedíes “. (...) “tres libras e huna dúsea de vesugos” tiña que pagar unha heredade que posuía o mosteiro en “S. Giao de Mugardos”. No s. XII Pedroso tiña posesións “in terra de Besancos” en “Sancti Iohannis de Pinario” (actual S. Xoán de Piñeiro), “Rillo” (Rilo), “Sancti Vicenti de Meos”, etc. Todos estos foros se perpetuaban nos descendentes ou herdeiros , de xeración en xeración, actualizándose os pagos en especie ou en numerario. (CAL, 1984). Desde o s. XIV empeza a ter gran importancia o señorío de Andrade. Fernán Pérez o Bó manda construír a igrexa da Mercé de Chanteiro e o mosteiro de Montefaro a quien lle doa a vila de Mugardos. Eclesiasticamente, o territorio pertence (ata a actualidade) ó Arcebispado de Santiago de Compostela, inda que houbo momentos de tensión e loitas entre este e o Bispoado de Lugo sobre a posesión dunha territorios en “Prucios et Visancos” no ano 922. (LOPEZ FERREIRO, 1898). E mesmo o cabido compostelán tivo un pazo en Caamouco. (CARRE, 1929).

(topónimos e microtopónimos) o que nos leve a inquerir ou pescudar na orixe de moitos termos que poden agachar uns significados más amplos e que na actualidade están ocultos ou mergullados polo tempo.

Megalitismo e Cultura Castrexá

Son dúas das épocas fundamentais na formación do ser histórico de Galicia e as que van proporcionarnos o folclore máis rico.

1º O megalitismo abrangue unha cronoloxía moi ampla, que vai desde mediados do V milenio a.C. a principios do II milenio a.C. O seu nome vén dado polos monumentos funerarios (maioritariamente) construídos con grandes pedras (megalitos) que hoxe se conservan sobre todo pola fachada atlántica europea. Pero as nosas referencias, naturalmente, irán dadas en función do megalitismo do País Galego que é o noso campo de actuación.

A sociedade deste momento será, por primeira vez na historia de Galicia, productora. A súa economía estará baseada na agricultura e na gandería. Xa non será unha sociedade itinerante como a dos cazadores-recolectores da etapa anterior, inda que tampouco será unha sociedade totalmente sedentaria. Por primeira vez vai ter lugar na nosa historia unha humanización da paisaxe e imos atoparnos cuns monumentos realizados cun afán de permanencia a través do tempo, de perpetuación dun peculiar modo de vida e... de morte: os monumentos megalíticos. O número de monumentos megalíticos é difícil de calcular xa que teñen desaparecido moitos ó longo da historia, pero pódese falar duns cinco mil repartidos por toda a nosa terra. Estes monumentos reciben distintos nomes, sendo o máis habitual o de 'mámoa', que deriva do latín 'mammula': 'tetiña', debido á súa forma cando se recorta na paisaxe. Outros nomes son: medoña, medorra, modia, etc. Estas denominacións aluden ó 'tumulus', que é unha acumulación de terra e/ou pedra dunhas dimensións que varían entre 1 e 3 metros de altura e dos 10 a 25 metros de diámetro, xeralmente. Ás veces, no interior da mámoa, existe unha construcción de pedras verticais e unha ou varias horizontais coñecida como 'dolmen' (do gaélico: mesa de pedra) e que en Galicia ten outras denominaciós, como poden ser: 'anta', que é a máis habitual, 'arca' e outros derivados (CARNEIRO ,1996).

En todos os casos, no seu interior, non se atoparán restos orgánicos debido á acidez do chan galego, agás algúns resto de carbón. Entre o rexistro material podemos atopar útiles de pedra: machados, puntas de seta, cinceis, etc. e tamén restos cerámicos. Ata o de agora non hai achados de lugares de asentamento.

Non hai restos de megalitismo na nosa zona de estudio, pero eso non quere dicir que noutra non existiran ese tipo de monumentos e desaparecerán debido á acción antrópica, xa que tanto Ares como Mugardos son terras moi poboadas e traballadas desde antigo. Inda así, existe un topónimo: Modias ou Punta Modias, no concello de Ares, que está relacionado co megalitismo, xa que

‘modia’ en ocasiós alude a ‘mámoa’, independentemente de que no seu interior conteña cámara ou non. Pero nesa zona tampouco se recolleu ningún tipo de folclore³.

2º O mundo castrexo é a outra gran cultura que marcará profundamente a súa pegada na historia de Galicia. Por primeira vez imos ter uns lugares de habitación estables: os castros, dos que tomará o nome a dita cultura. Un castro é un asentamento situado en lugares de doada defensa: cumes de ouseiros, penínsulas, etc. Está rodeado de murallas e terrapléns, foxos, etc., que facilitan a súa defensa, ademais dos accidentes naturais xa mencionados. No seu interior hai construccóns de pedra, de forma circular ou cuadrangular, con cubertas de palla.

A cultura castrexa vaise estender por un territorio que abrangue a actual Galicia, occidente asturiano ata o río Navia e norte de Portugal ata o Mondego. A cronoloxía desta cultura vai desde o s. VIII a.C. ata o s. II d.C., tendo o momento álxido en torno ó cambio de era (s. I a. C. - s. I d. C.), incorporándose logo ó mundo romano e formando a cultura galaico-romana.

A economía castrexa está baseada na agricultura: cereal, cultivos de horta e tamén recolección e gandería: caballos, cabras, porcos, etc. Utilizan apeiros e ferramentas de bronce e ferro que se irán perfeccionando conforme aumenten os contactos con Roma. Será unha sociedade campesiña que se espallará por todo o territorio -mencionado máis enriba- formando pequenas comunidades (castros) integrados nun territorio, á súa vez formado por moitos castros, chamado ‘populus’ e que na nosa zona de estudio corresponde ós artabros ou arrotrebás, estendidos pola costa desde a ría da Coruña á de Ferrol.

Existen actualmente dúas catalogacíos arqueolóxicas que abranguen, entre outros, os concellos de Ares e Mugardos (ROMERO e POSE, 1985; VV.AA. 1987). A primeira catalogación cifra para Ares cinco castros: Ares, Cervás, Lubre, Mourón e Sta. Mariña. Mentre, a segunda catalogación numera catro castros unicamente; non menciona o castro de Lubre.

Os castros de Ares e Lubre non existen na actualidade (e na época das catalogacíos anteriores tampouco): no lugar do primeiro están situados os depósitos de auga da vila de Ares, unha antena telefónica e unha urbanización con unha rúa chamada “*do Castro*”; no lugar onde estaría o segundo hai actualmente terras de labor.

Respecto ó concello de Mugardos, as disonancias entre as dúas catalogacíos son maiores que para o de Ares, xa que mentres a primeira catalogación sitúa en Mugardos dous castros: Mugardos e As Escadas, dando outros dous como dubidosos: O Eixo e S. Victorio; a segunda catalogación localiza en Mugardos catro castros: Mugardos, As Escadas, S. Victorio e Meá.

3. Esta mesma situación déusenos nun estudio anterior (CARNEIRO, 1995) cando investigamos o topónimo ‘modia’. En varios lugares denominados así da bisbarra de Ferrol e Narón non existía nin rastro de monumentos megalíticos e tampouco folclore. Posiblemente nesta zona o topónimo ‘modia’ non se utilice como identificativo de resto megalítico, senón que pode referirse a unha elevación natural do terreo.

O castro de Mugardos, xa desaparecido por mor da construción dos depósitos de auga da vila e do Instituto de Ensino Medio, non debía de conservarse en bo estado canda as primeiras obras, pois a xente do lugar non se lembra de ningunha construción nese sitio. Existe algúns referencia de que “*hai máis de corenta anos, as mulleres do lugar reuníanse nos días soleados para realizar tarefas como coser a roupa ou simplemente charlar, protexidas polos muros de pedra que se conservaban daquela*”.

En canto ó castro de S. Victorio, si foi certo que o houbo. Existen datos referidos a que en 1607 estivo en Franza (freguesía onde está situado o lugar de S. Victorio) como visitador do Arcebispado o cardeal Jerónimo del Hoyo, da Arquidiócese compostelá. Pecorreu toda a xurisdicción, deixando unha ‘Memoria’ de 545 folios, na que entre outras cousas di: “*Hay una ermita (S. Victorio) entre unas heredades que dicen que fueron castros de moros y dan señales de haber sido fortalezas*”. (Cit. VAZQUEZ REY, 1972).

O único castro de Mugardos que conserva algúns defensas é o das Escadas, pero actualmente está valado e no seu interior construíron unha casa. En canto ó castro do Eixo (nun outeiro, con terreos que baixan graduadamente de forma natural) e ó de Meá (preto da costa, sen defensas aparentes) non existen datos suficientes como para asegurar que son ou foron realmente castros. Unicamente unha actuación arqueolóxica nos sacaría de dúbdas.

Os topónimos relacionados cos castros consérvanse no das Escadas, xa que está situado no lugar chamado “*Os Castros*” e ademais unha pista que vai cara a el coñécese como “*carretera dos Castros*” (CARNEIRO et al, 1998). Tamén coñécese como “*O Castro*” a zona onde está situado o de Cervás.

Outros topónimos indicativos de castros son : “*Vila dos Mouros*” en Lubre, inda que o castro xa non existe, e “*Punta Mourón*”, onde si sobrevive o castro.

Por último, outros lugares conservan o topónimo pero non así o xacemento. É o caso do lugar de “*O Castro*”, onde estivo situado o de Ares. “*Agro do Castro*”, onde se localizaba o de Lubre. “*Camiño do Castro*” ou “*O Castro*”, en S. Xoán de Piñeiro, do que nos dixerón que “*había un castro que fixeron os mouros*”. “*O Castro*”, na Pedreira (Meá). No caso deste último topónimo non podemos asegurar se houbo ou non un castro alí, pois non se conserva ningún resto que puidemos considerar castrexo e tampouco existe folclore.

O FOLCLORE DE ARES E MUGARDOS

A pesar de seren dous dos concellos máis pequenos de Galicia, Ares e Mugardos posúen unha extraordinaria variedade de lendas de tradición oral. Practicamente todos os motivos que atopamos noutras lugares da nosa terra teñen tamén aquí a súa representación. Inda que nas cataloga-

ciós feitas anteriormente (vid. supra) se facía máis fincapé nos aspectos materiais e estructurais dos xacementos arqueolóxicos, nalgúns casos recollíase tamén algunha sinxela mostra de folclore.

Aquí trataremos de afondar nos restos orais transmitidos polos nosos ancestros de xeración en xeración.

Os motivos recollidos neste traballo pódense dividir en dous grandes grupos: en primeiro lugar as lendas relacionadas con castros e en segundo lugar as lendas relacionadas coa auga, inda que neste último caso é difícil separar ás veces a narración de orixe castrexa coa orixinal referente á auga, pois os castros soen estar próximos ás fontes, sobre todo cando o territorio obxecto de estudio é pouco extenso, como é o caso da nosa bisbarra.

Como non podía ser doutro xeito, as lendas más abundantes teñen que ver cos “*mouros*” como constructores dos castros e tamén con temas relacionados con estes, como é o caso dos túneles e as covas; nun único caso atribúese a construción do castro ós “*romanos*”. En segundo lugar temos recollido o motivo do “*trasno*” e o da “*galiña con pitos*”. Por último, englobamos no tema da auga: “*o encanto-a serpe*”, “*a cidade asolagada*” e “*A Virxe-Sta. Lucía*”.

Os Mouros

Nos castros catalogados nas dúas publicacións anteriores (vid. supra) facíase referencia ó folclore de mouros, en todos os casos moi vagamente. Realmente, como veremos máis adiante, o folclore relativo ós castros é cada vez más escaso. Existe un xacemento arqueolóxico no Seixo (Mugardos) que inda que non é castrexo (trátase dunha “*villa*” romana: *Noville*)⁴ posúe tamén folclore de mouros “*eses muros fixéronos os mouros*”.

Outro informador díxonos que “*os mouros viviron por toda a beiramar, eran brancos coma nós e nós descendemos deles. Fixeron un ‘convento’, pero fórone cando Abd-el Krim foi derrotado*”. O paisano indicounos o lugar do “*convento*”, que resultou ser o xacemento tardorromano de Noville⁵. Preto dese lugar existe unha fonte chamada “*fonte da moura*”, da que non recollimos ningún tipo de folclore.

Nesta información oral vemos como co tempo se vai deturpando a historia. Por unha parte dise que os mouros eran brancos coma nós (tiñan que ser así, xa que logo descendemos deles) e despois introducíse na lenda a un heroe mouro (do norte de África) que loitou contra os españois na Guerra de Marrocos, a principios dos anos 20 deste século.

4. Pódese consultar unha excelente e completa información sobre Noville en (PEREZ LOSADA, 1997).

5. Estes datos foron obtidos durante a realización dun traballo de curso da Facultade de Xeografía e Historia de Compostela, trece anos antes da escavación levada a cabo en Noville. Tamén preto de Noville, en Santa Lucía, aparecen restos de estructuras de ladrillo e téglula que o mar se vai levando pasenxo.

Pódese observar como nos relatos do imaxinario popular a realidade histórica e a ficción se mesturan, sen definir os límites entre ambas e imprimíndolle lóxica a unha anacronía histórica.

Unha característica común a todos os castros de Bezoucos é que “*foron feitos polos ‘mouros’*”. Nalgún deles mesmo agachaban tesouros, como o da raíña moura do castro de Cervás (op. cit. 1985 e 1987). Tamén hai algúns casos no que a autoría da construción do castro atribúese a outros personaxes, xa históricos, xa fantásticos, que a lenda mestura.

Interesante resulta o folclore dun castro xa desaparecido, pero do que se conservan dous microtopónimos: ‘*Vila dos Mouros*’ e ‘*Agro do Castro*’, preto da actual igrexa de Sta. Eulalia de Lubre⁶.

Do antigo castro inda se di que “*a xente levaba a pedra para facer as súas casas*”. Tamén o folclore do lugar se refire a que “*a igrexa de Lubre fixérona os romanos nunha noite e á mañá seguiente os veciños escoitaron tocar as campás*”. Neste relato, en vez de identificar os “*mouros*” como os constructores da igrexa, atribúese ós “*romanos*”. Xa vimos anteriormente como o termo “*romano*” é unha das denominacións con que o imaxinario popular galego identifica ós seres máxicos e poderosos, e vén a equivaler a “*mouro*”. Contamos con referencias similares a esta inda noutras áreas de Galicia, como é o caso da bisbarra de Bergantiños, investigada por RODRÍGUEZ CASAL (1975), onde curiosamente noméase ós “*romanos*” tamén como constructores dunha igrexa que hai no interior do castro⁷.

A lenda mestúrase coa historia no castro de Sta. Mariña⁸: “*dise que Napoleón estivo por aquí, instalouse no castelo de Sta. Mariña, onde hai un gran túnel*”. É certo que os franceses estiveron por estas terras durante a Guerra da Independencia (1808-1814), así como noutros lugares de Galicia, dando lugar a unha simbiose nos temas do folclore dos castros, ata o punto de identificar en moitos lugares de Galicia ós constructores dos castros cos franceses, dando a entender que son construcións moi antigas. No noso caso existe unha contaminación erudita e en vez de “*franceses*” noméase ó personaxe francés por autonomía do s. XIX: Napoleón. Non só en Galicia o imaxinario popular cita os franceses como constructores de castros; tamén en Portugal, Alemaña e outras rexións centroeuropeas son os franceses quen erguen as construcións antigas: castros, castelos, etc.(RISCO, 1927).

6. Esta igrexa construída no s. XV (inda que existen datos sobre outra igrexa anterior no mesmo lugar), cun estilo derivado do románico popular galego, ten unha entrada principal que, inda que de fábrica tosca, deixá ver trazos tipicamente renacentistas.

7. Pero tamén a denominación “*romano*” se utiliza popularmente en Galicia para designar unha construcción antiga, sen especificar época e mesmo para definir un tipo de fábrica utilizada ata finais do s. XIX e que era similar á romana (CAAMAÑO, 1984). No mesmo Ares temos un exemplo na chamada ponte da Ciscada, onde o pobo acompaña o adexecutivo “*romano*” cando fala dela, inda que a súa cronoloxía máis antiga non pase da época baixomedieval como moito, e máis posiblemente de principios da idade moderna, na que se fan obras deste tipo, e mesmo calzadas ou camiños lousados a imitación dos antigos, como outros exemplos similares coñecidos en concellos próximos: Neda, Narón... Outros autores (ALVARADO et al., 1991) datan no século XVII a construción da ponte da Ciscada.

8. Segundo López Ferreiro (1898) chámase así por ter existido unha ermida adicada a Sta. Mariña nunha rocha fronte ó castro.

En toda Galicia e tamén en Portugal e outras partes da Península, a construción dos monumentos prehistóricos é atribuída polo imaxinario popular a unhas xentes que tiñan grandes poderes máxicos (podían construir un gran edificio nunha noite). A xente do pobo adoita a darlle a estes seres fantásticos moitos nomes: romanos, fenicios, xentís, franceses, antigos, etc., pero sobre todo MOUROS.

Actualmente atopamos en moitos lugares do agro galego os topónimos “cova dos mouros”, “forno dos mouros”, “casa da moura”, “ pena da moura”, “casa dos mouros”, “fonte da moura”... que nos recordan as lendas transmitidas oralmente de xeración en xeración.

Os mouros son uns seres máxicos que podían aparecer e desaparecer en calquera momento e que tiñan agachados enormes tesouros nas mámoas e mais nos castros.

Ás veces os mouros desempeñan funcións ou tarefas semellantes ás de calquera mortal, mesmo os mouros dun castro poden rifar cos do castro veciño.

Naturalmente, non traballaban, tiñan todo o tempo de lecer e as mouras adoitaban a pasar o tempo peiteando, cun peite de ouro, os seus longos cabelos loiros á beira dunha fonte, dun castro, dunha mámoa, etc.

Os mouros vivían baixo terra, na auga, dentro de covas, etc.; en xeral, en zonas de monte, lonxe da aldea, en lugares onde os labregos non van frecuentemente. Teñen útiles de ouro e cando establecen relación cun labrego ofrécenlle grandes riquezas a cambio dalgún favor e sempre con algúna condición que o labrego, por ambición e cobiza na maioría dos casos, incumple e polo tanto queda sen o tesouro (LLINARES, 1990).

As lendas sobre tesouros agachados nas mámoas ou nos castros teñen a súa referencia histórica: no ano 1609 o Licenciado Vázquez de Orxás pide permiso ó rei Felipe III para abrir as mámoas dos “gentiles galigrecos” e sacar os tesouros que agachan no seu interior. O rei concédeille o permiso a cambio dunha parte proporcional do ouro recollido. Os labregos, enteirados desto, láñanzan a escavar nos restos arqueolóxicos en busca dos imaxinarios tesouros. Algún tempo despois sae do prelo un libro anónimo que corre secretamente de man en man por temor á Inquisición. Neste libro, ademais de diversas fórmulas de encantamentos e feitizos, cítanse os lugares de Galicia onde hai agachados tesouros: trátase do famoso *Gran Libro de S. Cipriano o los tesoros del Hechicero*, coñecido popularmente como o “Cipriánillo”, onde se di: “Tódolos tesoros e encantamientos do Antigo Reino de Galicia se atapan en acubillos subterráneos e a pouca distancia dos nacementos de auga”.

A consecuencia de todo esto foi a destrucción de numerosos castros e dunhas tres mil mámoas en toda Galicia, e inda hoxe é imposible atopar unha en bo estado, presentando todas un buraco na súa parte superior froito destas violacións.

Túneles e Covas

Verbo destes termos, atopamos en Santa Lucía (Meá) o testemuño de que “*preto da ‘fonte da moura’ hai unha cova, que inda ninguén atravesou e que vai dar a un sitio chamado ‘cova dos mouros’, que é a saída*”. A correspondencia a esta lenda témtola tamén na outra entrada da cova, que está situada preto do castro de Santa Mariña, en Cervás: “*Desta cova disque era onde sacaban mineral os mouros*”. Tamén se relaciona con feitos acontecidos en época moderna e mesmo contemporánea: “*nesta cova era onde se refuxiaban os xudeus das persecuciós dos Reis Católicos*”, e inda máis: “*na cova escondíanse os escapados canda a Guerra Civil*”.

Historicamente é certo que houbo en Ares unha importante comunidade xudía e mesmo contaba con sinagoga. Tamén temos datos de que nas zonas de Ares e Mugardos, sobre todo, houbo unha gran represión durante a posguerra.

A cova ten bastante antigüidade pois a ela refírense algunas lendas na idade media, co nome de ‘*Bocas do Sangue*’ e están recollidas por CARRÉ ALDAO na súa *Geografía General del Reino de Galicia*.

Teoricamente a cova atravesa a península de Bezoucos en dirección nordeste-sudoeste cunha lonxitude de preto de 4 kms. en liña recta.

As galerías ou covas antigas das que se conservan lendas relacionadas cos mouros son moi abundantes. Desde hai moitos séculos fanse galerías de prospección mineira, polo que existen covas con varias entradas ou galerías abertas por varios sitios próximos entre si, pero que non teñen comunicación. Así, a esta cova atribúeselle outra abertura polo lugar das Matas, en Chanteiro, a case 1 km. de distancia cara ó oeste da entrada por Santa Mariña.

Segundo NAVEIRO (1994) ó longo da Historia “*escaváronse minas de auga ou galerías de moi diversos tamaños, (inda que neste caso inusualmente longa, uns 150 m. aproximadamente) que buscan a capa freática horizontalmente, como é o caso da Cova dos Mouros*”.

É curioso como unha fortificación de defensa da ría de Ares, do s. XVIII, (hoxe practicamente non queda nada dela) chámánlle “*castelo dos mouros*”: “*había un túnel que saía do castelo e chegaba ata Cervás*”. Probablemente refírase a unha comunicación, especie de trincheira natural que iría bordeando a costa, seguindo o camiño, ata chegar a outra batería de costa (hoxe inexistente) que estaría situada no castro de Sta. Mariña (Cervás), aproximadamente a uns 3,5 kms. de distancia.

Unha lenda relacionada cun túnel aparece no castro de Punta Mourón, en Caamouco. O castro é un asentamento costeiro, nunha península, fronte ó que se sitúa unha pequena illa : “*existe un túnel entre o castro e a illa*”. Unha lenda similar cóntase do castro de Lobadiz, na Mariña,

en Ferrol, pero en vez de túnel o contacto establecécese por medio dunha ponte elástica, que chega ás illas Gabeiras, onde hai unha fonte.

As lendas que relatan este tipo de comunicaciós, xa sexa entre castros, entre castros e ríos, ou entre castros e mar, están documentadas noutros lugares, como por exemplo, en Outes, A Baña, Muxía... (cit. en LLINARES, 1990). Probablemente indiquen referencias de antigos vencellamentos entre castros ou aldeas e tamén sexan vestixios da importancia que a auga tiña como elemento imprescindible de supervivencia para a comunidade.

O Trasno

Sobre este tema, dentro da mitoloxía popular galega, temos varias versiós en Ares: “*preto do castro, baixando cara á costa había unha cova onde vivía un trasno e o que se acercaba á cova afogaba*”. Outra versión di que “*a xente que pasaba por riba da cova e escoitaba ruído, se miraba para atrás, saía o trasno e pechábaa dentro*”. “*O trasno podía converterse en galo, burro ou cabalo. Cando o trasno se convertía en galo, avisaba das invasións viquingas*”. Por último, outro testemuño fálanos de que “*o trasno non estaba nunha cova, senón que era unha rocha de forma estraña que se convertía no trasno*”.

Nestas variadas versiós mestúranse folclore e cultismos: o trasno e as invasións viquingas, así como algunha similitude con algúin relato de tradición bíblica (o caso da muller de Lot). As analogías bíblicas mesturadas con lendas soen ser normais a partir da baixa idade media e estenderanse por toda a Europa cristiá.

Verbo das invasións viquingas, estas foron sufridas por toda esta área desde a primavera de 844, na que está documentado o primeiro ataque, ata o século XIº. Posiblemente a identificación trasno-galo, en relación cos ataques viquingos, sexa unha reminiscencia de algúin tipo de aviso ou alarma dada desde o lugar no que se supón que habitaba o trasno (Castro de Ares ou contrafrente rochoso, con función de atalaia para estes casos, xa que desde eles se posuía unha gran visibilidade).

Non cabe dúbida de que o fondo da lenda: o trasno, vaise transformando ó longo do tempo ata chegar á variedade que presenta na actualidade. A figura do trasno está documentadas noutras moitas zonas de Galicia. Os trasnos (lat. transgredi) son seres que xogan coa xente e a enganan de mala maneira, pero sen lles facer moito dano. Son pequenos demos que poden aparecer de calquera forma, de persoa ou de animal: besta branca ou mesmo na forma de galiña con pitos, (CARRE, 1968). Viven en covas que teñen unha entrada fixa e son inofensivos e travesos, de aí venir “*facer trasnadas*” (FRAGUAS, 1993). O trasno ten relatos similares en Portugal e relaciónnaselle cos fillos das ‘xanas’ asturianas, os ‘korrigan’ de Bretaña e o ‘troll’ escandinavo (RISCO, 1962).

9. Unha das derrotas más soadas sufridas polos viquingos tivo lugar nestas terras no ano 970, cando estes esperaban embarcar nas costas das rías de Ares e Ferrol, despois de saquear varias comarcas. Os galegos ó mando do conde Gonzalo Sánchez atacáronos e impediron que os escandinavos fuxiran co seu botín: recuperouse este; os prisioneiros que levaban foron liberados e as naves incendiadas. (MORALES, 1997).

A galiña con pitos

Chámase Fonfría a unha poza formada por un pequeno regato que logo dun treito baixo terra volve saír á superficie no lugar de Augamexa (Lubre, Ares). Actualmente a Fonfría está totalmente cuberta por toxos e silveiras que dificultan enormemente a súa localización, pero nembarantes posuía un riquísimo folclore (do que falaremos nesta e na próxima alínea) que na actualidade está a piques de desaparecer. Fálase vagamente de que “*na Fonfría hai unha galiña con pitos*”. Non se especifican más circunstancias desta aparición, que está documentada noutros lugares de Galicia de maneira más extensa: hora do día ou da noite en que sae, época do ano en que aparece, número de pitos, relación coa auga, castros ou tesouros, etc. Sen dúbida esta lenda foi más extensa en tempos pasados e foise perdendo pasenñamente ata chegar ó mínimo que se narra actualmente.

Como xa dixemos, a galiña con pitos é un tema da tradición oral galega amplamente estudiado. É sinal de tesouro e así aparece consignado nas declaracíos das testemuñas dos procesos de Vázquez de Orxas, a principios do século XVII (CUEVILLAS, 1928). Dise que aparece á beira dunha fonte ou dun regato. Cando se queren coller os pitos, estes esbarriánse. A galiña é un encanto e soe aparecer tamén nos castros como sinal de tesouro (RISCO, 1994). Este tema é recorrente e existe en Galicia, Portugal e Asturias e mesmo en gran parte de Europa. Hai veces en que os pitos son de ouro, pois cítase que “*dunha fonte saíu unha galiña de ouro cos seus pitos, é sinal de tesouro*” (...) “*Popularmente en Centroeuropa chaman ‘galiña con pitos’ ás Pléiades*” (CUEVILLAS, op. cit.).

Ás veces relaciónaselle co trasno, do que xa falamos, pois dise que o trasno pode converterse en galiña con pitos de ouro. Tamén está relacionada con castros e mouros, pois estes tamén realizan actividades semellantes ás humanas: crían galiñas. A galiña cunha rolada de pitos pode ser un encanto ou ser o propio tesouro encantado. Ás veces aparece na noite de San Xoán e para desencantala había que lle tirar un pano enriba e así a persoa que o fixera podía ser rica toda a vida (CARRE, op. cit.). Este recurso para desencantar a galiña cos pitos repítese en moitos lugares de Galicia: aparece a idea de que tirando algo propio enriba dunha cousa, a persoa que o fai aprópia-se dese obxecto (LLINARES, op. cit.).

No medio rural galego a galiña é un animal vencellado á muller, xa que é ésta quen cría as galiñas. A pesar da súa importante utilidade económica é un animal menospreciado. (VV.AA., 1998) A galiña non sae ben parada nos refráns populares galegos, que dan toda a importancia ó porco como sostén da economía caseira¹⁰.

10. Un ilustrativo exemplo desto podería dalo a actitude do meu propio avó. Viviu case cen anos. Era natural de Marmancón, parroquia rural pertencente na actualidade ó concello de Ferrol. Sempre rexeitou a carne de galiña ou polo. A base da súa dieta era a carne de porco, igual que na maioría das aldeas galegas.

Se nos remitimos á antigüidade clásica, podemos dicir que a galiña branca era un animal de bo agiro para os romanos. Suetonio narra que unha aguia deixou caer sobre o colo de Livia (dona de Augusto) unha galiña branca cun ramo de loureiro.

Por último, existen tamén representacións artísticas co motivo da galiña e os pitos, a más famosa é a da catedral de Monza, que representa unha galiña de ouro coa súa rolada de sete pitos. Formaba parte dos regalos que o papa Gregorio Magno douu ós longobardos pola súa conversión ó catolicismo (S.VII). Posteriormente o rei Agilulfo e a raíña Teudelinda ofrecéronlla, xunto con outros regalos, á catedral de Monza. A peza está atribuída a un artesán longobardo, pero a súa procedencia non está determinada, descoñecéndose se artisticamente o motivo xa era coñecido en Roma e foi transmitido ós artesáns bárbaros ou se foron estes os que introduciron un motivo que xa lles era propio.

LENDAS RELACIONADAS COA AUGA

Unha das dificultades que se presentan ó compilar temas do noso folclore é a da súa clasificación. A aleatoriedade dos motivos é enorme e moitos pódense incluír en distintas clasificacións xa que as historias que narran poden participar, sen temor a equivocarnos, nos distintos capítulos que aquí nos ocupan.

A relación das augas coas divindades, a sacrалidade desta, etc. foi un tema analizado desde moi antigo. Ultimamente foi estudiado pola Dra. GARCIA FERNANDEZ-ALBALAT (1996), a quen seguimos nesta pequena introducción.

Moitos dos deuses e heroes da antigüidade nacen preto de ríos ou de fontes: Hera, Atenea, Dionisos, Artemis. Teñen en común co resto das divindades acuáticas o poder de metamorfosearse, de seren deidades medicinais, protectoras dos nacementos e a cualidade da fecundación. As divindades das augas na antiga Grecia posúen unha gran capacidade para asumir formas estrañas, xeralmente para fuxir dalgun perigo. Pero son divindades ambiguas, xa que poden ser malignas ou benfeitoras, é dicir, que non por ter unha relación coa auga xa se poden clasificar cun único atributo.

Na Galia todas as deidades se asocian á auga, así que non poden ser definidas únicamente por esa relación. É dicir, non existen deusas propriamente da fecundidade ou da auga, fontes, etc., senón que poden ter moitos outros atributos e a auga é só un deles, pero non o exclusivo.

Entre as lendas que consideramos capaces de incluír no tema relacionado coa auga, con pleno dereito, están as de serpes, cidades asolagadas e vírxes ou santas.

O Encanto - A Serpe

Temos en Ares unha lenda ó redor dun ‘*encanto*’ e/ou á ‘*serpe*’. Ten lugar na mesma fonte que analizamos na alínea anterior: Fonfría (localizada aproximadamente a 1 km. ó SW. do lugar

onde estaba situado o castro de Lubre). “*Disque na Fonfría hai unha nena encantada*”, e tamén que “*na Fonfría había un ‘encanto’ que consistía nunha serpe que saía polo cano da fonte e, se picaba a alguén, esa persoa morría depois de que lle ocorreren unha morea de desgracias. Nembargantes se algunha persoa tocaba a serpe e esta non lle picaba, a serpe convertíase en ouro, sendo esa persoa agraciada para toda a súa vida*”.

Este tipo de narracíós populares teñen paralelos noutros lugares da nosa terra e en moitas ocasións están relacionadas con fontes ou ríos. A serpe soe ser unha moza (unha ‘nena’ nesta versión) ou unha moura que ficou encantada á espera de que alguén desfaga o feitizo. Quen consiga desencantala (dándolle tres bicos, por exemplo) casará con ela e terá enormes riquezas. Están documentadas lendas sobre serpes na Illa de Ons, Carral, Arzúa, etc. (GONZALEZ, 1995). CARRE (op. cit.) recolle unha lenda similar na que a cobra está na beira do río e que se transforma nunha bela muller despois de que un mozo lle dá tres bicos. Os dous casan e disfrutan dos tesouros do encanto. Na península do Barbanza recóllese outra narración oral parecida: trátase dunha serpe que garda tesouros e haille que dar bicos para apropiarse deles (CUEVILLAS, op. cit.).

Nas augas moran ‘*encantos*’ que dispoñen de grandes tesouros que ofrecerán a quen os desencante (BOUZA, 1942) e tamén os númeres acuáticos, que no noroeste inda perviven baixo diversos nomes: mouras, encanto... todos se aloxan en mananciais e ás veces fánselles ofrendas.

A serpe maioritariamente está vinculada á moura que se aparece no castro, monte ou fonte. Hai casos nos que se especifica que a fonte está próxima a un castro, por exemplo.

As lendas sobre serpes relacionadas con castros ou fontes aluden a cultos ofiolátricos pre-cristiáns. CUEVILLAS e BOUZA BREY (1929) deducen, despois de faceren unha historia comparada das relixións, que a serpe ten a súa orixe nunha superposición de crenzas análogas xeradas en pobos distintos baixo forma de totem ou como obxecto de culto. A serpe preséntase sempre cun dos seguintes aspectos: 1/ totem; 2/ numen da fertilidade e das augas; 3/ divindade solar. Pódese rastrexar unha relación da serpe coa auga, a fertilidade, o feminino, a Lúa ou o elemento ctónico, xa desde o neolítico. Algún autor ve nas historias de serpes do folclore galaico reminiscencias dun matriarcalismo de orixe neolítica (APARICIO, 1995). Na época megalítica a serpe ten relación coa idea da eternidade, a inmortalidade e o rexuvencemento, debido ó troco de pel que efectúa este animal e polo círculo que produce ó morder o rabo.

Pode asociarse a elementos negativos: vive baixo terra; e a elementos positivos: os tesouros que agacha (CALO e RODRIGUEZ, 1979).

No noso folclore a serpe ten tres papeis principais: 1/ como garda de tesouros; 2/ como muller encantada que busca o encontro de persoas para deixar de ser serpe gracias a un desencantamento; 3/ como inimiga das persoas, que atemoriza, pero con desenlace case sempre favorable para os humanos.

A serpe asóciase á muller como idea vencellada a un posible culto luar que se relaciona á súa vez coa idea de fertilidade. Xa vimos como para desencantar á serpe hai que lle dar tres bicos ou ás veces arrincarlle un caravel que leva na boca: o que se asocia a unha idea sexual de desfloración (HIDALGO, 1981). A idea de fertilidade relacionada coa serpe está claramente demostrada no castro de Penalba, onde existe no medio do castro unha pedra con dúas serpes entrelazadas. O folclore do castro quere que as parellas con problemas de fertilidade acudan alí a realizar o acto sexual para ter descendencia¹¹.

As facultades curativas da serpe son coñecidas desde moi antigo. Na antiga Grecia, a serpe é o animal que identifica a Asclepio (deus da Medicina) e mesmo na actualidade simboliza o poder curativo e medicinal da Farmacia.

As lendas sobre serpes tiveron unha ampla difusión na literatura culta e popular a partir do cristianismo medieval. Estas lendas estaban baseadas na tradición bíblica da serpe como símbolo do pecado e circularon por toda Europa (GONZALEZ, op. cit.).

A identificación Biblia-serpe-moura-muller fermosa está no noso imaxinario popular e relaciónase co poder de seducción e a sexualidade salvaxe (bicos, desfloración) á que hai que acudir para desencantar a serpe. Para CRIADO (1986) o desencantamento do mito equivale na realidade ó acto sexual. A serpe vive na auga, é dicir, sitúase á marxe da vida humana, normal, terrestre e garda un tesouro, o que a fai un ser cobizable, ademais de pola súa fermosura física, pola súa riqueza mítica.

Para este autor, a pervivencia do mito da serpe no folclore non ten nada que ver cos mitos, tradicións e ritos de época prehistórica.

A cidade asolagada

Outro interesante aspecto do noso folclore, e que tamén temos representado en Ares, é o tema das cidades asolagadas. As informaciós coinciden en sinalar que a vila antiga foi asolagada, pero a diferencia entre as distintas versións estriba no lugar onde estaba situado o antigo pobo.

“A vila de Ares está agora nun lugar de nova fundación, a vila antiga estaba situada nou - tro sitio pero foi asolagada e os seus habitantes volveron a construir un novo pobo, que é o actual”. A maior parte das versións insisten en que “*o antigo pobo estaba no lugar da Xunqueira*”. Outras apuntan a que “*a orixe de Ares está en Besoxo, onde antes había unha ermida adicada a San Andrés*”. Finalmente dise que “*a antiga vila estaba, antes de ser asolagada, no lugar das Balsas*”.

11. Comunicación verbal do arqueólogo, escavador do castro de Penalba, Antonio Alvarez Núñez.

O que teñen en común os tres lugares citados é que están situados cara ó norte da Vila, son zonas de gran humidade e soen ter auga empantanada. O mesmo microtopónimo ‘Xunqueira’ presupón que é un lugar onde medran as plantas que precisan solos encharcados.

Outro dato de folclore relativo a cidades asolagadas lévanos a Figueirido, zona situada a 3km. ó oeste de Ares, un lugar de cantís con abrigos para pequenas embarcaciós de pesca, do que se di que “existía unha antiga aldea e debido a un cataclismo ésta asolágase”.

Segundo CARRE (1929) en todos os esteiros da costa galega, terreos pantanosos, xuncais, etc. vive e perdura a crenza dunha cidade asolagada.

O tema das cidades asolagadas é tan antigo como a Humanidade. Xa na Biblia (Diluvio Universal) ou na mitoloxía grega (mito da Atlántida) cítanse os casos de civilizacións perdidas debido á súa Soberbia e Ambición. Este tema cristianízase no medievo dando lugar a lendas similares por toda Europa: un pobo é asolagado por mor dos pecados cometidos polos seus habitantes, inda que nalgunha ocasión se permite a salvación dalgúns inocentes.

Moitas das cidades que fican asolagadas teñen o nome de Valverde e permanecen na actualidade no fondo dunha lagoa. Xa a mediados do século XVIII, Fr. Martín Sarmiento, na súa obra “Viaje a Galicia”, cita a cidade de Valverde asolagada no lago de Doniños.

O profesor Monteagudo (1957) relaciona estes mitos como reminiscencias de hábitats palafíticos da idade do bronce. É posible que en moitos lugares onde existe este mito houbera noutra un asentamento humano: na lagoa de Doniños atopouse unha frecha de sílex tallado e postes carbonizados (de la IGLESIA, 1907). De Figueirido (Cervás, Ares) dise que primeiro foi porto fenicio e logo romano. Atopáronse tellas do país e pedras talladas a man¹².

Cítanse cidades asolagadas en Doniños, Carregal (onde existiu unha cidade feita polos mouros ós que Carlomagno e os Pares de Francia botaron), Antela, O Feal Grande (Cedeira), Lagoa da Rega ou Lucerna (Valdoviño), O Roxal (Neda), Orzán (A Coruña)...

O certo é que este tema é recorrente en tódalas culturas e relixións e non se pode cinguir a unha en exclusividade.

Cando se cristianizan estos mitos na idade media, os pobos asolagados eran producto dunha vivencia continua en pecado por parte dos seus habitantes, polo que se utiliza a auga como destructora do pecado e ó mesmo tempo como rexeneradora e purificadora dunha nova vida, simbolizada nos escasos habitantes que logran salvarse do afogamento.

12. Polo de agora, e á espera dunha investigación en profundidade non hai datos que nos fagan pensar na existencia dun porto antigo, pois os achados están descontextualizados e as formas toscas da talla da pedra non son indicativas de antigüidade, xa que se empregan mesmo na actualidade en todos os sitios mariñeiros como ‘poutadas’: pesos de rede, de áncora...

A Virxe - Sta. Lucía

Consérvanse en Ares e Mugardos dúas lendas similares referidas nun caso á Virxe e noutro a santa Lucía. A primeira lenda ten lugar en Chanteiro (Cervás, Ares): “*Unha noite uns pescadores que estaban a faenar viron unha misteriosa luz en terra, desembarcaron e foron cara a ela. Cando chegaron onda ela resultou ser unha imaxe da Virxe que estaba a carón dunha fonte. Máis tarde nese lugar fixose unha ermida e á fonte chamóuselle a Fonte da Virxe*”.

A segunda lenda transcorre en Meá (Mugardos): “*Hai moitos anos apareceu unha imaxe de santa Lucía nas redes duns pescadores. Empezouse a facer unha capela para a santa pero esta desapareceu. Ó cabo dun tempo a imaxe volvے a aparecer na Cova dos Mouros, onde hai auga doce, e de alí trasladárona á capela. Despois dun tempo desapareceu definitivamente*”.

Igual que vimos en alíneas anteriores existen elementos recorrentes en moitas das lendas estudiadas: fonte, cova, auga, virxe, etc.

No primeiro caso, a lenda da Virxe de Chanteiro ten lugar nos primeiros séculos do medioevo, inda que a ermida que existe actualmente foi mandada construír por Fernán Pérez de Andrade *O Bóo* en 1393.

Verbo da lenda de santa Lucía, pódese enmarcar cronoloxicamente na segunda metade do s. XVI, cando o confrontamento entre Inglaterra e España se agudiza por mor do anglicanismo militante da monarquía inglesa. Durante esta época, en Inglaterra son destruídas unha gran cantidade de imaxes da Virxe ou de santas que son guindadas ó mar (JUEGA, 1996). Moitas destas imaxes chegan ás costas de Galicia onde son atopadas por pescadores e onde serán veneradas ata a actualidade. Practicamente en toda a costa galega existen lendas deste tipo, nas que as virxes son recuperadas en similares circunstancias.

CONCLUSIÓNS

Todos os mitos analizados neste artigo poden dividirse en dous bloques (LLINARES e VAZQUEZ, 1990): en primeiro lugar está o grupo dos seres imaxinarios que teñen que ver co folclore de mouros: mouros/as, encantos, cobras, tesouros, galiñas, minas. En segundo lugar temos un grupo menos definido pero que ten relación con seres sacados da relixión campesiña: ánimas, tránsito, demo, urco.

A península de Bezoucos, a pesar de súa escasa extensión, posúe unha gran cantidade de xacementos arqueolóxicos, dos que únicamente un deles foi escavado con métodos científicos: trátase da ‘villa’ romana de Noville (ut supra) que na actualidade está nun estado de absoluto abandono.

MARTÍNEZ MARTÍNEZ, MARTÍN

“*Cartulario de Santa María de Carracedo. Años 992-1274*”.

Instituto de Estudios Bercianos. Volumen I

Ponferrada, 1997

MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, GERVASIO

“*Documentos en gallego del monasterio de Montederramo: Siglo XIII*”.

Universidad de Valladolid

Año 1980

Tesis doctoral.

MARTÍNEZ SÁEZ, ANTONIO

“*El monasterio de San Salvador de Sobrado de Trives. Estudio histórico y diplomático*”.

Universidad de Granada

Año 1988

Tesis doctoral inédita.

“*Reconstrucción del archivo monástico de San Salvador de Sobrado de Trives en la Edad Media*” (con una tabla de reconstrucción del archivo y un estudio estadístico de la colección diplomática)

Boletín del Museo Provincial de Lugo. Tomo V

Año 1992. Páginas 207-232

MARTÍNEZ SALAZAR, ANDRÉS

“*Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*”.

La Coruña 1911

(Transcribe documentos monacales, entre otros de Sobrado y Monfero)

MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, ISIDORO

“*Alfonso VII dona a Armenteira el realengo de Gondes y Castromao y acota los términos del monasterio*”.

El Museo de Pontevedra. Tomo VII

Año 1951. Páginas 187-188

MIRAMONTES CASTRO, MARÍA

“*Catálogo da documentación medieval do Museo de Pontevedra*”.

Apéndice o catálogo de documentación medieval” (por FORTES ALÉN, MARÍA JESÚS y COMESAÑA MARTÍNEZ, MARÍA ANGELA)

El Museo de Pontevedra. Tomo L

Año 1996. Páginas 109-432

MONTERDE ALBIAC, CRISTINA

“*Diplomatario de la reina Urraca de Castilla y León (1109-1126)*”.

Colección textos medievales. Nº 91

Anubar Ediciones

Zaragoza 1996. 384 páginas

MONTERO DÍAZ, SANTIAGO

“*Colección diplomática de San Martín de Jubia (977-1199)*”.

El Eco Franciscano

Santiago 1935. 156 páginas

(Publicado también en el Boletín de la Universidad de Santiago. Tomo XXV. Año 1935)

MOURIÑO SERANTES, LINA

“*La colección diplomática del Tumbo C de Compostela (I parte)*”.

Santiago 1967

Tesis de licenciatura inédita.

(La parte II por Mercedes Extremadouro)

NOVO CAZÓN, JOSÉ LUIS

“*El Priorato Santiaguista de Vilar de Donas en la Edad Media (1194-1500)*”.

La Coruña 1986

Historia y colección documental.

PABLOS RAMÍREZ, JUAN CARLOS DE

“*El Tumbo de Caaveiro*”.

Universidad de Granada 1986

Tesis de licenciatura inédita

(Publicado en la revista *Cátedra*, Nº 3 y 4, Puentedeume 1996/97, con un total de 338 páginas, con la colaboración de José Ignacio Fernández de Viana y Vieites y María Teresa González Balasch).

PALLARES MÉNDEZ, MARÍA DEL CARMEN

“*El monasterio de Sobrado: Un ejemplo del protagonismo monástico en la Galicia medieval*”.

La Coruña 1979

PANIAGUA LÓPEZ, MARÍA LUZ

“*Colección diplomática del monasterio de Santa María de Oya (1198-1248)*”.

Santiago 1967

Tesis de licenciatura inédita.

PARADELA, BENITO

“Documentos del monasterio de Montederramo”.

Boletín Comisión Provincial Monumentos Histórico-Artísticos de Orense. Tomo IX, años 1930-32, páginas 201-205 y 269-270. Tomo X, años 1933-35, páginas 113-114, 165-166 y 218-220. Tomo XI, años 1936-38, páginas 87-96.

PEÑA GRAÑA, ANDRÉS

“Narón, un Concello con historia de seu”.

2 tomos

Concello de Narón 1992

(Transcripción de numerosos documentos de San Martín de Jubia y San Salvador de Pedroso).

PERALTA, TOMÁS

“Fundación, antigüedad y progresos del imperial monasterio de Nuestra Señora de Osera de la Orden del Císter”.

Madrid 1677

Reeditado por la Xunta de Galicia, 2 tomos, Santiago 1996, con la prolongación hasta la actualidad por Fray Damián Yáñez Neira

PEREIRA FERREIRO, SARA

“El monasterio de Santa María de Junquera de Espadañedo y su colección diplomática”.

Año 1965

Tesina de licenciatura inédita.

“El monasterio de Santa María de Xunqueira de Espadañedo y su colección diplomática”.

Boletín Auriense. Tomo IX

Orense 1979. Páginas 151-230

PÉREZ GONZÁLEZ, MAURILIO

“Crónica del Emperador Alfonso VII (Chronica Adefonsi Imperatoris)”.

Léon 1993. Páginas 83-213 de *El Reino de León en la Alta Edad Media.* Tomo IV.

La monarquía (1109-1230)

PÉREZ PEREIRA, ANTONIO

“Bula del Papa Alejandro IV por la que se erige en Abadía secular la iglesia de Santa María del Campo”.

La Coruña 1994. 28 páginas

PÉREZ RODRÍGUEZ, FRANCISCO JAVIER

“El monasterio de Santa María de Melón en el siglo XV”.

Santiago 1987

Facultad de Geografía e Historia de la Universidad de Santiago

Tesina inédita

PIÑEIRO CANCIO, JOSÉ VICENTE

“*Memorias y colección diplomática para la historia de la ciudad e iglesia de Lugo*”

Manuscrito en folio en 5 tomos

Archivo Catedral de Lugo

Piñeiro fué Doctoral II en la Catedral de Lugo de 1761 a 1775, y Juez del Fuero de 1767 a 1775, año en que pasó a la de Compostela)

PORTEA DE LA ENCINA, ANTONIO

“*Aportación al estudio del monasterio de Caaveiro, con Apéndice Documental*”.

Estudios Mindonienses. Nº 2

Año 1986. Páginas 225 a 258

PORTELA SILVA, MARÍA JOSÉ

“*Colección diplomática de la Catedral de Lugo: Siglos XIV y XV*”

Santiago 1992

Tesis doctoral inédita.

“*Repertorio para las escrituras antiguas del Archivo Bajo. Catálogo del Archivo Monacal de Oseira en 1629*”.

Santiago 1993. 494 páginas

(En colaboración con Margarita Garrido y Miguel Romaní)

POSADA, MARÍA GUADALUPE

“*Documentos del notario Pedro de Lagea para la Catedral de Tuy (1328-1348)*”

Sin fecha

Facultad de Geografía e Historia de la Universidad de Santiago

Tesis de licenciatura inédita.

QUINTANA PRIETO, AUGUSTO

“*El monasterio de San Juan de Camba*”

Compostellanum. Tomo XIII. Nº 2

Santiago 1968. Páginas 241-285

RECUERO ASTRAY, MANUEL

“*Regesta de documentos del Rey Alfonso VII (1126-1157)*”.

Madrid (hacia 1979)

Parte de la Tesis Doctoral.

“*Documentos medievales del Reino de Galicia: AlfonsoVII (1116-1157)*”.
A Coruña 1998. 302 páginas.
Editado por Xunta de Galicia.

REIGOSA LORENZO, RAFAEL

“*Colección diplomática del Monasterio de Monfero. Edición, prólogo y notas del Cartulario*”
Universidad de Madrid 1948
Tesis doctoral inédita

REY CAÍNA, JOSÉ ANGEL

“*Abadologio del monasterio de Santa María de Ferreira de Pallares*”.
Boletín del Museo Provincial de Lugo. Tomo V
Lugo 1992. Páginas 55-89

“*Tumbo de Lorenzana*”.
Estudios Mindonienses. Nº 8
Mondoñedo 1992. Páginas 11-324
(Junto con Rodríguez González)

RODRÍGUEZ CANCIO, MARÍA REGINA

“*El dominio monástico de San Julián de Samos. Siglos IX-XIV (850-1325)*”.
Santiago 1978
(Transcribe la documentación de Samos del siglo XIII del Archivo Histórico Nacional)
Tesis de licenciatura inédita.

RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, CARLOS

“*Colección diplomática de San Vicente del Pino*”.
Universidad de Granada 1990
Tesis doctoral inédita.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, ANGEL y REY CAÍNA, JOSÉ ANGEL

“*Tumbo de Lorenzana*”.
Estudios Mindonienses. Nº 8
Mondoñedo 1992. Páginas 11-324

RODRÍGUEZ NÚÑEZ, CLARA

“*Santa María de Belvís, un convento mendicante femenino en la Baja Edad Media. Colección documental*”.
Estudios Mindonienses. Nº 5
Mondoñedo 1989. Páginas 335-485

“*La colección documental de Santa Clara de Santiago (1196 a 1500)*”.
Liceo Franciscano. Año XLV (2ª época). N° 136-138. Enero-Diciembre 1993
Santiago 1993. 408 páginas

RODRÍGUEZ SUÁREZ, MARÍA PILAR

“*Memorial y Tumbo de cartas y foros del monasterio de Osera*”.
Santiago 1991
Memoria de licenciatura inédita.

ROMANÍ MARTÍNEZ, MIGUEL

“*El monasterio de Santa María de Oseira. Estudio histórico*”
Santiago 1989

“*Colección diplomática del monasterio cisterciense de Santa María de Oseira*”
Transcripción de los documentos entre 1025 y 1310. Tomos I y II
Santiago 1989
Transcripción de los documentos entre 1310 y 1399. Tomo III
Santiago 1993

SÁEZ SÁNCHEZ, EMILIO

“*Cartas de población del monasterio de Meira*”.
Anuario de Historia del Derecho Español. Tomo XIV
Años 1942-43. Páginas 500-519.

“*El monasterio de Santa María de Ribeira. Historia y colección documental*”.
Madrid 1944

“*Notas al episcopologio mindoniense del siglo X*”.
Hispania. Tomo VI
Año 1946. 79 páginas

“*Documentos gallegos inéditos del período asturiano*”
Anuario de Historia del Derecho Español. Tomo XVIII
Año 1947. 34 páginas

“*Notas y documentos sobre Sancho Ordóñez, Rey de Galicia*”
Cuadernos de Historia de España. Tomo XL
Año 1949. Páginas 25-104

SÁEZ, CARLOS y SÁEZ, EMILIO

“*Colección diplomática del Monasterio de Celanova (842-1230)*”.

Tomo I, años 842-942
Colección Galicia. N° 1
Universidad de Alcalá de Henares
Año 1996. 210 páginas

SALVADO MARTÍNEZ, BENITO
“*Tumbo de Toxosoutos. Siglos XII y XIII*”.
Compostellanum. Volumen 36. N° 1-2
Año 1991. Páginas 165-232

SÁNCHEZ BELDA, LUIS
“*Documentos reales de la Edad Media referentes a Galicia*”.
Madrid 1953
(Catálogo de los conservados en la Sección Clero del Archivo Histórico Nacional)

SÁNCHEZ SANDE, CARMEN
“*El convento de Santa Catalina de Montefaro*”.
Universidad de Santiago 1964
Tesis de licenciatura inédita.

SERRANO Y SANZ, MANUEL
“*Documentos del Cartulario del monasterio de Celanova*”.
Boletín de la Biblioteca Menéndez Pelayo. Tomo III. Páginas 263-278 y 301-320
Santander 1921.

“*Documentos del monasterio de Celanova (años 975 a 1164)*”.
Revista de Ciencias Jurídicas y Sociales. Tomo XII. Año 1929. Páginas 5-47 y 512-524.

SOTO LAMAS, M.T.
“*La colección diplomática del monasterio cisterciense de Melón (Pergaminos de la Catedral de Orense). Siglos XII y XIII*”.
Año 1992
Tesis de licenciatura inédita.

SOUSA SOARES, TORCUATO
“*Documentos da fundaçao do mosteiro de Montederramo*”.
Revista Portuguesa de Historia. Tomo I. Año 1940. Páginas 172-175

VAAMONDE LORES, CÉSAR
“*Don García, Rey de Galicia, hace donación del coto de Meire al monasterio de*

San Antolín de Toques y a su Abad don Tanoi”.

Colección de Documentos Históricos del BRAG. Tomo I. Nº 9. Páginas 45-46

“Gonzalo Menéndez y su mujer y sus hijos hacen donación al monasterio de Monfero de la mitad de la iglesia de San Félix y de otros bienes”.

Colección de Documentos Históricos del BRAG. Tomo I. Nº 27. Páginas 108-109

“El caballero Fernán Pérez de Andrade dicta sentencia en un pleito litigado entre Pero Vello y el convento de Montefaro sobre la posesión del terreno llamado dos queimados, colindante con el atrio de la iglesia de San Martín de Porto”.

Colección de Documentos Históricos del BRAG. Tomo III. Nº 30. Páginas 93-102

“El Rey don Alfonso IX hace donación al monasterio de San Salvador de Bergondo de todo lo que le pertenecía en las feligresías de San Martín de Dans y de San Vicente de Morujo”.

Colección de Documentos Históricos del BRAG. Tomo III. Nº 16. Páginas 58-60

“Escritura de fundación del monasterio de San Vicente de Almerez”.

Boletín Real Academia Gallega. Tomo II

“Indice de documentos que pertenecieron al monasterio de Melón”.

Boletín Real Academia Gallega. Tomo I. Años 1906-07. Páginas 61-63, 91-92, 117, 164-165, 184-187, 212-215, 232-236 y 253-258.

“Ferrol y Puentedeume. Escrituras referentes a propiedades adquiridas por el monasterio de Sobrado en dichos partidos durante los siglos XII, XIII y XIV, precedidos de una breve reseña histórica de las granjas de Brion, Prioiro y Noguerosa”.

La Coruña 1909

“Escrituras de Santa Marina de Gomariz (Granja de Toxosoutos)”.

Boletín Comisión Provincial Monumentos Histórico-Artísticos de Orense. Tomo IV. Años 1910-13. Páginas 95-99 y 115-119.

“Escritura otorgada por la infanta doña Paterna a favor del Abad don Sabarigo, por la que le hace donación del monasterio de Cines y de las iglesias de Cuiña, Salto, Mandayo, Cullergondo y Vivente. 27 junio 911. Privilegio de Ordoño II en 909”.

Boletín Real Academia Gallega. Tomo IV

Publicado en separata, La Coruña 1911

“Importante escritura de donación otorgada por don Bermudo, Rey de Galicia, a favor del monasterio de Canónigos de San Juan de Caaveiro. Año 934”.

Boletín Real Academia Gallega. Tomo XIV

Publicado en separata, La Coruña 1924.

VAQUEIRO DÍAZ, MARÍA BEATRIZ

“*Documentación monástica e particular do mosteiro de San Salvador de Celanova (Século XIII)*”.

Minius. Nº 6

Orense 1997. Páginas 51-72

VARELA ESPIÑEIRA, MANUEL

“*El monasterio de Santa María de Montederramo*”.

Santiago 1968

Tesis de licenciatura inédita.

VARIOS AUTORES

“*Documentos galegos medievales*”.

Logos. Tomos I y II

Años 1931-1936. Páginas 26-28 y 9-15

“*Documentos del archivo de la Catedral de Orense, publicados por la Comisión de Monumentos de la Provincia*”. 2 tomos

Orense 1917-1927. 575 páginas

Los autores principales son Manuel Castro y Manuel Martínez Sueiro

“*Colección de documentos históricos del Boletín de la Real Academia Gallega. 4 tomos (El 4º no se finalizó su publicación)*”.

La Coruña, 1915-1970

Boletín de la Real Academia Gallega. Tomos I al VIII. Nº 1 al 93

Boletín Comisión Provincial Monumentos Histórico-Artísticos de Orense

Orense, 1898-1960

VÁZQUEZ MARTÍNEZ, ALFONSO

“*Colección de documentos pertenecientes al Archivo de la S.I. Catedral de Compostela (Siglos XII-XVIII)*”.

Boletín Comisión Provincial Monumentos Histórico-Artísticos de Orense. Tomo XIII.

Años 1941-42. Páginas 35-72 y 89-128

“*Documentos pontificios de Galicia (1088-1341)*”.

La Coruña 1941

VÁZQUEZ NUÑEZ, ARTURO

“*Documentos históricos*”

Boletín Comisión Provincial Monumentos Histórico-Artísticos de Orense. Tomo I
Años 1898-1901. Páginas 33, 35, 69, 105, 124, 148, 170, 242, 257, 259, 273, 276, 278, 327,
338, 353, 356, 378, 379 y 393.

“*Bula de Alejandro III confirmando al monasterio de Oseira en la posesión de sus bienes. 4 julio 1161*”.

Boletín Comisión Provincial Monumentos Histórico-Artísticos de Orense. Tomo II
Años 1902-1905. Páginas 389-391

“*San Pedro de Rocas*”.

Boletín Comisión Provincial Monumentos Histórico-Artísticos de Orense. Tomo II
Años 1902-1905. Páginas 54-63

VIADER SERRA, JOSÉ

“*El archivo del monasterio de Santa Clara de Santiago. Estudio diplomático de su documentación durante el siglo XV*”.

Santiago 1975

Tesis de licenciatura inédita

YÁÑEZ CIFUENTES, CONCEPCIÓN

“*La formación y explotación del dominio territorial del monasterio de Caaveiro*”.

Universidad de Barcelona 1970

Tesis doctoral inédita

YÁÑEZ NEIRA, FRAY DAMIÁN

“*Documentos del monasterio de Ferreira de Pantón*”

Fondos documentales del Área de Historia Medieval. Universidad de Santiago. Facultad de Geografía e Historia.

ZARAGOZA Y PASCUAL, ERNESTO

“*La reforma monástica del monasterio de Santa María de Mezonzo (1498-1499)*”.

Compostellanum. Volumen 38. N° 3-4

Santiago 1993. Páginas 395-433

“*Procesos de reforma contra la abadesa de Lobios y la priora de Pesqueiras*”.

Compostellanum. Volumen 41. N° 3-4

Santiago 1996. Páginas 357-386.

URBANISMO BARROCO EN PONTEDEUME

Manuel Ignacio Ramos Díaz

INTRODUCCIÓN

Ó falarmos de arquitectura e urbanismo barroco, estamos a aludir ó mundo do visual, o óptico, da perspectiva documental e do dominio e a manipulación do espacio; dun mundo que vive portas a fóra e que se basea na teatralidade e "persuasión"¹ da súa imaxe. Dentro desta categorización estética, entran as construccions eumesas que representan ese barroco exemplar das pequenas vilas ás que alude Chueca Goitia². Un dos puntos de apoio da arquitectura barroca será a propia topografía do lugar onde quedará localizada a construcción, neste caso, a aba do monte Breamo e a marxe esquerda do río Eume; ambas as dúas condicionarán a morfoloxía urbana. Pero tamén temos que contar co factor histórico que Rossi define como "a cidade é na súa historia"³; así pois, o devir dos anos marcou a vila de Pontedeume. En primeiro lugar, a súa fundación rexia en 1270, para pasar como señorío a mans dos Andrade na centuria seguinte. Fernán Pérez de Andrade, co seu mecenado, marcará as pautas constructivas do Pontedeume moderno, servindo como modelo que se vai imitar e que ten a súa proxección no arcebispo Raxoy. O primeiro era un señor laico, con claros intereses de deixar mostras do seu mecenado como monumento á posteridade e marco da súa acción salvífica cara á consecución da vida eterna; o segundo, pertencente ó estamento clérical, áchase dentro do grupo de cabidos e prelados que Ortega Romero define como de "formación intelectual profusa e con grandes desexos de protexer as artes e as letras", particularmente frei Antonio Monroy (1668-175), como ponte do barroco, e Bartolomé Raxoi (1715-1772).

Sobre estes condicionantes, nos séculos XVII e XVIII, ventarase unha superestructura sociopolítica que, ó igual ca no resto de Galicia, se rexe por un dirixismo no que o Estado central se apoia na perfecta estructuración dos poderes e organismos locais. No caso eumés, o Estado delega nos condes de Lemos e Andrade, "señores" que propoñen todos os encargados do goberno político e económico local (alcalde maior e menor, rexedores, procurador xeral, alguacil, secretario do Concello, escribáns e procuradores)⁴.

1. RUPERT MARTIN, J. *Barroco*, 1986, 95

2. CHUECA GOITIA, F. *Resumen histórico del urbanismo en España*. 1968, 2183

3. ROSSI, A. *La arquitectura de la ciudad*, 1979, 64.

4. ORTEGA ROMERO, M^a Socorro. "Arquitectura barroca". *Historia del arte gallego*. 1982, 286

5. LÓPEZ CALVO, A. "O Libro rexistrador de propiedades do Concello no fondo do Patrimonio do Arquivo Municipal...". Rev. *Cátedra*, né4, 1997, 52

Por último habería que destacar o considerable número de artistas establecidos na vila durante este período, entres os cales Couceiro cita: o prateiro Pedro López Losada, o entallador Francisco López ou o pintor Alonso Boceta de la Fuente⁶; ós que habería que engadir os integrantes dos talleres transmeranos que aquí quedarían instalados, Toribio de la Vega⁷.

Todos estes condicionantes, históricos e xeográficos, definirán un casco urbano que, como veremos, dá mostras da súa preocupación pola estética da monumentalidade, e na que o utilitario e de resposta ás necesidades político-sociais, anque en pequena medida, tamén tiveron lugar.

ESPACIO URBANO E CONSTRUCCIÓN SOCIAL


Anteriormente aludimos á presencia do ideal constructivo de necesidade pública, este insírese a principios do século XVII nunha vila que se atopa constrinxida por un amurallamento medieval, xa configurado antes da concesión do señorío dos Andrade e que, durante os séculos XVII e XVIII, exercerán de soporte material para o cobro do dereito de portádego. Estas murallas áinda mantíñan retallos da súa estructura a finais do século XIX, como confirma a descripción dun anónimo: "... y una porción de muralla a la que, y otros de otros sitios, hay casas arrimadas por dentro y por fuera; y Norte la muralla y muelle de la marina, para que hay tres puertas,...". O férreo marco exercido por este lenzo mural é ainda hoxe visible na rúa da Tafona, así como a Corredoiras das Virtudes; as cales describen perfectamente o perfil do cerco, e mostran a expansión extramuros debida ás necesidades creadas polo crecimiento demográfico e económico. No interior do cerco é apreciable o respecto que se tivo co seu trazado reticular (lam.1), demostrando uns ideais urbanísticos barrocos que conceden maior importancia ó ornato e saneamento cá derruba masiva e planificación ex-novo. Malia que, tralo pavoroso incendio de 1607, puideron ter transformado de forma radical todo o seu casco urbano. A crónica describenos a situación tralo incendio: "que en once de Agosto de dicho año de 1607 se encendiera, en la referida Villa, recio fuego sin poder ser reparado, y la había quemado toda, excediendo de trescientas casas sin quedar más que nueve de las más pequeñas..."⁸.

Entre as obras realizadas para a obtención dunha maior salubridade e benestar social, pódense citar: a apertura de espacios públicos aireados (que trataremos na arquitectura como arte visual); o control do firme das rúas e as construccions lindantes a ela; a edificación de fontes e institucións educativas, así como de edificios e obras de carácter comercial.

6. COUCEIRO FREIJOMIL, A. *Historia de Pontedeume y su comarca*. 1971, 315-317

7. BONET CORREA,A. *La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII*. 1984,545

8. ARQUIVO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. (desde agora A.M.P.) Libro Rexistrador de Propiedades. Fondo de Patrimonio, 1610, fols.187v.-188r. A maior parte das referencias ó AMP áchanse contidas no referido artigo de LÓPEZ CALVO.



Lam.1: Mapa da Primitiva Vila (extraído do 1º artigo da revista *Cátedra* nº 4).

- Fernando Samaniego
1. Puerta del Puente.
 2. Puerta de la Villa.
 3. Puerta de Porto.
 4. Iglesia de Santiago.
 5. Capilla de San Miguel.
 6. Palacio.
 7. Puente.
 8. Calle que viene de Andrade.
 9. Riveramar.
 10. Fuente.
 11. Iglesia de las Virtudes.
- Muralla.

As rúas sofren un cambio radical, xa non son un simple espacio de tránsito, pasando a se converter no "escenario" da vida cotiá: para o cal é imprescindible unha mellora das condicións do firme, así como o establecemento dunha rede de sumidoiros que retire os residuos: "para su limpieza y quitar los malos olores que las calles se reparen y que en ellas ayan conductos para conducir y heepeler las ynmundicias, hordenaron y mandaron que en las casas aya caños y sumideros que tengan correspondencia a los conductos generales, para que salgan a la mar"⁹. Este texto, da ordenanza municipal do 14 de setembro de 1622, ampliouse nas de xuño de 1623 e 17 de xaneiro de 1626, que se rexen polas mesmas normas de actuación, cara á consecución dunha limpeza de cara da vila. Temos que lembrar que este "é o instante no que as ordenanzas municipais adquieren categoría de corpo legal"¹⁰. Do mesmo xeito, existen textos que manifestan a preocupación mostrada por manter o carácter e entidade dos eixos viarios como bens públicos, limitando a actividade constructiva que poida significar unha substracción do espacio común (vgr: Litixio contra Matín Varela por apropiación de camiño público¹¹)

Móstrase un incipiente interese xa non só por construír, senón por "urbanizar". O perfecto complemento estético nunha praza é a fonte, pero esta tamén responde ás necesidades primarias, que serían cubertas coa construcción de dúas novas (a da praza da súa Excelencia e a de rúa Santiago), ademais da xa existente na praza de Santo Agostiño. A satisfacción propiciada pola habilitación destes recursos é manifestada deste modo: "tiene esta villa tres fuentes perennnes de aguas muy saludables de toda calidad disponibles"¹².

9. COUCEIRO FREIJOMIL, A. Op.cit.398-399

10. CHAMOSO LAMAS, M. *La arquitectura barroca en Galicia*. 1995,33

11. AMP. Libro Rexistrador de Propiedades. Fondo de Patrimonio, 1682, fol.16 v.

12. Ídem, fol. 73r

En último lugar, as institucións educativas e os edificios comerciais están vencellados polo ambivalente mecenado de Raxoi. Malia a existencia dun proxecto de reconstrucción da área de amarre de 1602, no que "los mareantes se obligaron a pagar al maestro, que compusiese el peirao"¹³; más tarde, e segundo Couceiro, dise que o reconstruí Raxoi á súa custa. Esta acción do arcebispo será unha das múltiples que desenvolverá en Pontedeume, practicando un exercicio combinado, isto é, edifica construccíons comerciais que sirvan de sostén ás institucións educativas. Couceiro indica, respecto das escolas por el creadas que: "para o sostemento desta fundación cede os dez almacéns que fixeron fabricar na ribeira da aludida vila"¹⁵. Estas construccíons seguen hoxe en pé, tanto os almacéns coma as escolas, revestindo escaso valor arquitectónico. Os almacéns son estructuras dunha planta, separados por muros medianeiros resaltados ó exterior, con cuberta de armazón de madeira a dobre vertente, e de aparello bastante irregular. De igual xeito, o edificio da escola, que tiña separación para nenos e nenas, amosa na súa edificación de base rectángula unha gran simplicidade formal; articulando o seu muro setentrional con sete fiestras, en grupos de catro e tres, división que debería responder á anteriormente citada. O aparello da mesma debería ser irregular, no caso de non ser cachote, posto que hoxe todo se atopa cuberto por un revocado. O teitume non revestiría maior complicación, cun tellado de madeira a dobre vertente. Máis nada podemos dicir desta edificación en canto á súa estructuración interna, posto que sería a título simplemente especulativo, debido ás diferentes alteracións nel practicadas así como o estado de ruína no que hoxe se acha.

URBANISMO COMO ARTE VISUAL.

Tras observarmos a concreción espacial da vila, as súas condicionantes históricas e o saneamento da mesma, podemos estudiar agora o seu forro barroco. A transformación practicada sobre estas bases preliminares, a partir dos seus preceptos estilísticos e da súa perspectiva visual.

De xeito xenérico podemos facernos eco, en canto á organización das edificacións, da análise realizada por Norberg-Schulz sobre o tecido urbano da Roma barroca: "a rede urbana non se organiza arredor dun centro principal senón que une multitud de centros"¹⁶. Anque poida parecer un pouco pretencioso, esta máxima podémola aplicar ó exemplo eumés, baseándonos na diversidade dos seus espacios, que poderíamos resumir nas seguintes categorías: prazas, encadres e adros. Todos eles articulados de xeito que, dentro e fóra da muralla, existan espacios de traballada escenografía e premeditada estructuración; nos cales nada é aleatorio. Espacios que responden a diferentes función, e foron realizados por diversas mans e comitentes (clero, aristocracia, organismos políticos).

13. Ídem, 1602, fol.19v.

14. COUCEIRO FREIJOMIL,A.Op.cit.395

15. Ídem, 343

16. NORBERG-SCHULZ, C. *Arquitectura barroca*. 1970,27

Prazas

Se queremos seguir un discurso de cronomoxía lineal, en primeiro lugar hemos de nos ocupar da **praza Maior**. A súa creación debeu ser inmediata ó incendio de 1607, posto que en 1617¹⁷ xa aparece documentada a súa existencia. Polo tanto, temos que considerala como froito das obras de rehabilitación do casco urbano posteriores ó desastre. Unha descripción do século XVII¹⁸ amósana como : "... una hermosa plaza cuadrada, y a la parte del levante de ella las Cassas Consistoriales que se componen de una sala vaja, donde los Señores Alcaldes se hacen audiencias comunes y oien a las partes en los juicios que controvieren; un salón en la parte superior con su balconada, que dice a dicha plaza donde se hacen los ayuntamientos y una torre donde se haya el Relox, que es de tan buena calidad como el de cualquiera ciudad á exseución de la Santa Yglesia compostellana".

O seu acceso principal é pola rúa Maior, que parte da que era a porta da ponte, un dos accesos principais; chegando ata ela, de forma directa ou indirecta, outras dúas perpendiculares que a comunicaban coa praza de Santo Agostiño e coa extinta praza da Súa Excelencia. A característica da apertura de fachadas principais a unha rúa recta en paralelo ós edificios manterase, en maior ou menor medida, nos outros dous espacios que se deben analizar; no intento de crear un eixo regular de acceso a un espacio público no cal se desenvolverían, con maior énfase e boato ca nunca, as ceremonias laicas e relixiosas. Estase a consagrar un espacio de gran teatralidade e claro representante da arte de prestixio propiciada polas xerarquías cidadás (eclesiásticas, señoriais, municipais) no seu afán de persuasión visual á masa popular.

O texto anteriormente citado vén a confirmar a importancia que se concede á orde e á regularidade, polo menos óptica, dos espacios públicos; así como a determinación de establecer unha comunicación do edificio municipal co exterior, mediante unha ampla balconada, determina de novo ese mundo que vive portas a fóra. Outro punto que se debe destacar é a procura da comparación co núcleo compostelán (cidade de urbanismo barroco por excelencia), realizando un claro posicionamento estético, nun intento reivindicativo desta arquitectura de efecticismo e calidade óptica para a vila que nos ocupa. Para esto, o autor ten en conta, acertadamente, a torre do Reloxo (trasladada á súa situación actual en 1628¹⁹ e, polo tanto, anterior á compostelá); ante a cal se articulou un "encadre óptico" (lam.2). Crearon un eixo direccional que ten o seu punto de fuga na torre, ó igual que ocorre en Santiago coa fachada da portería do convento de San Paio de Antealtares ou ante a torre da igrexa da Compañía; nestes casos, o trazado urbano determina a vista arquitectónica. Pero más efectista, se cabe, é a composición creada coa desembocadura dos sopor-


17. AMP., Expedientes de Rúas, Prazas e Defensas. Caixa 111.

18..AMP. Libro Rexistrador de Propiedades. Fondo de Patrimonio, 1620, fol.33r.

19. COUCEIRO FREIJOMIL,A.Op.cit.404




Lam.2: Encadre da torre do concello



Lam..3: Encadre da Rúa Maior.

Lam.4: Edificio da Rúa Maior.



tais porticados da parte superior da rúa Maior na praza Maior (lam.3). Créase un enmarque baseándose nunha pirámide visual, que ten o seu punto de fuga nun lateral do espacio abierto; ocultán-donos a auténtica dimensión da praza. É, en definitiva, un engano que busca unha sensación de coextensión espacial.

A rúa Maior é, por outra banda, o punto da vila que concentra máis edificios de carácter monumental. A ela ábreñense as fachadas das casas do concello, do pazo de Raxoi e contiguas así como a extinta casa do Alfolí, lindante co pazo de Raxoi²⁰. Xunto ás fachadas, actúan de complemento a praza e un amplio conxunto de edificacións que contan no seu piso baixo con soportais; articulados por medio de arquitrabes que apontoan en columnas coroadas por unha, sistematicamente repetida, zapata -dous modillóns de rollos flanqueando un capitel clásico de pilastra toscana, é dicir, de sección cuadrangular-. Este conxunto, que enriquece opticamente as prespectivas de acceso á praza e que agora pasamos a describir con maior precisión, é o que poderíamos entender como un eixo viario monumental. Posto que, aínda que unifica un gran dispendio arquitectónico, non chega a articularse en forma de "perspectiva monumental" ó uso (casa da Parra, praza da Quintana, Praterías, casa do Cabido). O devandito eixo comezaría, na súa parte inferior, na antiga porta da ponte e finalizaría, na súa parte superior, coa intersección da rúa Mancebo. Dos edificios da parte inmediatamente inferior, hoxe case nada podemos dicir, posto que a maioría desapareceron e a única mostra que nos resta é a casa hoxe nº 2. Nesta edificación, no seu piso baixo, levántase o típico pórtico antes citado, constituído por tres vans enmarcados, nas súas caras externas, por dous piarales lisos de sección cuadrangular, que acubillan un par de fustes semicirculares levantados sobre un pequeno baseamento e do que o remate é a, anteriormente citada, zapata. Este mesmo esquema repítese na parte superior da rúa (lam.4), no punto no cal se formaba unha pirámide visual, e debe responder á campaña constructiva posterior ó incendio, na cal se están a aplicar elementos do barroco clasicista; ainda empregados no primeiro tercio do XVII por Jacome Fernández na fachada occidental do claustro da Catedral de Santiago²¹ (zapata fundida a orde clásica sobre fuste semicircular). Pero o esquema de arquitrabe, zapata e fuste, non hai que buscalo en modelos composteláns; posto que, en primeiro lugar, é unha transposición da antiga arquitectura en madeira; e en segundo lugar xa o podíamos observar, na súa forma rudimentaria, no patio interno do pazo do conde (lam.5).

Sobre o alzado dos corpos superiores só podemos realizar suposicións, estimando máis oportuno un único piso cós dous actuais; más aínda se temos en conta a descripción xenérica que Vila Jato realiza sobre o espacio urbano galego "consta de piso e baixo de altura, que pode estenderse a dous se o solar era pequeno ou a nobreza da familia esixía unha gran edificación"²². As dúas últimas condicións, na gran maioría das edificacións eumesas, non se cumplen.

20. AMP. Libro Rexistrador de Propiedades. Fondo de Patrimonio, 1713, fol.221.r.

21. BONET CORREA,A.Op.Cit.,pág.63

22. VILA JATO, M> Dolores."El palacio urbano en Galicia". *Arquitectura señorial...*1993,46.

Será, en definitiva, un trazo más do incentivo que supuxo o incendio a nivel arquitectónico. Nun tramo superior, no solar do que hoxe é a praza do Pan, estaba situada a casa do Alfolí, que en 1713 se comprometía a edificar dona María Antonia Pita Veiga, "en una plaza calva suia"²³. Este edificio, que como reza a descripción do século XVIII "oy se halla en la calle Mayor, debajo de la plaza, segúrn se linda por la parte de arriba en caño que media entre él y la casa en que vive don Tomás Moreira, cura de esta citada Villa que es Yllustrísimo señor Don Bartolomé de Raxoy, arzobispo de Santiago, y por abajo testa en callexa que va a la calle de los herreros"²⁴, debía de seguir as pautas constructivas do momento, e dos edificios lindantes: piso baixo con pórtico de arquerías de medio punto, dous pisos de elevación, debido á estreitez do solar, e remate en forma de cornixa voada con canos de desague, como expoñentes da arquitectura aérea.

Distínguense, pois, dous claros momentos constructivos que a grandes trazos se poden aplicar ó resto do conxunto; o primeiro abrangue a primeira metade do século XVII, e o segundo, que abrangue a segunda metade do século XVIII; e este último é debido á exemplarizante actividade edilicia do arcebispo Raxoi. Dúas etapas arquitectónicas que se corresponden coas xerais do panorama galego.

Continuando no noso ascenso cara á praza, e lindante á extinta casa do Alfolí, áchase un lenzo mural constituído por tres edificios claramente representativos do segundo período constructivo (lam.6). O primeiro é o pazo de Raxoi, que Vila Jato²⁵ identifica como obra de Alberto Ricoy, datable entre os anos 1766 e 1767; este é o único edificio de Pontedeume que se pode caracterizar como pazo urbano, respondendo ás pautas de mecenados propias da arquitectura galega; isto é,

"agás casos excepcionais, e polo menos ata o século XVIII, os pazos urbanos son só encargados por membros das xerarquías eclesiásticas"²⁶.

Patio do Pazo do Conde.




23. AMP. Libro Rexistrador de Propiedades. Fondo de Patrimonio, 1713, fol.221.r.

24. Ídem

25. VILA JATO, M» Dolores: "Aspectos del mecenazgo del Arzobispo Rajoy: sus construcciones en Puentedeume". *Homenaje al polígrafo eumés don Antonio Couceiro Freijomil*. 1990, 191

26. VILA JATO, M» Dolores. "El palacio urbano en Galicia", 1993, 45.



Lam.6: Pazo de Raxoi e edificios 9 e 11.

En alzado, estructura a súa fachada con catro pilastras lisas que gorecen tres arcos de clave destacada e dividen o lenzo en tres corpos de dous andares, abríndose en cada un dos andares unha fiesta de tipo francés, de arco escarzano e fina molduraxe. Da parte superior destaca o seu entaboadamento partido, do cal, na súa parte central, xorde un remate decorado cun gran escudo, e en senillos laterais articúlanse dous xarróns baixo os que se acham dous canos. En xeral, o edificio mostra unha liñas de gran sobriedade e de xiro cara a un novo clasicismo.

A construción lindante, **edificio nº 9**, queda enmarcada por dúas pilastras lisas e divisorias das arquitecturas que a flanquean. Estructúrase en catro andares, incluíndo o andar inferior porticado; os tres andares superiores abren dúas fiestras balconeiras por andar, e no segundo ábreñense a un balcón corrido de base moldurada. Sobre o segundo andar corre unha moldura horizontal, enriba desta xorde o terceiro, que repite o esquema dos inferiores: grandes ventanais e pilastras laterais. Pecha a composición unha cornixa moi voada con dous canos nos laterais. Esta arquitectura non difire das típicas construccions realizadas na segunda metade do século XVIII, nas cales se aprecia unha simplificación das molduraxes e elementos decorativos en xeral. Debe ser posterior ó pazo de Raxoi, posto que se apoia nunha das súas pilastras para levantar a súa fachada. Outro dato que vén a confirmar unha cronoloxía posterior áchase no seu último andar que, anque segue as mesmas pautas formais dos anteriores, deja embutidos no seu muro lateral un dos xarróns do pazo.

O último dos integrantes deste retallo mural é o **edificio nº 11**. No seu andar baixo ábreñense tres arcadas de medio punto con clave destacada, pero carentes de molduraxe. O corpo superior divídese en dous andares e tres corpos, que se acham enmarcados por unhas bandas pétreas verticais e horizontais; cobrando gran realce sobre o branco revocado, e marcando a compartimentación do lenzo mural. Cada andar conta con tres vans e cada corpo con dous. No primeiro andar ábreñense dous balcóns nos corpos laterais, no superior invértense a orde, cun único balcón no central. Pecha a composición unha cornixa de escaso voo, con dous canos nas esquinas. O revocado, xunto co almofadado do esquinal superior (que lembra o emprego que del fai Miguel Ferro Caaveiro na casa nº 50 da Rúa Nova en Santiago de Compostela), fanos encadrar este edificio como obra serodia do século XVIII. O arranque dun arco no muro esquinal superior, que linda coa casa do Concello, así como a carencia de balcóns neste lenzo, fainos supor que o proxecto orixinal debería enmascarar a fachada da actual casa do Concello, que se achaba, igual ca hoxe, nun claro segundo plano. Se este se realizase, supoñemos que debería continuar coas pautas do edificio anterior; articulando gran sobriedade nos paramentos: un almofadado que destaca os corpos centrais e os laterais e revocados realizados por bandas pétreas que articulan e esquematizan o espacio.

Nos tres edificios anteriores, observamos unha simplificación nos seus muros en canto ó emprego da molduraxe, os caxeados e as decoracións vexetais ou xeométricas; nótase a incipiente entrada dunha nova visión arquitectónica. Pero esto non impide a práctica común na cal se exerce un dominio do espacío, xa sexa mediante o emprego dos soportais balcóns ou uns simples canos (do mesmo xeito que crece en altura o remate do pazo ou o terceiro andar do edificio nº 9). Apreciamos un gusto decrecente do barroco nestas tres arquitecturas, malia a cal, en cada unha

delas hai elementos que lles impiden desvincularse e que as converte en telóns escenográficos creadores do seu propio campo de atracción²⁷.

Praza da súa Excelencia: para esta localización temos de realizar un exercicio de abstracción, posto que o edificio que xerarquizaba o espacio desapareceu; como tamén sucedeu con gran parte dos soportais que articulaban o lateral oposto ó pazo que creaban o eixo regular, típico desta composición (lam.7).

O pazo de orixe medieval, como veremos, sofre alteracións formais e conceptuais no seu uso, que o transforman na busca de cualidades estéticas barrocas. Estaba formado, a principios do século XIX, por: "A casa-pazo con todas as súas dependencias, consistentes nun edificio principal e sete edificios secundarios, con patio, curral e horta, ocupaban un polígono irregular de 14, 379 metros cadrados"²⁸. A isto habería que engadir a capela ó sur "chamada de San Miguel e unida ó

Lám. 7: Soporal da bilblioteca municipal.



pazo por unha especie de ponte ou pasadizo pechado de madeira"²⁹ e o torreón do norte. Pero non imos agora discutir as alteracións realizadas nel ó longo dos séculos, nin intentaremos crear unha reconstrucción hipotética do conxunto; posto que o que a este traballo atinxé é o concepto desta edificación como vertebradora dun espacio urbano, un espacio de claro contido señoril e cunha evidente validez como "casa de pracer"³⁰. As alteracións barrocas, que a nós nos ocupan, poderíanse resumir en: creación dunha balconada ou corredor³¹ na fachada do pazo por medio duns canzorros e o gran escudo embutido neste mesmo muro. Estas son as transformacións realizadas no edificio señoril, ás que hai que engadir a creación dunha fonte (que fora realizada en 1671)³², " situada en la plaza de Excelencia, con su pilón y más abajo un lavadero"³³. Todo isto daralle á praza a plena vixencia estética durante o período da nosa análise, e mesmo poderíamos vencellala a espacios coetáneos. Vigo Trasancos fai alusión ó pazo de Oca ou á praza vizcondal de Fefiñañez, como claros exem-

27. RUPERT MARTIN, J. *Barroco*, 1986, 155

28. COUCEIRO FREIJOMIL,A. Op.cit.144

29. Ídem,142

30. CÁMARA MUÑOZ,A. *Arquitectura y sociedad en el siglo de Oro*. 1990,97

31.MACEDO CORDAL,C. "Cronoloxía de unha desaparición: o pazo dos Condes de Andrade". Cátedra, n°4,1997,170

32. AMP., Libro de Actas, Caixa nº1,1659,1677

33. AMP, Libro Rexistrador de Propiedades, Fondo de patrimonio, fol.73.r.



Lam.8: Fachada do convento de San Agostín.

plos de urbanismo barroco galego, definindo este último como "un dos conxuntos urbanos más destacados de Galicia, e quizais, o que delata un deseño e concepción máis en relación co mundo cortesán do tempo dos Austrias"³⁴. Este conxunto fórmase a partir dunha praza regular pechada, un casarío porticado, un pazo en escuadra, un torreón como símbolo de poder e señorío e unha igrexa; todos estes elementos tamén poderían ser vistos no desaparecido conxunto eumés, anque, claro está, revestido de menor monumentalidade. No noso exemplo contariamos cun balcón a unha praza regular, casas porticadas en eixo, o torreón como símbolo de poder señorial e a capela conectada por pasadizo. Non sabemos se os condes de Lemos e Andrade visitaran o conxunto pontevedrés, pero está claro que aquí quixeron realizar unha revalorización funcional e didáctica do espacio que se abría ante o edificio. A esta plena vixencia como modelo urbanístico habería que engadirlle o seu valor arquetípico como "casar de pracer"; isto é debido a que o edificio, trala fusión da casa de Andrade coa de Lemos (século XVII), pasaría a un segundo plano; reconverténdose en casa de retiro, duns "señores" que contaban cunha "casa principal" na cidade da Coruña³⁵, centro administrativo do Reino. Polo tanto, a localización do pazo eumés, ás beiras dun río e cunhas fermosas vistas da natureza, así como os seus condicionantes morfolóxicos, o patio porticado con galería superior ou a posesión dunha ampla zona axardinada, conferiríanlle unha total idoneidade.

34. VIGO TRASANCOS,A."Cidade e urbanismo na Galiza do Antigo Réxime. Do Renacemento á Ilustración". *Galicia no Tempo..*,1991,158

35. CÁMARA MUÑOZ,A. Op.Cit.88

Finalmente, temos que lembrar que este complexo residencial se vería comunicado coa praza Maior por medio dunha diagonal que determinaba o "encadre" da torre do reloxo, quedando establecida unha rede de escenarios e espacios monumentais.

Praza de Santo Agostiño: posiblemente, este foi o espacio urbano que contou con maior ornato e efectismo óptico durante a segunda metade do século XVIII. Para o nacemento do mesmo, foi determinante o asentamento dun convento de agostinos na primeira metade do século XVI; "a fundación do referido convento tivo lugar en escritura estendida en Pontedeume a 24 de setembro de 1538, perante o escribán Juan Fernández"³⁶, e nesta fundación "o de Andrade comprometeuse a edificar o mosteiro e a súa igrexa, o que había de ter a advocación de San Miguel Arcanxo e estar situado na horta grande que posuía extramuros da vila"³⁷.

Na formación desta praza haberá que ter en conta, ademais do elemento anterior, outros dous principais: o eixo viario que atravesa de forma vertical un dos laterais da praza e a presencia dunha fonte. Este último eixo coordinador era a principal fonte da vila, e tamén a máis antiga, existindo con anterioridade á creación do espacio monumental. Pero a construcción do edificio do convento, e o seu espacio público dianteiro, obrigou a realizar obras nela durante o século XVII, "por ser su manatial profundo fue preciso, para que pudiesen aprovecharse de ella los naturales formarle una arqueta con dos caños de bronce, y unas escaleras de cantería, para baxar a ella, y una muralla, que la defienda"³⁸; realízase toda unha obra de acondicionamento para un mellor aproveitamento do "ben público". O edificio do Convento (fig.15) debeu contar cunhas orixes arquitectónicas un tanto incertas, a mediados do século XVI; nembarcantes, en 1563 un visitante deste espacio, e en referencia ó cemiterio que houbo ante el, lémbranos: "saía da porta principal da igrexa e portería a ía dar á rúa..."³⁹, constatando a existencia dun edificio conventual e a igrexa nestas datas. Pero esta obra tamén debeu de verse afectada polo incendio e xa que logo, hemos de considerar a edificación actual como froito da primeira metade do século XVII, más que de finais do século anterior. A isto debemos engadir a nova fachada executada durante a segunda metade do século XVIII, realizada posiblemente por Alberto Ricoy⁴⁰.

Tras sondar, brevemente, as orixes históricas dos seus elementos formais, podemos pasar agora a analizar o seu urbanismo que, durante o século XVIII, articulou a maior parte dos elementos que crean este espacio senlleiro. O acceso principal a esta praza cuadrangular pechada por len-

36. COUCEIRO FREIJOMIL, A. Op.Cit.256

37. Ídem, 257

38. AMP, Libro Rexistrador de Propiedades, Fondo de patrimonio, fol.73.r.

39. COUCEIRO FREIJOMIL, A. Op.Cit.253


40. VILA IATO, M^a Dolores. "Aspectos del mecenazgo del Arzobispo Rajoy: sus construcciones en Puentedeume". *Homenaje al polígrafo eumés don Antonio Couceiro Freijomil*. 1990,191.

zos murais nos seus catro costados, realiza-se mediante o clásico eixo regular. A intersección dunha horizontal que comunica este espacio coa rúa Maior, outro dos eixos monumentais, dá lugar ó que debreu ser outro "encadre"; que tería como punto de fuga a fachada da igrexa (hoxe avenida de Raxoi). O devandito lenzo mural veríase reafirmado, nunha liña de continuidade escenográfica, polo chafrán (igual que ocorre no pazo compostelán dos Fondevila ou na Casa da Parra) da esquina superior do edificio conventual (lam.9), que ten o seu xemelgo no esquinial inferior (lam.10). Con estes estase a realizar o que Rupert denomina como "scena per angulo"; nun intento de abrir novas perspectivas e diagonais visuais, rompendo coa simetría do espacio e resaltando os volumes da fachada conventual. Prima o escenográfico, xunto co monumental que vén achegado pola viza-
sa estereotomía da fachada, á cal se practica unha forte molduración en todos os boceis que enmarcan portas e fiestras (lam.11), creando unha incessante contraposición de luces e sombras. É un edificio que está concebido como pano de fondo deste escenario e que tería como complemento, de novo, a fonte.


Con esta praza péchase un ciclo, no cal observamos un espacio público no seu máximo expoñente (praza Maior), un espacio con grandes connotacións señoriais (praza da Súa Excelencia), e este terceiro responde a un claro designio eclesiástico, que, lonxe de quedarse atrás, crea unha praza plena de efectismo barroco, en resposta ó seu mecenado erudito; posto que temos que lembrar que a erección desta fachada dezaoitosa se debe, como non pode ser doutro xeito, ó patrocinio de Raxoi.

Lam.9: Chafrán da parte inferior do edificio de San Agostinho.







Lam.10: Chafrán da parte superior do edificio de San Agostino.



Lam.11: Molduras da fachada de 1 edificio de San Agostinho.



Lam.12: Encadre da igrexa das Virtudes.




Lam.13: Fachada da igrexa das Virtudes.

Encadres

Despois dos que uidemos ir observando nas anteriores descripcións réstannos dous fundamentais. O primeiro, é o que se crea ante a fachada da igrexa das Virtudes (lam.12); a este punto accedemos pola praza de San Roque, ó fondo da cal se abre unha vía que nos dirixe ó mencionado templo. A intencionalidade do encadre é manifiesta, aínda cando hoxe en día nos foi alterada con desafortunadas arquitecturas contemporáneas. No seu momento, as casas existentes xunta ó adro do santuario deron realizar en maior medida a fachada do templo por medio dunha éntase óptica.

A portada do edificio (lam.13) é datable como de fins do século XVII (ca. 1680), e realizada por Domingo Güemes Solorzano⁴¹. A escasa decoración que ten este lenzo mural concéntrase principalmente na portada; formada por dúas pilastras caxeadas que soportan un friso dividido en triglifos e métopas de decoración vexetal e xeométrica (flores de lis e



Lam.14: Fonte de Santiago.

41. BONET CORREA, A. Op.Cit.,546

24. Se transformará en circunvalación que rodea la villa por el norte.

públicos. Enfrente de ellos el alcalde Gonzalo Prego promoverá una mini-urbanización de viviendas de clase media, y levantará en lugar prominente la casa de su hermano Ramiro, registrador de la propiedad e influyente líder político.

5.- FASE II: 1930-1973

Las consecuencias de la crisis económica del 29, seguida por la 2^a G.M., se yuxtaponen en España con la guerra civil y la autarquía franquista. Las restricciones en los intercambios mercantiles generan desempleo, pobreza, hambre. Mientras una fuerte represión acalla a sindicatos y organizaciones de "izquierda", las élites locales deben hacerse a un lado o subsumirse en el aparato franquista. En nuestra villa pronto cobrarán protagonismo ciertos empresarios dinámicos vinculados al estraperlo, a nuevas actividades (el sector naval) y a la política de infraestructuras (electrificación, carreteras...).

A principios de los años 40 el régimen de la autarquía promueve, entre otras, dos líneas de acción estratégicas: obras públicas para paliar el desempleo y dinamizar la actividad económica; y una supervisión centralizada de los intercambios comerciales, para hacer frente a los problemas de desabastecimiento. La corporación municipal de Pontedeume, provista de los medios expeditivos que caracterizan a la dictadura, emprende reformas urbanísticas de amplio calado: el palacio de los condes es derribado sin contemplaciones; en su lugar se levantará en 1942 la actual plaza del mercado, en la que se centralizan los intercambios hasta entonces dispersos en varias plazuelas del pueblo.

Comienza también por estos años a planificarse lo que será el futuro del actual SECTOR C al nordeste del casco urbano, situado sobre los terrenos ganados al mar: *"se ha acordado solicitar del Estado la cesión al ayuntamiento del sitio conocido por 'Las Gabarras', con objeto de levantar un malecón [...] y que uno o más técnicos de urbanización estudien el mejor aprovechamiento y distribución de toda la zona comprendida entre dicho malecón y la carretera de Betanzos a Jubia, determinándose los espacios a propósito para un gran campo de ferias [...]; otro para deportes [...]; otro con destino a un grupo de viviendas protegidas; otro para cuartel de la Guardia civil, y el resto para lugares de instalación de industrias. El ayuntamiento en sesión de 10 de abril de 1944, estudió con el máximo interés las antedichas realizaciones"*²⁵.

Desde mediados de los años 40 el aparato franquista empieza a construir un sistema de cooptación de las clases trabajadoras, que apunta a paliar algunas de sus carencias básicas: vivienda, educación, seguros sociales. En esos terrenos ganados al mar se va a levantar el edificio del pósito de pescadores y sus nuevas escuelas; y los primeros tres bloques de viviendas (en número de 56) de protección oficial, inauguradas en 1955.

25. A. Couceiro Freijomil: *Historia de Pontedeume y su comarca*. Pontedeume, (1944) 1981, p. 406.

También a principios de los años 50 se edifican los cinco primeros chalets en el "Arenal" junto a la playa de la Magdalena, en el vecino ayuntamiento de Cabañas: sus dueños, como Pilar Franco, hermana del dictador, o González Llanos, reciente fundador de los astilleros Astano, son la punta de lanza de esa burguesía que encabeza un nuevo movimiento de expansión del turismo de playa. Cuando este se torne masivo, en los años 60, Pontedeume se constituirá en centro de servicios para los veraneantes que acuden a la vecina playa de Cabañas: incluso se llegará a edificar un "gran" hotel (el nuevo "Eumesa") en los terrenos ganados al mar antecitados.

En el marco del desarrollismo franquista, Pontedeume se verá dinamizado por los cercanos y pujantes núcleos industriales de Ferrol-Fene (y ya en los años 70 por el de As Pontes). Y volverá a ser centro de expedición de emigrantes: entre los años 1950-1970 la población de nuestro ayuntamiento permaneció estancada, e incluso experimentó un ligero retroceso (de 8.206 a 8.107 habitantes censados).

La mejora económica de las familias trabajadoras se visualiza en su vivienda y equipamientos, adquiriendo, rehabilitando o edificando ex-novo: la legislación estatal era favorable, tanto en el terreno de la congelación de alquileres (Ley de 1956) como en el régimen de subvenciones a la construcción; y la normativa urbanística era más que flexible. Mientras, los hijos de las viejas élites marchan también a las principales ciudades españolas, atraídas por la expansión de la burocracia estatal y del mercado de profesiones liberales. Sus viviendas, convertidas todo lo más en residencia estival, empiezan a experimentar el deterioro y/o abandono. La declaración en 1971 del casco histórico de la villa como conjunto histórico-artístico-monumental, y la normativa municipal subsiguiente, empiezan a dificultar las posibilidades de renovación urbana. En las afueras de la villa se levantan ahora, durante los años 70, cuatro grandes conjuntos de bloques de viviendas de protección oficial, para familias de clase trabajadora: si la "Urbanización Los Olmos" en la carretera de A Coruña constituye hoy en día una recinto aislado dentro del SECTOR E, las urbanizaciones "Villanueva" y "Boavista" a poniente, en la carretera del cementerio, preludian la gran expansión del SECTOR D en los años 80.

Y nos acercamos ya a nuestro punto de partida. La crisis de reconversión de los años 70, seguida por la recuperación de los 80, en función de la incorporación a la CEE. El sistema democrático genera una renovación parcial de las personas y redes implicadas en la política municipal. La capacidad de los gobiernos locales se revela crucial en el terreno de la reordenación urbana. Comienza a delinearse lo que parece ser el futuro de Pontedeume de los 90, un centro residencial secundario vinculado a la autopista A Coruña-Ferrol. El tramo que pasa al lado de la villa se inaugura a finales de 1998, mientras en la villa se hace popular la frase: *"Agora Pontedeume é un barrio máis da Coruña"*.

6.- CONCLUSIONES:

Pocas. Nos queda aún mucho camino por recorrer. Contamos con una metodología de investigación y con un conjunto de hipótesis que parece que podrían funcionar. Ya es algo.

Nuestro punto de partida ha sido una sensación de incomodidad con lo que había sido hasta ahora nuestra propia trayectoria. Y la voluntad de buscar salidas a una doble dicotomía: entre teoría y empiria; entre investigación y acción práctica. Sirvan las palabras con que P. Hall caracteriza el alejamiento entre la Academia y la práctica de la ordenación urbana: *"lo que resultaba nuevo, extraño y particular de los años 80 era el divorcio que existía entre los teóricos marxistas de la academia [...] y el estilo antiteórico, antiestratégico y antiintelectual de los jugadores que se movían en el campo [...] La razón es muy sencilla: a medida que todo tipo de educación profesional es absorbida por la academia, que sus profesores están más integrados en ella, que las carreras dependen más de la opinión de los colegas académicos, entonces, sus normas y valores -teóricos, intelectuales, independientes- se convertirán en omnipresentes; y el vacío entre los teóricos y los que practican la profesión se ampliará"*²⁶.

Para actuar en cualquier ámbito espacial es preciso realizar una investigación empírica previa: estudiar el presente, entenderlo como producto de un pasado, y proceder a planificar el futuro, planteando intervenciones públicas. No nos basta pues con obras que nos describen el proceso de urbanización -o cualquier otro- en términos generales, o con el auxilio de estudios de caso. No nos basta con seguir dándole vueltas a un marco teórico heredado de los padres fundadores del S. XIX, mientras en el seno de las ciencias duras se construye un nuevo paradigma en torno a conceptos como azar, desorden, autoorganización...²⁷ Con una formación de partida, en nuestro caso de sociólogos, historiadores o antropólogos, sentimos la necesidad de cuestionar la división del trabajo entre las distintas ciencias, en favor de un enfoque "holístico". Y más aún, de cuestionar la metodología basada en abordar un problema descomponiendo el espacio implicado en ámbitos más pequeños (locales, comarcas, provinciales...) esperando que la síntesis sea posible a partir de una suma posterior de estos estudios parciales. Porque el todo es algo más -mucho más- que la suma de las partes.

BIBLIOGRAFIA

- ARRIGHI, G. & PISELLI, F.: "Capitalist developments in hostile environments: feuds, class struggles and migration in a peripheral region of Southern Italy". *Review*, X, nº 4, 1987, p. 649-751.

26. P. Hall: Ciudades del mañana..., p. 350-351.

27. El texto más sugerente que hemos leído recientemente, en tanto propuesta de "investigar para actuar" basada en un diálogo interdisciplinar muy consistente, es B. Ruiz: *"Salvad a la vida de la ciencia"*, comunicación presentada al VI Congreso Español de Sociología.

- BIGET, J.L. & CHERVE, J.C.: *Panoramas urbains: situations de l'histoire de la ville*. Paris, ENS, 1995.
- BONAMUSA, Francesc & SERRALONGA, Joan (eds): *La sociedad urbana en la España contemporánea*. Madrid, Asociación de Historia Contemporánea, 1994.
- BORJA, Jordi & CASTELLS, Manuel: Local y global. *La gestión de las ciudades en la era de la información*. Madrid, Taurus, 1997.
- CARDESIN, José María: *Tierra, trabajo y reproducción social en una aldea gallega, S.XVIII-XX*. Madrid, MAPA, 1992.
- CARDESIN, José María: "Redes flexibles y redes rígidas: urbanización, producción y transporte en la Galicia litoral", en *J.M. Cardesín & B. Ruiz (coords): Antropología Hoy: Teorías, Técnicas y Tácticas*. Número monográfico de *Areas: Revista de Ciencias Sociales*. Universidad de Murcia-Caja Murcia, 1999 (en prensa).
- CARDESIN, José María & BARBOSA, Ana & CID, JoséManuel: "Urbanización y territorio en la Galicia litoral: procesos económicos, agentes sociales y política local en el ayuntamiento de Pontedeume". VI Congreso Español de Sociología, A Coruña, IX/1998.
- CARDESIN, José María & LIINARES, Luis & GARCIA, Roberto: "La catástrofe del puente de Ferrol: reconfiguración del territorio en un mundo globalizado", en *J. Pujadas, E. Martín & J. Pais de Brito (coords): Globalización, fronteras culturales y políticas y ciudadanía. Actas del VIII Congreso de Antropología*, vol. I, Santiago de Compostela, 1999 (en prensa).
- CASTELLS, Manuel: *La ciudad y las masas. Sociología de los movimientos sociales urbanos*. Madrid, Alianza, (1983) 1989.
- CASTRO, Carlos de: "A Poboa de Pontedeume a través dos privilexios reais e da documentación monástica". *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios*, nº 4, 1997, p. 5-24.
- COLSON, D. & NIZEY, J. & ROUX, J.: *Un quartier industriel à Saint Etienne. Le Marais entre histoire et planification*. Lyon, 1993.
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio: *Historia de Pontedeume y su comarca*. Pontedeume, (1944) 1981.
- DODIER, Nicolas: "Agir dans plusieurs mondes". *Critique*, nº 529-530, 1991, p. 427-458.
- FERRAS, Carlos: Desenvolvimento urbanístico e económico en Fene: séculos XIX e XX. Universidad de Santiago de Compostela, 1993.
- HALL, Peter: *Ciudades del mañana. Historia del urbanismo en el S.XX*. Barcelona, Ediciones del Serbal, 1996.
- HARVEY, David: *Urbanismo y desigualdad social*. Madrid, S.XXI, (1973) 1989.
- ITURRA, Raul: "A oralidade e a escrita na construção do social". *Educação, Sociedade e Culturas*, nº 8, 1997, p. 7-20.
- LEPETIT, Bernard: *Les villes dans la France moderne (1740-1840)*. Paris, Albin Michel, 1988.
- LOPEZ, Andrés: "O libro rexistrador de propiedades do concello no Fondo de Patrimonio do Arquivo Municipal. Uns apuntamentos sobre Pontedeume e o seu alfoz no século XVIII". *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios*, nº 4, 1997, p. 43-119.

- MACEDO, Carola & MOARES, Gloria: "Crónica dunha desaparición: o pazo dos Condes de Andrade". *Catedra. Revista Eumesa de Estudios*, nº 4, 1997, p. 167-184.
- PENA, Andrés: *Narón, un concello con historia de seu*. Tomo II: A Terra de Trasancos ollada desde os mosteiros de Xuvia e Pedroso na Idade Media. Concello de Narón, 1992.
- PETSIMERIS, Petros (ed): *As Redes Urbanas. Unha nova xeografía das cidades*. Universidad de Santiago de Compostela, (1989) 1996.
- REVEL, Jacques (dir): *Jeux d'échelles. La micro-analyse à l'expérience*. Paris, Gallimard-Le Seuil, 1996.
- RONCAYOLO, M. et Alii: *Métropoles hier et aujourd'hui*. Paris, Editions Economica, 1993.
- RUIZ, Beatriz: "El problema de la vivienda y el proceso de reproducción social: vida y vivienda en la ciudad de Vigo". *Antropologías* (Monográfico: Passat Industrial), 1997, p. 62-77.
- RUIZ, Beatriz: *La domesticación de la economía. Antropología de la ciudad de Vigo*. Tesis Doctoral, Universidad Autónoma de Madrid, 1993 (edición en microficha, 1995).
- RUIZ, Beatriz: "Salvad a la vida de la ciencia", VI Congreso Español de Sociología. A Coruña, IX/1998.
- SOUTO, X.M.: Vigo: *Cen anos de historia urbana*. Vigo, Xerais, 1990.
- TILLY, Charles: *Grandes estructuras, procesos amplios, comparaciones enormes*. Madrid, Alianza, (1984) 1991.
- VAN DER WOUDE, A.D. & DE VRIES, Jan & HAYAMI, Akira (coords): *Urbanization in History. A process of dynamic interactions*. Oxford, Clarendon Press, 1990.

INSCULTURAS PÉTREAS NO BAIXO EUME

Juan J. Sobrino Ceballos
J. Francisco Correa Arias

*“A Grandeza da arte
consiste nunha interpretación da vida
que nos permite dominar mellor
o caos das cousas...”*

Arnold HAUSER
Teorías da Arte

INTRODUCCIÓN

Nos últimos anos estáselle a dar un gran pulo á historia local. En Pontedeume, desde o nacemento da revista *Cátedra*, estase a publicar anualmente unha morea de artigos que nos poñen ó descuberto lagoas escuras do noso acontecer histórico. Todos os artigos, sen excepción, contribúen a acrecentar o noso coñecemento sobre o pasado e, por isto mesmo, a reavivar o proceso de empatía e respecto polos homes e mulleres que nos precederon e que fixeron posible que hoxe podamos gozar dos restos históricos e arqueolóxicos. Sen embargo, ás veces, caemos no tópico e adicamos demasiado tempo e papel a aspectos do nosos pasado xa abondo coñecidos e, por outra banda, só significativos dende o punto de vista paisaxístico, pintoresco ou sentimental, cando extensas áreas da nosa historia remota, e non tan remota, permanecen nunha total escuridade. Este é o caso da historia da comarca eumesa; coñecemos medianamente ben a baixa idade media, a idade moderna e contemporánea, pero non temos máis que referencias vagas e descontextualizadas da alta idade media, da época romana e, sobre todo, da prehistoria. De aí que un grupo de amigos, integrados no Colectivo Lueiro, se leven adicando dende hai varios anos a percorreren os camiños e aldeas buscando restos prehistóricos a partir do seu influxo na paisaxe, na toponimia ou na tradición oral, que, por desgracia, o proceso de explosión urbanística está a destruír.

O noso deambular por aldeas, montes e corredoiras, deu xa algúns resultados, tanto no que se refire a posibles lugares de habitáculos prehistóricos coma de monumentos megalíticos, e non digamos castrexos.

Este traballo, sen embargo, adicámolo ás insculturas pétreas, o que comunmente coñecemos como petroglifos. Malia os nosos medios escasos e de carencia dunha especialización axeitada, podemos afirmar que na zona do baixo Eume existen estacións de petroglifos -ata agora non tiñamos ningunha referencia delas- das que algunha é claramente prehistórica, albergando algunha dúbida doutras, sobre todo dalgúns motivos claramente modernos que aparecen en contextos moito más antigos.

Este artigo pretende dar a coñecer estes descubrimentos realizados por dous membros do Colectivo Lueiro. Trátase de analizar as insculturas pétreas atopadas na Pena Branca, no límite entre Monfero e Vilarmaior; na Pena dos Mosqueiros, en Gunxel e nas Corregosas, Vilar de Mouros (os dous lugares do concello da Capela). Tamén citaremos outros lugares que, pola tradición oral, poden ter algo que ver co fenómeno da arte rupestre en Galicia, sempre dentro do baixo Eume, que abranguería Pontedeume, Cabanas e Capela, nun período que comezaría a finais do megalitismo (algo antes do 3000 a.C.) e que remataría a comezos da época histórica; áinda que - como xa dixemos- algúns dos motivos que examinamos son claramente da época histórica e incluso moderna.

Esperamos que este artigo contribúa a acrecentar a curiosidade e o amor polo pasado así como o respecto polos monumentos prehistóricos dos que están a desaparecer un gran número baixo a eficacia das pas mecánicas.

1.- OS PETROGLIFOS NA HISTORIA DE GALICIA

Dende a súa orixe, a humanidade empregou todo tipo de linguaxes para se comunicar, para se comunicar entre si e para se comunicar con forzas máxico-relíxiosas ás que ás distintas sociedades renderon culto en cada período histórico. Unha das linguaxes más antigamente empregadas foi a arte. Cada sociedade humana, a partir xa do último período do paleolítico, creou e empregou unha linguaxe artística en moitos casos difícil de interpretar na nosa época, dado que, como di Mircea Eliade: “*a misión e poder das imaxes é facer ver todo canto permanece refractario ó concepto*”¹

A primeira forma que coñecemos de linguaxe artística é a da pintura rupestre que, a dicir de Arbold Hauser, era un instrumento de maxia e un medio para asegurar a subsistencia dos homes cazadores de prehistoria².

En Galicia non coñecemos acubillos paleolíticos con pinturas rupestres. A única arte rupestre que hoxe coñecemos en Galicia é a das insculturas pétreas, comunmente coñecidas como petroglifos, ou gravados sobre roca realizados en distintos períodos históricos posteriores ó paleolítico galego³, que a seguir analizaremos en toda a súa complexidade, variedade temática, interpretación simbólica e cronolóxica.

1. ELÍADE, Mircea: *Imágenes y Símbolos*, Taurus Humanidades, Madrid 1972, p.20.

2. HAUSER, Arnold: *Teorías del Arte*, Punto Omega. Ediciones Guadarrama, Madrid, 1975, p.12.

3. DE LA PEÑA SANTOS, Antonio; VÁZQUEZ VARELA, J.M.: “Los petroglifos Gallegos” *Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámica Sargadelos*, nº 30, A Coruña 1992, p.112

1.1. As insculturas pétreas e petroglifos.

Utilizaremos este título un tanto equívoco dado que, en principio, a expresión “insculturas pétreas” debería significar o mesmo ca “petroglifos”, e nese sentido aparece nalgunxs traballos científicos sobre a materia. Neste traballo, sen embargo, a expresión “insculturas pétricas” tería un significado moito más xeral ca petroglifo, concepto que, dende logo, estaría incluído dentro das insculturas pétreas.

Entendemos estas como o conxunto de gravados efectuados sobre rochas desde a prehistoria ata os nosos días, namentres que o concepto de petroglifo aludiría só aqueles gravados pétreos que, con máis ou menos antigüidade, estarían relacionados coa arte rupestre, a única forma de arte rupestre que coñecemos da prehistoria de Galicia. En todo caso o fenómeno non é exclusivo de Galicia, senón que gravados pétreos semellantes ós petroglifos galegos aparecen en lugares e cronoloxías diferentes. Entre eles podemos citar a Gran Roca de Naquane, Valcánica- Italia (zoomorfos, antropomorfos, paletas, labirintos...); os labirintos de Tintagel, Cornwall- Inglaterra⁴; en La peña de los Gitanos, Tabal- Almería⁵, por sinalar algúns dos máis afastados entre si. En todo caso debemos clarear antes de nada que as mesmas formas inscultóricas se poden dar en tempos prehistóricos ou en épocas plenamente históricas, incluso modernas, como por exemplo as marcas de canteiros ou figuras de límite como cruces, cadrados, etc⁶. Por esa circunstancia, que nós cremos que se dá nalgunha das estacións que analizaremos, distinguimos entre a expresión más xenérica de “insculturas pétreas”, que é a que lle dá título a este traballo, e “petroglifo”, moito máis identificado coa arte rupestre galega.

1.2. A variedade temática dos petroglifos galegos

Sen pretendermos converter este capítulo nunha longa exposición sobre os petroglifos, xa que o motivo do presente traballo é a presentación de tres posibles estacións de gravados pétreos da comarca eumesa -cremos que de época prehistórica ou cando menos protohistórica- analizaremos brevemente a tipoloxía dos petroglifos galegos que podemos resumir da seguinte maneira:

Zoomorfos: cérvidos, capridos, équidos, serpentiformes, bóvidos, etc. **Xeométricos:** combinacións circulares, cadrados, reticulados, etc. **Cazoletas, espirais, pegadas, armas, antropomorfos, cruces, labirintos, ferraduras, etc.**

4. DE LA PEÑA SANTOS, Antonio; VÁZQUEZ VARELA, J.M.: Op.cit., p.36

5. MARTÍNEZ GARCÍA, Julián: “Grabados Prehistóricos, Grabados Históricos”. *Revista de Arqueoloxía*, num. 172, agosto 1995, pp.16 a 19.

6. DE LA PEÑA SANTOS; VÁZQUEZ VARELA, J.M : Op.cit. pp. 103-104. No mesmo sentido pode consultarse Actas del Coloquio Internacional de Gliptografía de Pontevedra, xullo 1986, vol. 2, pp. 625 a 713

Cada un destes motivos pode rexistrar, segundo as zonas, variedades múltiples⁷.

1.3. As Técnicas de Elaboración.

A erosión arrasou, na meirande parte dos casos, os sinais da elaboración dos petroglifos. Semella que a técnica que seguiron os artistas pétreos sería a do rozamento lento (abrasión) e a da percusión cun instrumento lítico apuntado. A erosión faría que os trazos punteados que, ás veces, parecen descubrirse nalgúns motivos, se converteran en trazos continuos. Posiblemente os petroglifos históricos e protohistóricos fosen realizados con instrumentos metálicos. En todo caso son só teorías e hainas de distinto signo. Os petroglifos prehistóricos distínguense polos seus trazos en “u” con bordos redondeados, namentres que os históricos teñen bordos vivos en forma de “v”⁸.

1.4. A Significación

Sobre este tema todas son conjecturas. Existen varias interpretacións, ás veces dispares incluso para un mesmo tipo de motivo iconográfico. O que si parece é que os petroglifos son a expresión da ideoloxía social dunha sociedade de productores igualitarios que a metalurxia vai xerarquizando. Neste sentido, posiblemente os petroglifos tiñan algo que ver co prestixio ou manifestación de status dun clan determinado⁹. Como di Mircea Eliade *“os símbolos, os mitos, a imaxe, son a substancia da vida espiritual e a súa interpretación unipolar é exclusivista e aberrante; todo microcosmos ten unha rexión habitada, o que poderíamos chamar centro, un lugar sagrado por excelencia”*¹⁰. Blanco Freijeiro¹¹ fala da simboloxía estelar, planos topográficos, de trampas de caza ou poboadaos para referirse a labirintos e círculos concéntricos. Incluso cita a Althin, que interpreta os petroglifos de Escocia como símbolos máxicos. Luis Monteagudo¹² relaciona algúns petroglifos coas prácticas relixiosas priscilianistas. Vázquez Varela¹³, con moitas reservas, diferencia o significado posible de cada motivo: as armas serán símbolos dunha divindade (hoplolatría), os cérvidos estarían relacionados coa fecundidade, os labirintos e espirais aludirían un camiño difícil cara a un lugar simbólico¹⁴, as combinacións circulares serían planos, os labirintos aludirían os seus

7. VÁZQUEZ VARELA, J.M.: *Galicia Arte*, tomo IX “Arte Prehistórica y Romana”, Ed. Hércules, A Coruña 1984, pp. 113-117.

8. VÁZQUEZ VARELA, J.M: op. cit., p. 109

9. VÁZQUEZ VARELA, J.M: op. cit., p. 123

10. ELIADE, Mircea: op. cit., pp. 11, 16 e 20.

11. BLANCO FREIJEIRO: “Círculos concéntricos en Galicia”. A.E. Arq. núm. 31, 1958, pp.168 a 175.

12. Anuario Brigantino, 1996, num.19, p.79

13. VÁZQUEZ VARELA: op.cit., pp. 145 a 157.

14. Sobre este tema ver Gerard de Campeaux e Mon Sansabastián: “Introducción a los símbolos”, T. VII de *La Europa Románica*. Ed. Encuentro, Madrid 1989, p.36.

coñecementos matemáticos...Algúns motivos, sobre todo cruces, ferraduras, cadrados, de época xa histórica, aludirían simplemente a sinais de demarcación¹⁵. En fin, quedanse no saco moitas interpretacións e moitos motivos que este traballo non pretende esgotar, dado que, tratamos só, neste capítulo a modo de prefacio, de ser guía do lector á hora de enterder os posibles motivos que máis adiante presentamos.

1.5. Sobre a composición

Predominan nos petroglifos as formas esquemáticas (xeométricas ou abstractas) ou semiesquemáticas sobre as de tipo figurativo ou naturalista. Non é frecuente atopar signos de composición artística, sendo difícil discernir a simple xustaposición de plano compositivo, non atopando tampouco nos petroglifos alusión ningunha á paisaxe¹⁶.

1.6. Cronoloxía e situación xeográfica

Tamén neste aspecto hai diversidade de criterios. Os primeiros traballos de catalogación de motivos de arte rupestre galego fíxos Sobrino Buhigas, quen non deu referencias claras sobre a súa cronoloxía¹⁷.

Hugo Obermaier, en 1925, sitúaos no período do bronce pero máis tarde alonga esta cronoloxía para situálos entre finais do neolítico e a época do ferro. Os estudos sistemáticos continúan con Cuevillas, Ferro Couselo e Emmanuel Anati, que dá unha cronoloxía que iría do 6000 ó 100 a.C.¹⁸

Hoxe, con certa seguridade, podemos afirmar -aínda que non todos os motivos teñen a mesma cronoloxía- que os petroglifos galegos máis antigos (combinacións circulares e cazoletas) se darían a finais do megalitismo galego (3000-2300 a.C) e terían a súa época de máximo apoxeo no eneolítico (2300-1800 a.C) e no bronce (1800-500 a.C) para continuaren en época protohistórica “castrexo” (500-100 a.C), histórica e incluso moderna¹⁹.

En canto á súa localización (ver mapa 1), se ben durante bastante tempo se cría que se circunscribían á provincia de Pontevedra; hoxe sabemos que, aínda que maioritariamente se concen-

15. DE LA PEÑA SANTOS, Antonio; J.M. VÁZQUEZ VARELA.: op. cit., p.94

16. DE LA PEÑA SANTOS, Antonio; J.M. VÁZQUEZ VARELA.: op. cit., p. 7 e 8.


17. En 1935, na súa obra *Corupues Petroglyphorum Gallaeacie* di que os petroglifos se estenden desde a época paleolítica á idade do ferro.

18. Citado por Antonio de la Peña Santos e J.M. Vázquez en op. cit., p.11 a13.

19. DE LA PEÑA SANTOS, Antonio; J.M. VÁZQUEZ VARELA, J.M.: op. cit., pp.111 e 112.

mapa 1*

Localización dos Petroglifos



mapa 2

1. A Pena Branca
- 2a. A Pena dos Mosqueiros
(Gunxel-Capela)
- 2b. As Penas da Aira
da Malla
(Gunxel-Capela)
3. Os Corregosos
(Vilar de Mouros- Capela)
4. A Pena do Gato
(Ombre-Pontedeume)

* VAZQUEZ VARELA, J.M., Los Petroglifos. *Galicia Arte*. Tomo IX p. 108.

tran nesa provincia, nunha franxa que non sobrepasa os 50 km. da costa, hai petroglifos en todas as provincias galegas, tanto na franxa costeira coma no interior. Os petroglifos aparecen preferentemente sobre laxes graníticas próximas a cursos de auga ou do mar, en sendeiros con pequenos outeiros, abas de montañas e, en menor cantidade, en pequenos vales. A súa orientación non parece clara, malia que algúns autores as orientan a poñente²⁰.

2.- TRES ESTACIÓNES RUPESTRES NA COMARCA DO BAIXO EUME

Como xa dixemos no capítulo anterior, os petroglifos esténdense por toda Galicia, áinda que as maiores concentracións se localizan nas rías de Pontevedra e Vigo. O noso traballo de campo levounos a identificar tres lugares con motivos iconográficos pétreos que, alomenos nalgúns casos, identificamos como petroglifos e outros con certas matizáns.

As tres estacións de gravados pétreos descubertos na comarca do Eume son: 1. A Pena Branca, no límite de Vilarmaior no pobo de Castiñeira Vella, preto de Augas Roibas; 2, A Pena dos Mosqueiros, lugar da Aira de Mallar, sobre o canón do Eume, preto de Gunxel (A Capela) e 3, Os Corregosos, preto de Vilar de Mouros, parroquia de Cabalar, tamén na Capela. Ó final deste traballo citaremos tamén outros lugares con motivos iconográficos pétreos e tradicións a eles referidas (ver mapa 2).

2.1. A Pena Branca

Como xa se dixo, está no límite entre os concellos coruñeses de Monfero e Vilarmaior, a 500 m. da Castiñeira Vella, nun monte cheo de eucaliptos, na parroquia de Taboada. O nome de Pena Branca aparece reflectido no Catastro do Marqués da Ensenada como un dos límites da parroquia de Taboada²¹. Preto de Pena Branca había unha medoña arrasada non hai moi tempo, e da que áinda se poden ver no chan as marcas do seu perímetro. Tamén preto desta pena está o lugar de Augas Roibas, reflectido igualmente no mencionado catastro como límite parroquial. Non moi lonxe, atopamos o Marco da Cartelida, que a tradición oral identifica coa curación do “mal de olló”. Para isto había que darrle sete voltas e ir e voltar sen mirar para atrás nin falar con ninguén. Tamén se di que era un lugar de reunión de bruxas. Este marco está proximo a un camiño real, que viña desde Quixeiro-Monfero ata Pontedeume, e outro antigo que unía A Castiñeira Vella con Portocovo (Monfero).

Como o seu nome indica, a Pena Branca é un conxunto granítico de cor máis ben branca, moi irregular, que ten uns 12 m. en dirección norte sur e outros 10 m. na parte máis ancha da direc-

20. DE LA PEÑA SANTOS, Antonio; J.M. VÁZQUEZ VARELA.: op. cit., p.9

21. Arquivo Histórico do Reino de Galicia, *Catastro da Ensenada*, Leg. 2 681.



Foto 1: A Pena Branca. Vista Xeral.

ción leste-oeste. De altura terá, aproximadamente, 1,30 m. A pena hoxe está moi soterrada por restos de eucaliptos cortados non hai moito tempo (foto1).

Veciños do lugar afirman que a pena era moito máis alta, xa que cando chovía podían acubillarse varias persoas nunha especie de viseira que aínda pode verse polo lado leste. Polo seu estado actual e polo que nos comentaron os veciños do lugar da Castiñeira e lugares próximos, cremos que unha gran parte da pena está cuberta de maleza e que serían xustamente estas partes cubertas as que máis motivos iconográficos terían. Os veciños recoñeceron sobre debuxos que lles amosamos, ademais dos motivos que imos examinar, cruces, ferraduras e varios círculos.

De todos eles, hoxe podemos distinguir unha combinación de círculos concéntricos, cazoletas e, polo menos, un círculo con cazoliña no interior.

A tradición oral fala de que estes petroglifos son “cousa de mouros” e que, sobre a pena, se sentaba a xente a descansar e merendar, e tamén que os debuxos foron feitos por mouros ou romanos.

A parte alta da pena está ateigada de pías, que tamén teñen a súa tradición oral. Nalgúns lugares dise que os que se lavaban na auga destas curábanse do “meigallo”, da reuma, da xordeira, dos feitizos e dos males da pel; a medida que as roupas que estes doentes deixaban nas proximidades ían apodrecendo (como facían na chamada Berce de San Rosendo, en Queixeiro-Monfero).




Foto 2: A Pena Branca. Combinación circular.

De todos os motivos que áinda se poden ver na Pena Branca, o máis interesante é a combinación circular (ver foto 2). Está situada na parte W da Pena, no lugar que queda ó nivel do chan; parte dela xa cuberta de restos de eucaliptos e terra. Consta de catro círculos concéntricos e posible cazoleta central; os dous exteriores están erosionados na parte máis baixa de xeito que non se percibe. Os dous centrais están completos. O diámetro externo deste motivo terá, aproximadamente, 60 cm. Os sucos son moi abertos e os bordos suaves, moito más anchos ca profundos, debuxando a clásica forma de “u” dos petroglifos más antigos. Segundo a cronoloxía que demos no primeiro capítulo, posibelmente proceda do período eneolítico e a idade do bronce, que poderíamos datar entre o 2300 e o 500 a.C. Círculos coma este poden atoparse en toda a fachada atlántica, de Irlanda a Portugal²². En canto ó seu significado e xa que, próxima a esta combinación de círculos, polo lado S.W. atopamos outro círculo, poderíamos aludir á xa citada teoría de Mircea Eliade do lugar central como lugar sagrado por excelencia²³. Blanco Freijeiro, referíndose ós círculos concéntricos e ás coviñas -tamén as hai na Pena Branca- fala de possibles símbolos estelares ou planos topográficos con fin máxico-relixiosos²⁴. O círculo representa o absoluto, a aspiración á perfección, o perfil máxico do firmamento ou, simplemente o círculo solar²⁵. Vázquez Varela fala de possibles

22. BRADLEY, R.CRIADO, “et al”: “Interrelación entre os petroglifos y el espacio natural”, *Minius II, III*, 1993.4, pp.17 a 28

23. ELIADE, Mircea: op. cit., p.79

24. BLANCO FREIJEIRO: A.E. Arq.núm. 31, 1958, pp. 168 A 175

25. DE CAMPEAUX, Gerad: op. cit., p.26

representacións solares, mapas de territorio, planos de poboados, plantas de vivendas, escudos e, en fin, sinais asociados á explotación do cobre²⁶.

Toda a Europa atlántica está ateigada de representacións astrais da época do bronce que podemos relacionar con símbolos espirituais próximos á idea do centro, antes descrita. Este representase por círculos concéntricos nos que se colocan por orde de prelación as divindades tántricas (idea do “mandala”). Temos así unha idea do mundo e o símbolo dun panteón. Aínda que maioritariamente estes gravados se acham na Europa atlántica, témolos en todo o mundo como no Cerro Pintado (Venezuela) dos indios Hiwi, que representan a culminación da perfección humana por medio de combinacións circulares concéntricas, asociadas estas imaxes ás alucinacións producidas polo consumo do yopo polo chamán.²⁷ Algo semellante se encontra en Cuba, na cova nº1 da Illa da Xuventude, ou na tribu amazónica Arawaca; todos relacionados con ceremonias de iniciación na que se empregan alucinóxenos que, en Galicia, poderían proceder da “amanita muscaria”, por ser usada por unha especie de chamán que, unha vez posto en trance, faría de intermediario entre o visible e o invisible, utilizando como imaxe simbólica os petroglifos, concretamente os círculos, combinacións circulares e semellantes²⁸.

As cazoletas: examinado o significado do círculo e da combinación de círculos concéntricos da Pena Branca, réstanos explicar as coviñas. Están situadas na parte máis cha e céntrica da pena en dous grupos: no primeiro grupo, orientado de N. a S., temos dúas coviñas separadas por 60 cm. aproximadamente, cun diámetro medio de 7 x 8 cm.e cunha profundidade de 1,4 m. (medidas aproximadas); case e perpendicular coas anteriores, separadas algo máis de 1m. , atopamos outras tres coviñas cun diámetro que vai dos 10 ós 16 cm. e cunha profundidade de 3 a 5 cm. (sem pre medidas aproximadas), e sospeitamos de varias máis. Ó noso entender, as coviñas deberían estar relacionadas coa combinación circular xa examinada.

Di Leroi Gourhan²⁹ que a cova é o símbolo da maternidade de moitos pobos; isto é, símbolo de reproducción, de fecundidade, da que en Galicia conservamos tantos restos no folclore e na tradición oral. Polo tanto, posiblemente sexan as cazoletas o símbolo de receptáculo maternal que podería servir de recipiente para ofrendas destinadas á propiciación de forzas sobrenaturais. As cazoletas son o tipo de petroglifo máis abondoso que, ademais, se prolonga no tempo dende fins do megalitismo (finais do milenio IV) ata os tempos históricos. O seu simbolismo, en todo caso, debe cambiar ó longo dese dilatado tempo. Se a fecundidade podería ser o primeiro significado

26. VÁZQUEZ VARELA, J.M.:”Petroglifos de Galicia”, serie *Galicia* núm.3, 1990, p.36.

27. COSTA GOBERNA “et al”: “Los grabados rupestres de Pena de Chaos y Pena da Moura” (San Fiz de Amarante, Antas de Ulla). *Brigantium* núm.8, 1983-4, p.112.

28. COSTA GOBERNA “et al”: op. cit, p.113. Sobre as combinacións circulares e a súa distribución en distintos países de Europa, véxase Richard Bradley e Ramón Fábregas:“A arte rupestre é sociedade”, *Historia da Arte Galega*, fascículo 4, pp. 62 e seguintes.

29. GOURHAN, Leroi: “Los cazadores de la Prehistoria”, *Biblioteca de Historia*, núm. 54, Barcelona 1986, p.148.

simbólico non se poden excluír outros significados como símbolos astrais ou de receptáculos mortuorios. Richard Bradley³⁰ afirma que o significado dunha cazoleta non é o mesmo se esta está illada que se forma conxunto con outras cazoletas e outros motivos, como no caso de Pena Branca, onde se ven cazoletas, un círculo e unha combinación circular; e posiblemente outros motivos cubertos pola maleza. Estes autores relacionan as cazoletas con recipientes para ofrendas, centros de rituais que posiblemente aludirían a calendarios lunares ou solares, ou simplemente representacións de estrela. Neste sentido Blanco Freijeiro relaciona as coviñas con símbolos estelares³¹.

En resumo, o conxunto da Pena Branca sería o lugar simbólico con moi boa visibilidade sobre o val da Castiñeira e sobre os cursos de augas próximos (Augas Roibas). Os gravados que acabamos de describir servirían de apropiación simbólica do contorno para grupos humanos pouco estables que pretendérían con ela remarcar o dominio sobre un territorio con recursos abondosos³². Sería o centro sagrado dun grupo humano sobre o que se depositarían as súas ofrendas acompañadas de ritos máxicos, posiblemente dirixidas por unha especie de chamán que faría de intermediario entre o visible e o invisible.

Incluso en épocas xa históricas, fálase en Galicia de ritos máxicos priscilianistas realizados en ouseiros ou sobre penas, estreitamente liagados con antigos cultos astrais adicados ó sol ou á lúa. Os labregos dos primeiros tempos cristiáns seguen a realizar ofrendas de froitos ó sol e á lúa sobre pías, cazoletas, ou círculos concéntricos, dos que aínda podemos ver certas pervivencias do folclore galego como o magosto. O feito está documentado por Hidacio, que acusa a Prisciliano, entre outras cousas, de practicar cultos ó Sol e á Lúa³³ (debuxo 1).

2.2. A Pena dos Mosqueiros

Esta pequena estación de inscríxions pétreas atópase na aldea de Gunxel, parroquia e concello da Capela, no lugar chamado da Aira de Mallar. Trátase dunha pena de granito residual dun conxunto que foi utilizado de canteira, probablemente durante séculos; polo que, debemos deducir que as inscríxions pétreas deberon ser moito más numerosas en tempos pasados, antes de que a maior parte da pena fose arrasada por canteiros (foto 3). O que queda da pena, chamada dos Mosqueiros, está xusto no bordo superior do canón do Eume, próxima á antiga Colexiata de Caaveiro. Tamén preto da antedita pena, mantense aínda dereito dereito o antigo pazo que servía de sede ós coéngos de Caaveiro cando visitaban a capela.

30. BRADLEY, Richard; CRIADO BOADO e Ramón FÁBREGAS: "Interrelación entre os petroglifos y el espacio natural", *Minius II e III*, 1993-4, pp.17 a 28.

31. BLANCO FREIJEIRO: op. cit. p. 168 A 175.


32. BRADLEY, Richard; CRIADO BOADO e Ramón FÁBREGAS: op. cit., pp.17 A 28

33. MONTEAGUDO, Luís: "La religiosidad en Galicia", *Anuario Brigantino*, núm.19, 1996, pp.102 e 103.

Os motivos que facilmente se poden observar desta pena son: catro cruces, un cadrado con cazoleta central e unha cazoleta illada, e outras marca (debuxo 2). Das catro cruces, tres son claramente modernas, de riscos profundos e estreitos; namentres que a terceira cruz, moito máis grande (ten 16 cm. no lado longo e 12 cm. no curto), é claramente antiga, con trazos moi anchos (tres cm. aproximadamente) e bordos redondeados e suaves.

Aínda que hai autores para os que a cruz é un dos primeiros gravados que reprezentan o home de forma esquemática -e así está demostrado nalgúns petroglifos³⁴-, polo tipo de motivo que atopamos en Gunxel debemos deducir que, se son antigos, sono só relativamente.

Ferro Couselo³⁵ sitúa a maior parte destas cruces entre o século X e o XVI da nosa era, afirmando que todos eles son signos de demarcación e que en sucesivas demarcacions se foron agregando cruces na mesma pena. Este semella ser o caso que nos ocupa, pois, áinda que poderían ser máis antigas, cada unha das catro cruces parece de época diferente. A más antiga delas podería ser dos primeiros séculos da alta idade media, na que sabemos que había na zona unha "villa" documentada desde o ano 936³⁶ pero que, sen dúbida, as súas orixes debería ser baixo-romanas. As outras tres cruces pertencerían a sucesivas etapas de demarcación, unha delas, polos seus trazos, posiblemente de época relativamente recente.




Debuxo 1: A Pena Branca

34. DE LA PEÑA SANTOS, Antonio; J.M. VÁZQUEZ VARELA.: *Los petroglifos gallegos*, Edicións do Castro, A Coruña 1982, pp. 50 a 54.

35. Para este tema, ver Vázquez Varela: "Los Petroglifos", Tomo IX *Galicia Arte*, Ed. Hércules, A Coruña 1984, p. 115 a 117

36. ALONSO PICA, Rafael: "O topónimo de Caaveiro". Revista *Cátedra*, núm.3. Pontedeume, 1996, p.11.

37. Para este tema ver Vázquez Varela: "Los Petroglifos" Tomo IX *Galicia Arte*, Ed. Hércules, A Coruña 1984, p.115 a 117.



Debuxo 2: A Pena dos Mosqueiros

O cadrado: Trátase dunha figura case perfecta. Un cadrado de 15 cm. de lado, agás un que só ten 13 medidas (medidas aproximadas), cunha pequena coviña no centro. O mesmo que na cruz antes descrita, o que nos chama a atención deste motivo é o gran desgaste erosivo que presentan os seus trazos, más anchos ca profundos e con bordos redondeados e suaves, o mesmo cá coviña central, moi desgastada polos bordos.

Son moitos os autores que afirman a historicidade de cruces e cadrados, amén doutras figuras xeométricas, entre os que sobresaen o xa citado Ferro Couselo, Antonio de la Peña Santos, Vazquez Varela, etc.³⁷ Sen embargo, a única explicación que se nos ocorre é que o conxunto pétreo antes de ser desmantelado por canteiros (só queda un anaco

Foto 3: A Pena dos Mosqueiros. Gunxel-Capela.



pequeno) contivo moitos gravados dos que só queda a coviña e mais o cadrado, ademais das cruces engadidas en tempos posteriores, posiblemente a principios da era cristiá algunas e outras máis tarde. Outra posibilidade consistiría en que os tres motivos aparentemente más antigos: cadrado, cruz grande e coviñas (estas danse en períodos tan distantes como finais do neolítico e principios da época histórica) pertenzan ós primeiros tempos do cristianismo onde os sinais de término, como o cadrado e a cruz, estarían acompañados de coviñas das que só queda unha, como pervivencia das crenzas antigas que segundo testemuñamos antes están documentadas na época de Prisciliano³⁸.

En todo caso, tanto cruces coma o cadrado parecen estar más que nada relacionadas con finalidades de demarcación³⁹, namentres que as coviñas, moi abondosas entre motivos rupestres galegos, non teñen unha explicación sinxela. Neste sense remitimos o lector á explicación dada sobre este motivo a propósito da Pena Branca xa estudiada.

Chámanos moito a atención, por outra banda, a existencia de dúas pías nas que se poden percibir claramente dúas saídas artificiais moi desgastadas, practicadas nos seus bordos. Estes sinais, aparentemente antigos, poderían estar relacionados coas prácticas habituais en lugares de gravados rupestres de realizar incisións, incluso cazoliñas no interior das pías producidas pola erosión ambiental, con fins máxico-relaxiosos.

Para rematar habería que facer unha pequena reflexión sobre esta pequena estación rupreste, no senso de que estas noticias que adiantamos non son más ca un preámbulo dun estudio moi

Foto 4: Os Corregosos. Vista Xeral



máis profundo do contorno da Pena dos Mosqueiros.

2.3. Os Corregosos

A terceira estación que presentamos, a máis problemática, atópase no conxunto granítico situado xunto a Vilar de Mouros⁴⁰, parroquia de Cabalar, concello da Capela (foto 4). Sitúase a uns 1000 m. do centro da aldea, nunha elevación de arredor de 200 m. sobre a estrada que cruza

38. MONTEAGUDO, Luís: op. cit.102 e 103.

39. Sobre este tema ver: Vázquez Varela: "Los Petroglifos" Tomo IX *Galicia Arte*, Ed. Hércules, A Coruña 1984, p.116; Antonio de la Peña Santos e J.M. Vázquez Varela, op. cit. p.93; Antonio de la Peña Santos e Alfredo García Alén: op. cit. p 20-21; Xesús Ferro Couselo: *Los petroglifos de término*, Ourense 1952, pp.47 a 61.

40. O nome de Vilar de Mouros debe ser antiquísimo, xa que aparece citado no suposto documento fundacional de Caaveiro do ano 936. José I. Fernández Viana et al: "Tumbo de Caaveiro", Revista *Cátedra*, núm.3, Pontedeume, 1996, p.312.

Vilar de Mouros. Coñécese como Os Corregosos ou tamén, ó dicir das xentes, Corregosas. O termo alude a unha superficie pétreas e inclinada sobre a que se practica o xogo de escorregar: deslizamento sobre un soporte de ramas, madeira ou lousa. O mesmo termo atopámolo en toda a costa atlántica de Galicia, sempre relacionado con lugares onde se practicaba o mesmo xogo, ás veces en estacións rupestres. Na parroquia de San Braulio de Caaveiro, na Ponte da Veiga, oímos falar da Pena da Escurridía á que acudían os rapaces e rapazas a practicaren o citado xogo sobre rastros de xestas.




Foto 5: Os Carregosos: 1. Pena das Capas, 2. Pena do Demo.

O conxunto dos Corregosos consta de varios penedos de granito con dúas grandes unidades que destacan sobre o resto: a Pena do Demo e a Pena das Capas. Nestas dúas penas é onde se atopan os gravados que imos comentar a seguir (foto 5).

A Pena do Demo

Trátase dunha granaxe situada na parte superior dunha elevación dentro do conxunto dos Corregosos, paralela a un regato que corre por unha inflexión do terreo. Este divídese en dúas partes por unha diaclasa, tamén paralela ó regato que citamos antes. A pena ten uns 70 m. de longo por uns 50 m. de ancho e unha inclinación moderada, máis pronunciada na parte superior ca na base (ver foto 5). Está orientada de norte a sur.

O nome deriva da tradición popular da que nos deron os veciños de Vilar de Mouros varias mostras. A parte esquerda da Pena do Demo ten dúas marcas lonxitudinais de norte a sur, paralelas e, aparentemente, intencionadas (mesmo semallan notarse rastros de percusión no seu trazado) que os veciños chaman “As Rodeiras do Demo” (foto 6). Estas marcas, de difícil explicación, os mesmos veciños atribúenlas ó Demo, o que, sempre segundo os mesmos, os seus antergos oían de noite berrarlle ós bois que baixaban tirando dun carro cargado de pedras. As marcas foron realizadas, segundo esta tradición, polas rodeiras do carro do demo. É máis, unha veciña explícounos que unha sucesión rochosa situada no bordo das Corregosas é froito dun carro de pedra carrexeado polo boi do demo e que quedou no sitio despois de moitos berros do diaño por ser esconxurado por un veciño.

Outra veciña de Vilar de Mouros contounos que, ademais das rodeiras do demo, tamén de conservan os sinais das grades do demo, en alusión a unha posible espiral que atopamos nesta pena e outra na Pena das Capas - que comentaremos más adiante (foto 7).

Rodeiras do Demo, ou Gradeiras do demo, non só explican o nome da pena senón que tamén aluden, de xeito claro, á parfernalia da tradición oral que normalmente está relacionada con inscricións pétreas, tipo petroglifos. En todo caso, nosoutros temos serias dúbidas sobre a orixe dunha gran parte das figuras que aparecen nesta pena, que, nalgún caso, parecen reproducir incluso a forma dunha cabeza humana. Deberase ter en conta que a zona foi durante moitos séculos empregada como canteira, da que aínda se ven hoxe restos de bloques soltos, espallados pola aba, amén dunha gran cavidade na base da Pena das capas, que non hai moito aínda estaba aberta. Sen dúbida que, ademais das marcas de canteiros -que máis adiante comentaremos-, algúns quixeron emular os antigos artistas pétreos autores de petroglifos.

Aínda así, atopamos na Pena do Demo figuras que, con todas as reservas posibles, se nos semellan insculturas prehistóricas.

O motivo principal da Pena do Demo que centra a nosa atención é un gravado situado na parte dereita desta, nunha zona de pouca inclinación pero moi desgastada pola erosión e, sen dúbida, pola práctica de escorregar que en tempos practicaban na pena nenos e mozos⁴¹. Trátase dunha figura en espiral na que algúns trazos son moi difíciles de distinguir (foto 7). En calquera caso a figura parécenos de moito interese para futu-



Foto 6: Os Corregosos:Rodeiras do Demo.

Banastreiros que tiveron contratos para abastecer a casa de banastrería, anos en que realizaron os traballos e lugar de procedencia:

- Allegue, Francisco (1756-1766). Porto.
- Allegue, Silvestre de (1740-1756). Porto.
- Anca, Andrés de (1737-1740). Porto.
- Anca, Antonio de (1714-1729). Porto.
- Anca, Domingo de (1751-1756). Porto.
- Bajoeiro, Andrés (1766). Porto.
- Balseiro, Manuel (1724-1751). Porto.
- Carpente, Antonio (1766). Pontedeume.
- Díaz Paz, Juan (1729). Ares.
- Díaz, Domingo (1714-1756). Breamo.
- Dios, Joseph de (1737). Redes.
- Dios, Pedro de (1684). Betanzos.
- Fariña, Mathias (1687). Betanzos.
- Freire, Alonso (1686). Pontedeume.
- Freire, Juan (1684-1724). Pontedeume.
- García, Francisco (1686). Betanzos.
- García, Francisco (1724). Porto.
- Gómez, Domingo (1729). Pontedeume.
- Grey, Juan (1714). Pontedeume.
- Leira, Pedro de (1751-1766). Vilar.
- Lorenzo, José Felipe (1684-1686). Pontedeume.
- Lorenzo, Roque (1684-1700). Pontedeume.
- Mariño, Andrés (1684-1700). Pontedeume.
- Meilán, Antonio (1684-1687). Pontedeume.
- Paz, Antonio (1724). Pontedeume.
- Paz, Pedro (1724). Pontedeume.
- Pérez da Veiga, Manuel (1714-1756). Pontedeume.
- Pérez, Nicolás (1766). Porto.
- Pernas, Antonio (1686). Pontedeume.
- Quintana, Nicolás de (1724-1756). Pontedeume.
- Rio, Francisco del (1751-1756). Pontedeume.
- Rodríguez, Alonso (1690). Betanzos.

La Ilustración Gallega y Asturiana.
Debuxo ó natural de don José Cuevas.



Tobias, Alonso (1687-1700). Pontedeume.
Vaamonde, Pedro (1737-1751). Porto.
Veloso, Antonio (1687-1700). Pontedeume.
Veloso, Domingo (1687-1700). Pontedeume.
Veloso, Silvestre (1683-84). Pontedeume.
Vilela, Andrés (1693-1700). Pontedeume.
Villa, Domingo de (1766). Porto.

O ARRENDAMENTO

Como a maior parte dos impostos municipais no antigo réxime, a banastrería sacábbase a pública subhasta deixándose en arrendamento ó maior postor. Deste xeito o Concello obtiña unha cantidade fixa por parte do arrendatario correndo este cos riscos do negocio. Os contratos facíanse todos por un tempo determinado, sendo o normal un período de 3 anos. O arrendatario comprometíase a dar abastecemento á vila dos productos incluídos no imposto que eran todo tipo de banas-tras, esteiras e cordas.

Os pasos a seguir para facer o remate do imposto consistían na fixación de cédulas na praza pública e lugares habituais, convocando ós rematantes para un día determinado, que viña sendo a finais de decembro ou primeiros días de xaneiro. Ese día celebrábase a poxa na praza ás portas da casa do concello, estando presentes o alcalde maior e o alcalde ordinario. Acendíase unha candea de cera, que mentres non se apagaba era o tempo do que se dispoñía para facer as poxas, adxudicándoselle ó maior postor no momento en que se apagase a candea.

O arrendatario e dous fiadores respondían de dar cumprido o abasto de banastras, esteiras e cordas nos anos que durase o contrato, que eran xeralmente tres, así como do pagamento da cantidade estipulada no arrendamento. As ganancias dependían da abundancia de sardiña e doutros motivos - como xa se verá.

O prezo do arrendamento ou remate mantense praticamente uniforme desde 1623 ata 1659, limitándose a oscilar entre os catro mil reás que pagaba Juan Martínez en 1626 por un período de tres anos e os cinco mil reás que pagou Francisco Gomez en 1659 polo mesmo período de tempo.

UN TRISTE EPISODIO

A alza máis importante acontece no ano 1677, no que a adxudicación do remate non estivo moi clara. Foi unha loita entre Francisco Vázquez e Cristóbal Marmolexo, que subiron o remate a unha cifra nunca antes coñecida de 7.000 reás cada ano. Adxudícaselle nun primeiro momen-



Pontedeume arredor de 1920, do Catálogo da exposición: Galicia a principios do s. XIX (colecc. postais). Arquivo do Reino de Galicia.

to a Cristóbal Marmolexo, pero por unha reclamación de Francisco Vázquez, que subiu a poxa unha vez xa rematado o prazo, fixo que fora este quen se fixera co arrendamento da banastrería. O asunto entre os dous contendentes pasou a ser entendido pola Real Audiencia.

Sería esta unha loita infructuosa, xa que estes foron os peores anos, economicamente falando, do século XVII. A esperanza de poder quitar unha boa tallada con este negocio vai rematar nun tremendo fracaso que traería a miseria e o cárcere para o rematante e os seus fiadores.

Estes anos de crises foron debidos a dúas causas: en primeiro lugar a falta de pesca de sardina e en segundo lugar unha causa máis xeral a toda a economía como foi a baixa da moeda. O ano de 1680 foi desde todos os puntos de vista o ano fatal do reinado de Carlos II; en febreiro chegou a gran devaluación monetaria, que tivo efectos devastadores ó longo de varios meses. A deflación ou reabsorción de circulación de vellón non se produciu sen drama, as xentes humildes quedaron privadas da súa moeda ordinaria o que influíu negativamente no comercio e en toda a economía. Por outro lado, os debeedores que pediran prestado en tempos de mala moeda víronse obrigados a reembolsar os préstamos na nova moeda, que valía dúas veces máis, orixinando a creba de moitos deles¹⁶.

16. KAMEN, Henry (1981). LYNCH, John (1975). DOMÍGUEZ ORTIZ, Antonio (1979)

Así pois, empezaron os problemas para o arrendatario do imposto; en 1680 o Concello reclamoulle o importe referido dos tres anos que Francisco Vázquez non pudo pagar. No mes de novembro é conducido ó cárcere público xunto cos seus fiadores Juan Ares de Vilacoba e Antonio Basante, embargándonselles os bens mobles, que se sacaron á venda en almoeda pública no 1681.

Neste mesmo ano, Francisco Vázquez pídelle ó Concello que se lle faga unha rebaixa no importe da débeda:

"...de caridad en ello acerme la baxa que fuera justo y fueran servidos amparan - dome como becino y basallo y no me acabe de distruir de todo, pues ya no ay por donde comer..." .

O Concello celebrou unha xuntanza coa participación dos veciños para que estes puideran dar a súa opinión no referente a este asunto. A maioría optou por ser contrarios á baixa do imposto:

"...dixeron no se hiciese ninguna Baja al dicho Francisco Vazquez, y que pagase a esta dicha villa todo lo que le devía de renta de la banastería que si tubiera en ella mucha ganancia no iba debolver nada..."

Alegou á Real Audiencia para que lle fose reducida a conta que debía pagar, presentando varias testemuñas da mala época que lle tocara en sorte. Así unha das testemuñas por el presentadas expresábase nos seguintes termos:

"...la renta de la banasteria de dicha villa no a thenido util alguno...ni en todos ellos hubo pesca de sardina ni ansi mismo por esta causa se an vendido banastas

algunas, y ademas de lo referido sobrevino la Baja de la moneda dicho año de ochenta por varias causas. En la villa de Ares y otras partes se hizo vaja a los arrendatarios de la renta de banastería y otras; y de como dicho mi parte a empleado enorme cantidad de dinero en las banastas esteras y cuerdas y para ello bendio la mayor parte de su acienda y por la falta de dicha pesca de sardina no pudo venderlas y se an podrido y dañado sen que sean de probecho alguno, por cuyos accidentes esta dicho mi parte pobre y perdido..." .

Redúceselle finalmente a cantidad que se debía pagar: dos vinte mil reás que debía quedoulle na metade, que foi pagando a prazos según consta nas libranzas feitas a favor deste.

Malia este problema a banastrería seguíuse alugando. Así en 1680 arréndase a Manuel de Tiras, pero polo acontecido anteriormente especificábase neste novo contrato o seguinte:



*"...Aunque subceda caso de esterilidad por pocas o muchas aguas piedra niebla
fuego peste guerras falta de sardina que la aya o no la aya ni por otros ningun
casso que subceda pensado o no pensado cassos onopinados y no pensados y mas
que puedan subceder lo que nuestro señor no permita que ni por eso an de poner
les quanto alguno a las dichas pagas sino quelas an de acer llanamente y decon -
tado sobre que rrenunciaron las leys que ablan en rraçon de las esterilidades de
los arrendamientos y mas que ablan en su favor en toda forma se apartan
dellas...".*

Non poderá acabar o arrendamento feito por tres anos xa que morreu ó pouco tempo.
Volveuse a arrendar en 1681 a Bartolomé Rodríguez, que será o último arrendatario deste imposto.

FIEL DE BANASTRERÍA.

A partir de aquí este imposto vai depender directamente do Concello, quen nomeaba unha persoa para realizar o traballo e que se denomina *Fiel de Banastería*, que era un empregado, pero á parte desto tiña en esencia as mesmas funcións que os anteriores arrendatarios.

A estos fieis facíasellos un contrato no que se estipulaban as condicións polas que se deberían rexer. Como exemplo o realizado a Juan Paz de Mella no ano 1716:

*"En la villa de Puente deume a veinte y un dias del mes de jullio de mill settecien -
tos y diez y seis por ante mi escribano Su mz Don Gabriel antonio Pineyro de Ulloa
Alcalde Hordinario desta Villa y su jurisdición con asistencia del regidor Don
Andres Mosquera Luis Rodriguez de Castro procurador General dijeron que por
 quanto se ha tomado la quenta a Bernardo Cavarcos fiel que ha sido de la
Banasteria de esta Villa de lo que estubo a su cargo y perteneciente a ella y por
motivos que sus merzedes Justicia y rregimiento an tenido le an despidido de
dicho oficio y el dia diez y nueve del corriente en el ayuntamiento que an zelebra -
do nombraron por nuevo fiel de dicha banasteria a Juan Paz de Mella Vezino desta
villa con la obligacion de servir dicho oficio y por razon de su salario al año
Ciento y sesenta Reales con calidad de que havia de hacer obligación de dar quen -
ta de ttodo El ynporte que produjeren las Banastas asi Maragattas como avaden -
gas Cuerdas esteras tapas y Banastas de escaveche que le fueren entregadas ven -
diere y consumiere En la casa de la vanasteria de dicha villa presente dicho Juan
Paz de Mella que dijo Cumpliendo que lo acordado por dichos señores se obliga -
va y obligó con su persona y vienes muebles y rayzes avidos y por aver de dar
quenta de todas las Vanastas avadengas Maragatas de escaveche tapas cuerda
esteras grandes y pequeñas que le fueren entregadas en dicha casa de la
Banasteria a los precios que están señalados y asistirá asi de noche como de dia
en dicha Cassa a vender los generos sin (remora) Alguna y dar la quenta de su pro -*

*dutto en los meses que por sus merzedes le fuere pedida asi de lo que estubiere con - sumido como en ser mientras corriere con dicho oficio.."*¹⁷

Faise constancia no texto que o fiel debe presentar as contas detallando os ingresos e os gastos. Estes fieis de banastrería xa non se encargarán do trato cos banastreiros ou da compra de banastras, que realiza xa directamente o Concello.

O RENDEMENTO DO IMPOSTO

As ganancias con este imposto eran bastante importantes. Aínda que non posuímos datos anteriores a 1656, a partir de aquí si atopamos algúns que, aínda que de forma esporádica dan unha idea bastante aproximada.

Hai que partir da base que os prezos de venda na Casa de Banastrería non eran libres, viñan prefixados polo Concello. Practicamente se mantiveron constantes ó longo de todo o período estudiado, así o prezo do cento de banastras abadengas foi de 250 Rs. dende 1687 ata o final do imposto arredor de 1766. O mesmo sucedeu coas banastras maragatas, en que o prezo foi de 150 rs o cento ó longo destes anos, malia a inflación.

As variacións máis importantes no prezo de venda acaeceron entre os anos de 1677 a 1684, que foi debido ó cambio de moeda e a deflación como xa se explicou. Pola súa parte os prezos a que se lles pagaban as banastras ós banastreiros segue a evolución normal dos prezos.

Prezos (reás o cento) a que se mercaron as banastras ós banastreiros e venderon na Casa da Banastrería:

Anos	<u>B. Abadengas</u>		<u>B. Maragatas</u>	
	<u>Compra</u>	<u>Venda</u>	<u>Compra</u>	<u>Venda</u>
1656		150		100
1677		300		175
1681		300		200
1684	50	/ 150	44	/ 106
1687	50	/ 250	44	/ 150
1689	57	/ 250	46	/ 150
1724	50	/ 250	42	/ 150
1737	60	/ 250	46	/ 150
1744	64	/ 250	52	/ 150
1751	80	/ 250	60	/ 150
1755	100	/ 250	70	/ 150
1766	125	/ 250	75	/ 150

17. AMP. Expts. de banastrería. C-154.

Pódese contemplar con estas cifras o gravoso deste imposto, que viña a significar un 300% sobre o valor das banastras, ata mediado o século XVIII en que empeza a decaer na súa importancia.

O número de banastras vendidas variaba segundo o ano, polo que habería que facer un seguimento anual para o que non dispoñemos de datos suficientes, pero normalmente oscilaban entre 2.500 a 3.500 banastras abadengas vendidas.

Nos últimos anos do imposto vese un aumento nas vendas destas banastras, pero hai ó mesmo tempo un descenso das banastras maragatas, que pasan das aproximadamente 3.000 vendas anuais a principios do século XVIII a escasamente 500-700 dende 1740 en adiante.

A MEDIA BANASTRA, TAPA, ESTEIRA E CORDA

Derivado da banastrería aparece este imposto, coñecido popularmente como a *perdida*. Hai noticia del desde finais do século XVII, incluído dentro do imposto de banastería, e a principios do século XVIII aparece como independente¹⁸.

Séguese o mesmo sistema que para o da banastrería, áinda que, a diferenzia da anterior, aparece sempre arrendada mediante un contrato como na primeira época da banastrería, pero o importe e considerablemente menor. Nalgúns documentos hai referencia ó dereito de empipado que pertencería tamén ó de media banasta¹⁹.

PROBLEMAS COAS RENDAS REAIS

Os problemas co goce deste imposto por parte do Concello comezaron cedo. Xa no 1706 un Real Decreto se valía dos propios dos pobos para a urxente defensa dos Reinos, insistíndose no mesmo motivo no ano 1711, cando se pide unha relación dos propios das vilas. Áinda non se esquecera o que pasara coa *Diezma de la mar*²⁰, da que gozara a vila de Pontedeume ó longo de moitos anos e que xa pasara a engrosar as rendas reais.

Pontedeume protesta polo que considera un menoscabo dos seus dereitos e privilexios, aducindo que é un imposto imprescindible para os arranzos da ponte, e presentando os privilexios da vila, onde constaba o imposto de banastrería. Malia esto, tería que ceder un tercio das ganancias entre os anos 1706 a 1716, finalizado o cal quedou libre de contribuír²¹.

18. AMP. Expts. de Propios e Arbitrios.

19. AMP. Documento de Propios 1765. C-127.

20. Esta contribución remata no 1671. AMP. Expts. relativos a *Diezma de la mar*.

21. Unha relación pormenorizada deste asunto fáinola don Gregorio Sanchez de Andrade. AMP. Libro Rexistro de Propiedades do Concello. C-454.

O FINAL DO IMPOSTO

Os últimos documentos de banastrería chegan ata o ano 1766, en anos posteriores xa non se cobrou este imposto. Hai soamente algunha referencia dentro do Libro de Acordos da Xunta de Propios á necesidade de remover o imposto das sardiñas, pero non aparecen máis contas referidas a el. Seguíuse cobrando durante algúns anos máis o de *tapa, cuerda y estera*, que chegará ata o ano 1781²².

Quedaron na Casa de Banastrería unhas cantas banastras, das que durante varios anos se facerá mención da súa existencia dentro das contas de propios, ata finais do século en que quedan definitivamente excluídas²³.

As causas do declive deste imposto foi a progresiva industrialización da pesca, que aconteceu na segunda metade do século XVIII. Factor importante neste foi a introducción dos cataláns nas costas galegas e o cambio que trouxeron consigo nas artes e explotación da pesca²⁴.

Modifícanse a partir deste momento a estructura de actividades así como os sistemas de elaboración e conservación, coa introdución dunha nova tecnoloxía máis productiva e rendible que a tradicional. Unha mostra desto é o cambio nas artes de pesca, valánse de xávegas, bous e boliche en contraposición coas artes más tradicionais dos pescadores galegos que usaban rapeta, chinchorro, traíña, cedazo e xeito.

Esta presencia de comerciantes cataláns en Pontedeume vémola constatada nos documentos municipais xa do ano 1755 e posteriores²⁵. Así neste ano chegaron catro embarcacións que se dedicaron a faenar na sardiña, levantando almacéns no areal da vila. Comentase así mesmo a lesión que lles supoña ós intereses dos pescadores e mercaderes da poboación, ademais de ás arcas municipais xa que collían sardiña e a embarcaban para comerciala noutros lugares, negándose a pagar o imposto de banastrería.

Na década dos anos sesenta incrementouse o afincamento de negociantes cataláns que simultaneaban o tráfico de sardiña coa introducción de viños do seu país. Don Antonio Meijide²⁶ fai mención de varios destes comerciantes como Ramón Rafols, Josep Solé, Josef e Tomás Vadell,

22. AMP. Libros de Acordos da Xunta de Propios de 1781.

23. AMP. Contas de Propios e Arbitrios destes anos.

24. Son numerosos os traballos publicados sobre a influencia dos cataláns na Galicia do século XVIII, de entre elles recollemos os seguintes: BEIRAS, X. M. (1972); ALONSO ALVAREZ, L. (1977); CALO LOURIDO, F. (1980); GARCIA BAYÓN, Carlos (1967); MEIJIDE PARDO, A. (1958); e en concreto para Pontedeume MEIJIDE PARDO, Antonio (1993).

25. AMP. Libros de Actas Capitulares de 2 de nov. de 1755 e 7 xullo, 20 de agosto de 1757. C-4.

26. MEIJIDE PARDO, Antonio (1993).

Jaime Moret, Cristóbal Solé, e posteriormente na década dos oitenta Josep Illá, Juan Fontanals, Robert e Josep Guasch.

A perda de importancia e a posibilidade de desaparición do imposto de banastrería xa se puxo de manifesto no 1765, no que se di:

*"...por el dia treinta de junio pasado se finalizó el arrendamiento de ttapa cuerda y esttera y derecho de media banasta, por no aver avido postor a ello acordó la Villa se pusiese en administración dando quenta a su señoría el Señor yntendente General deste reino, y expresandole, que los mottivos, que avia por no haver posturas, eran el de que los Cattalanes se rresistian de pagar el derecho de ympipa - do perteniente al citado propio de media vanasta, y su señoría rrespondio de que este rrecurso y question de la Villa de Ares con los Cattalanes, se hallava pendiente de rressolucion..."*²⁷

Unha Real Orde de 18-2-1784 deixa finiquitado este imposto:

*"Que los pescadores, trágneros, ó sujetos particulares que fomentan la pesca, tengan la libertad de valerse de las banastas, barriles ú otros utensilios ó recipientes, de que proveen algunos pueblos para las conducciones ó transportes de los productos del Reyno en virtud de concesiones ó privilegios particulares, siempre que les convenga, ó de usar libremente de las banastas, barriles ú otros utensilios que hagan de su cuenta para el fin...."*²⁸

BIBLIOGRAFÍA.

- ALONSO ALVAREZ, L.: *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen*. Madrid, 1977.
- BEIRAS, X. M.: *O atraso económico de Galicia*. Vigo 1972.
- CALO LOURIDO, F.: *As artes de pesca*. Santiago, 1980.
- CORNIDE, J.: *Memoria sobre la pesca de sardina en las costas de Galicia*. Madrid, 1774.
- CORNIDE, J.: *Memorias sobre la pesca de la sardina, y ensayo sobre historia de los peces en Galicia*. A Coruña, 1788.
- DOMÍNGUEZ ORTIZ, Antonio: *El Antiguo Régimen: Los Reyes Católicos y los Austrias*. Alfaaguara. Madrid, 1979.
- GARCÍA GALLO: "Los Fueros de Benavente". *Anuario de la Historia del Derecho Español*, páxs. 1.143-1.192.
- GARCIA BAYÓN, Carlos: "Catalanes en Galicia". Rev. *Irmandade*, nº 19 de 1967.
- GIL DE BERNABÉ, José Manuel: *Galicia artesana*. Ed. Everest. León, 1988.

27. AMP. Exp. de Propios e Arbitrios. C-127.

28. Novissima Recopilación. Libro VII. Titulo XXX, páx. 648.

- GONZÁLEZ, J.: "Fuero de Benavente de 1167". *Hispania* 9, 1942, páxs. 619-626.
- KAMEN, Henry: *La España de Carlos II*. Ed. Crítica. Barcelona, 1981.
- LOPEZ FERREIRO, Antonio: *Galicia Histórica*, T-I. Santiago, 1901. Páxs. 161-169.
- LYNCH, John: *España bajo los Austrias* (T-II). Ed. Península. Barcelona, 1975.
- MEIJIDE PARDO, A.: "La penetración económica catalana en el puerto gallego de Mugardos: 1760-1830. Pedralbes". *Revista de Historia Moderna*, nº 4. Barcelona 1984.
- MEIJIDE PARDO, Antonio; "Aspectos de la vida económica de Pontedeume en el siglo XVIII". *Anuario Brigantino*, nº 16 de 1993. Páxs. 61-73.
- MEIJIDE PARDO, Antonio; *Economía marítima de Galicia cantábrica del s-XVIII*. Valladolid. 1971.
- MEIJIDE PARDO, Antonio: *El Puerto de la Coruña en el S-XVIII*. A Coruña, 1984.
- MÉNDEZ GARCÍA, Rosa e SÁENZ-CHAS DÍAZ, Mª Belén: *A cestería*. Caderno nº 7 do Museo do Pobo Galego. Santiago, 1993.
- PÉREZ CONSTANTI, Pablo: *Notas Viejas Galicianas (La industria pesquera en Galicia)*. Vigo, 1927. Reedición da Xunta de Galicia, Santiago, 1993.
- RODRIGUEZ GONZÁLEZ, Eladio: *Diccionario Encyclopédico Gallego-Castellano*. Ed. Galaxia. Vigo, 1958. Voz Banastrada.
- RUIZ DE LA PEÑA, J.: *La expansión del Fuero de Benavente*. Arquivos Leoneses, 1978.
- SANCHEZ SANZ, MªElisa: *Cestería tradicional española*. Ed. Nacional. Madrid, 1982.
- VVAA: *Novisimo Diccionario de la Lengua Castellana*. Librería Garnier Hermanos, París, 1884. Voz Banasta.

FONTES DOCUMENTAIS.

Arquivo Municipal de Pontedeume (AMP):

- Goberno: Libros de Actas capitulares.
- Facenda: Expts. do imposto de Banastrería.
- Facenda: Expts. relativos a *Diezma de la mar*.
- Facenda: Contas de Propios, arbitrios e consumos.
- Facenda: Libros de Acordos da Xunta de Propios.
- Cultura: Documentos relativos ó Arquivo Municipal.
- Patrimonio: Libro Rexistrador de Propiedades do Concello.

PEREGRINACIÓN, HOSPITALIDADE E PEGADAS XACOBÉAS NA COMARCA EUMESA

Xesús Andrés López Calvo

I. INTRODUCCIÓN

Abordarmos o tema de relacionar a bisbarra eumesa coas peregrinacións a Santiago de Compostela é asumirmos o risco de investigar sobre un tramo de camiño con escasa proxección, por canto que, malia os indicios que mencionarei, non poderemos concluír máis que estamos a nos referir a unha ruta secundaria de acceso a Santiago aproveitando os peregrinos a rede extraordinaria de camiños levantados sobre vellas vías romanas.

Agora ben, se coidamos que é verdade que todos os camiños conducen a Roma, non será difícil comprendermos que moitos tamén foron, orixinariamente, os camiños empregados polos peregrinos antes de que o *Camiño Francés* se propuxese como itinerario típico de acceso a Santiago.

Na redacción deste artigo non nos cinguiremos a unha información polo miúdo dos datos obtidos. Tentaremos, tamén, chamar a atención sobre a importancia da tradición xacobea no desenvolvemento da historia da bisbarra eumesa, sobre todo na súa época medieval.

Facémolo motivados, en primeiro lugar, pola propia Declaración do Consello de Europa sobre Santiago, de outubro de 1987, onde se facía un chamamento ás autoridades, ás institucións e ós cidadáns para manteren activo o proxecto de identificación dos “camiños” de Santiago sobre o conxunto do territorio europeo. En segundo lugar, motívanos dar ó pasado o protagonismo que se merece. A gran reserva dun pobo é a súa memoria. Ela, como modelo do que foi e, sobre todo, como recordatorio do que pudo ser e non se acadou, constitúe o tesouro das súas posibilidades. Trátase, claro está, da memoria viva e activa, o que Hegel chamou *Erinnerung*. É dicir, dunha memoria que non se comprace nas glorias pasadas para nos consolar pasivamente, senón a que se apropia activamente do pasado, que o *mete dentro* (iso significa *er-innerung*), para realizar o que quedou no intento ou promesa¹.

Pontedeume e a súa bisbarra ten unha longa e fonda memoria. Demóstrano os comportamentos, tradicións, hábitos e costumes que, malia as súas esaxeracións, seguen vivos e efectivos no quefacer cotián. O fenómeno xacobeo, milagrosamente universal, diálogo do home co misterio

1. Cf. A.TORRES QUEIRUGA, “O Ano Santo: chamada e desafío á Igrexa Galega”, en *Encrucillada* (1992) 80, 489-508.

de Deus, aberto en cultura, contacto humano dos milleiros de camiños do mundo, é un fenómeno presente en medio de nós, non só coa impresión en pedra transfigurada en arte inmortal, senón na convocatoria que Santiago fai cada certos anos a toda Galicia, coa celebración do Ano Santo Compostelán. Santiago convoca a Galicia, e cada pobo, en ritmo orixinal e énfase senlleiro, responde a esa convocatoria. O noso estudio é, se cabe, unha descripción da resposta de Pontedeume e bisbarra a esa convocatoria.

II. AS PEREGRINACIÓNS E O “HOMO VIATOR”

As palabras agachan o significado primixenio da realidade; o desvelamento etimolóxico das mesmas ofrécenos unha compresión que aforra outras explicacións. O adjetivo *peregrinus*, que deriva do verbo *peragrade* (percorrer, viaxar por, visitar, ir lonxe) tivo ata a metade do século XI, preferentemente o significado de forasteiro, estranxeiro, persoa que vive no exilio². De aí que o termo *peregrino* (adjetivo e substantivo) indique o estranxeiro ou forasteiro, e con idéntica acepción é empregado o verbo *peregrinari* e *peregrinare*, e o substantivo *peregrinatio*. Nos textos gregos, o ir a un país afastado exprésase co verbo *apodoméo* e a correspondente forma substantiva *apodomía* (estar ausente da patria, estar de viaxe), ou tamén con *ekdoméo* e o substantivo *ekdo - mia* (saír fóra da patria; partir). Outro termo para indicar o estranxeiro é *xeniteia* e *xenós*, ademais de *paroikós* e *paroikía* (do que se deriva o vocábulo *parroquia*)³. Ó identificar a alta idade media o desexo de venerar os lugares santos ou santificados co forasteiro que se atopa de camiño fóra da súa patria, é como se chega á significación que actualmente ten a palabra peregrino, desprazando o significado primitivo para incorporar un matiz ascético. Deste xeito, a peregrinación convértese nun acto de devoción, que reforza o sentido da transitoriedade da vida e o alleamento do home respecto das realidades terras, por canto estas non son máis ca un lugar de paso.

Se os que viaxan a Roma toman prestado do seu nome o de Romeiros, e os que chegan a Xerusalén se apropián do de Palmeiros, polas palmas que traen ó regreso da súa viaxe. Os que marchan a Santiago de Compostela, que inicialmente son chamados xacobitas ou concheiros, van acabar tendo, co discurso de tempo, a propiedade exclusiva do nome “peregrinos”.

A evolución temporal deste proceso orixinou na alta idade media unha gran mobilidade de masas⁴ na historia de Occidente, causada por varios factores facendo do peregrino a Santiago, xunta cos cruzados, a imaxe más espectacular do panorama europeo. ¿Por que do peregrino a Santiago?

2. Cf. R. PLÖTZ, “La ‘peregrinatio’ como fenómeno Alto-Medieval”, en *Compostellanum* 19 (1984) 239-265. Cf. ID., “Peregrini-Palmieri-Romeri. Untersuchungen zur Pilgerbegriff zur Zeit Dantes”, en *Jahrbuch für Volkskunde* 2 (1979) 103-134.

3. Cf. U. ROMERO POSE, “Apuntes para una teología de la peregrinación”, en *Lumieira* 8 (1993) 22, 11-26.

4. Cf. R. PLÖTZ, “La ‘peregrinatio’ como fenómeno...”, a.c., 241

1. Factores histórico-contextuais

O século IX amenceu cun perigo grave sobre a Europa cristiá. O poderío musulmán conseguiu destruír a florecente cultura cristiá do norte de África, ocupado por España e, desde o sur de Francia, ameazaba Europa. O propósito islamizador dos novos poderes orientais estaba a ser axudado polo sincretismo relixioso-cultural que se forxaba en Toledo. En efecto, o arcebispo desta cidade, Elipando, propoñía unha nova cristoloxía que puidese ser aceptada polos musulmáns: o adopcionismo, suixerindo unha nova interpretación sobre a divindade de Xesús. Quedaba aberto o camiño para acadar unha mestura confusa das tres relixións monoteístas. A noticia de que, nas inmediacións da igrexa de San Fiz de Solovio da diocese de Iria-Flavia, reencontraran o sepulcro de Santiago o Maior, supuxo un símbolo de fidelidade á doutrina herdada dos apóstolos e traída a Galicia polo Zebedeo, e a clave para mover e arrastrar a cristiandade a unha empresa común.

2. Factores económico-técnicos

O avance da reconquista española e a implantación do monacato trouxo como consecuencia a fundación dun número considerable de poboacións que repoboan a meseta do norte da península. Co nacemento da cultura urbana, aumentou a poboación, dividiuse o traballo, aparecendo a artesanía como actividade especializada, organizáronse os estamentos a a concesión para eles de privilexios e dereitos comerciais⁵, propiciándose, ademais, unha preocupación esmerada pola construcción de calzadas e pontes⁶. É este un tempo de florecemento do comercio internacional terrestre e marítimo⁷. O comerciante está continuamente de viaxe, negociar e viaxar convértense en termos idénticos.

5. Tal é a orixe histórica da vila de Pontedeume, a cal se gobernou de por si, sen dependencia de ningún outro señorío cá do rei, por un privilexio de 30 de decembro de 1270 dado por Afonso X ós veciños dunhas trinta parroquias das riberas do Eume para que poboasen o lugar que chamaban Ponte de Eume, concedéndolles un mercado mensual e o foro de Benavente para se xulgar. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Historia de Puentedeume y su Comarca*, Santiago, Imprenta Porto 1944,50.

6. A ponte de Pontedeume foi construída por Fernán Pérez de Andrade a finais do século XIV. Coñecemos este dato por un privilexio dado en Segovia polo rei Xoán I en 20 de marzo de 1384, aprobando e confirmindo as doazóns feitas por aquel para a capela e hospital de peregrinos levantados en medio da ponte. Pode verse íntegro o documento en: C. VAAMONDE LORES, *Ferrol y Puentedeume*, A Coruña, Imprenta Ybarra 1909. Tamén desta época é a construcción das pontes de Xubia, Ponte do Porco e Sigueiro.

7. Pontedeume na época medieval era un porto de marea, isto significaba que coa baixamar quedaba en seco, ou máis ben convertido nun lameiro que facía imposible o acceso dos navíos varados. O casco destes, cando eran medianamente grandes e estaban cargados, sufría moito nesta posición; a maior parte, para paliar o inconveniente, afastábanse cara ó exterior ou se concentraban nas reducidas zonas que quedaban con auga profunda. Pero a diferencia doutros portos situados nos fondos das rías, o de Pontedeume contaba cun valioso elemento: a ponte de acceso á vila. Esta delimitaba as augas navegables entre o río e a ría, servía de peirao de carga e descarga directa entre o buque e os vehículos de carreo situados sobre o camiño. A zona da ponte en Viveiro, Santa Marta de Ortigueira, tal vez Cedeira, Neda e Pontedeume era a más vital e animada do porto. Cf. E. FERREIRO PRIEGUE, *Galicia en el comercio marítimo medieval*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza 1989. No Arquivo Histórico Municipal de Pontedeume (a partir de agora citáremolo coas siglas AMP) consérvase un interesante Libro de Visitas a Navíos (1623-1804) onde se constata a fluidez de tránsito de mercadorías de compañías inglesas e francesas que comerciaban, principalmente, con textís e salgadura.

3. Factores xurídicos-asistenciais

A partir do século XI rexístrase un redobrado interese pola edificación ou ampliación de albergues e hospitais. A asistencia ós peregrinos foi unha preocupación do todo cristiá e de todas as institucións eclesiásticas. Nacida, en principio, da hospitalidade dos mosteiros, desenvolveuse despois independentemente a través de pousadas e hospitais. A partir do século XII, achamos hospitais e hospedaxes ó longo de todos os camiños de occidente, os mesmos nos principais ca nos secundarios⁸. Pero unha das máis importantes melloras das condicións externas para os peregrinos foi a introducción da protección xurídica ó peregrino⁹. Non debía pagar portádego, peaxe nin ningún dereito polos animais ou cousas que acarrexase por razón do seu camiño. Concedérонse salvoconductos especiais para que, durante os anos xacobeos, puideran vir, estar e voltar seguros por terra ou por mar, de noite ou de día, mesmo en circunstancia de guerra. Igualmente, os peregrinos a Santiago, fosen ricos ou pobres, tiñan dereito á hospitalidade e debían ser socorridos con diliencia¹⁰.

4. O culto ás reliquias

Na mentalidade relixiosa do home do medievo os restos mortais dun santo ou as súas cinzas son un foco permanente de sacralización. Irradian permanentemente o poder sacro, xa se toquen, xa se veneren¹¹, o que empurra os peregrinos ós camiños para veneraren e imploraren a súa acción intercesora. Unido isto ó uso penitencial das indulxencias dos anos xubilares para o perdón dos pecados, adóptase a peregrinación como pena canónica e redención dos pecados cometidos.

III. OS CAMIÑOS ANTES DO “CAMIÑO”

Na dura e escura realidade de camiños e calzadas, acharon os homes do medievo un ámbito especial para a expresión da súa fe. No ano 813 sucede a inventio ou descubrimento do sepulcro de Santiago, convertendo o noroeste hispánico nun punto de mira da cristiandade. O Camiño de Santiago suscita ó home varias resonancias. Camiño é a vía que se percorre a través de lugares identificados nun mapa. Camiño indica o itinerario cuberto por cada peregrino. Camiño significa a vida humana, nacer é a entrada, a morte o seu éxodo. As tres connotacións converxen na concien-

8. Cfr. R. PLÖTZ, “La ‘peregrinatio’ como fenómeno...”, a.c., 244-245.

9. Cf. L VÁZQUEZ DE PARGA-J.M. LACARRA-J. URÍA RIU, *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*, Vol.I, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas 1948, 255-279. Tamén Cf. R.PLÖTZ, “La ‘peregrinatio’ como fenómeno...”, a.c., 245.

10. Cf. Ibid., 258. Tamén E. VALIÑAS SAMPEDRO, *El Camino de Santiago. Estudio histórico-xurídico*, Lugo, Deputación Provincial 1971; *Liber V Sancti Iacobi*, capítulo XI, en: A. MORALEJO-C. TORRES-J. FEO (traductores), *Liber Sancti Iacobi Codex Calixtinus*, Pontevedra, Xunta de Galicia 1992, 575-576.

11. E.D.HUNT, *Holy Land Pilgrimage in the Laeter Roman Empire*, Oxford, Clarendon Press 1982, 133-134.

cia do peregrino. Os datos coñecidos da primeira cristianización da Galaecia romana patentizan a decisiva importancia das peregrinacións na antiga Galaecia cristiá, camiños que se fixarán como camiños xacobeos no alto e baixo medioevo¹².

Todos os camiños conducen a Santiago. ¿Haberá parroquia en Galicia pola que, nun ou outro momento histórico, deixaran de transitar peregrinos camiño de Santiago?¹³ Como hipótese de partida imos tomar como punto inicial o territorio que é soporte material do camiño. Primeiro falaremos do espacio e o trazado para, nun segundo momento, describir a obra do home.

1. O itinerario de peregrinación que cruza a comarca eumesa

Referímonos á ruta que vai desde Ferrol e arredores (Neda, O Seixo e Mugardos) pasando por Pontedeume e o seu hospital cara a Betanzos, chegando desde alí en dúas xornadas de camiño ata Santiago¹⁴.

Trátase dun traxecto trazado aproveitando a antiga rede de comunicacóns do norte de Hispania, nela vían os camiñantes unha ruta práctica e segura. En efecto, unha das últimas vías construídas durante a romanización do noso territorio foi a que comunicaba a Asturias trasmontaña con Legio VII (León), Astúrica (Astorga) e Lucus Augusti (Lugo), e outra que discorría ó longo da costa cantábrica cara a Brigantium. Para o seu coñecemento contamos coa descripción do *Anónimo de Rávena* ou do *Itinerario de Antonino*¹⁵, sobre as comunicacóns do norte peninsular, é dicir, unha vía secundaria que enlazaba no seo da ría de Ferrol coa vía principal nº XX do Itinerario de Caracalla *per loca marítima* que unía o Imperio coa costa, a cal á súa vez se fundía coa XIX que unía Braga con Astorga. Sobre esta vía viaxarían tamén en *romaría* a Compostela, os habitantes da comarca da Mariña Alta (actuais concellos de Ortigueira, Cedeira, As Pontes, Moeche, Somozas, etc.) que coñecían estes camiños por motivos económicos, ó ter que facer provisión ou carrexo de abastos par fornecerse, nos mercados e feiras que se celebraban na capital do señorío, daquela a vila de Pontedeume.

12. Cf. U. ROMERO POSE, “O Camiño antes do ‘Camiño’”, en *Encrucillada* (1992) 80, 70-80. Tamén, M. DÍAZ Y DÍAZ, “La cristianización en Galicia”, en F. ACUÑA (Ed.), *La romanización de Galicia*, Sada, Edicións do Castro 1976. Pezas como a estela de Tines (Baio-A Coruña), o sartego de Temes, o crismón de Quiroga e o tenante de altar de S. Pedro de Rochas son exemplo da interrelación de comunicacóns do noroeste co resto da Cristiandade.

13. Cf. P. TORRES LUNA, *Los caminos de Santiago y la geografía de Galicia. Rutas, paisajes, comarcas*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1995.

14. Cf. F. VALES VILLAMARÍN, *Las antiguas rutas jacobeas del territorio brigantino*, A Coruña, Imprenta Moret 1975. Tamén V. HUIDOBRO SERNA, *Las peregrinaciones jacobeas*, Tomo II, Madrid, Publicacións do Instituto de España 1951, 271-299.

15. Cf. M.C. FERNÁNDEZ CASTRO “Mapa de la red viaria y distribución de villas romanas en el Norte de Hispania”, en AA.VV., *Cántabros, Astures y Galaicos*, Madrid, Ministerio de Cultura 1981, 71. Tamén L. M. LUENGO MARTÍNEZ, “Las excavaciones de la villa romana de Centroña-Puentedeume”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 12 (1962) 5-9.

Quizais estes foron os más abondosos, pero dos que existe menos constancia documental. Con todo traemos aquí o testemuño escrito conservado no AMP relativo a un expediente administrativo sobre a ponte onde estaba asentado o hospital para peregrinos ó que nos referiremos posteriormente. Trátase dunha densa Real Cédula de 92 folios, datada en 19 de agosto de 1719; o rei Felipe V, ante a solicitude de Fernando García en nome da vila de Pontedeume, decretaba o emprego do imposto do viño e o vinagre, para o arranxo da ponte de Pontedeume que coa forza do mar se arruinara e afundira por algunas partes. Na descripción que se fai do mesmo deixá ben claro o alto tránsito de xentes por diante do noso hospital, empregando a ruta que consideramos:

“(...) Es el paso de los más públicos de tal manera que era Camino Real desde Ferrol a la Villa de Puentedeume, y desde ella a la ciudad de Betanzos, Coruña y Santiago, y a las villas de Pontevedra y otras de paso. Camino Real para todos los trajineros que de León y Castilla la Vieja hiban por pescados a la dicha Villa de Ferrol, puertos de Ares y Redes. Y en medio de ella un Hospital sobre la dicha mar donde se dezía misa y se recogían peregrinos. Uno de los más grandiosos edificios de España, paso común para el Principado de Asturias y Vizcaia”¹⁶.

Paralelamente, xunto cos viaxeiros habitantes da comarca, este itinerario era utilizado por peregrinos de procedencia inglesa ou irlandesa que chegaban ata estes lugares embarcados nos navíos que traficaban nos portos secundarios galegos. Aínda as cartografías española e inglesa de inicios do século XIX rotulan este itinerario como un dos de principal tránsito do NO de España¹⁷.

Anque o porto principal de desembarco de peregrinos foi, desde a baixa idade media, A Coruña, sabida é a fama que, como enseada e porto estratégico, tiña para os ingleses o fondeadoiro de Ferrol. Por dúas ocasións, en 1800 e 1804, intentaron conquistalo mediante senllos desembarcos¹⁸. Ademais, ó non haber comercios marítimos centralizados en Galicia ata mediados do século XIX, obrigaba ós navíos a recalcar coas súas cargas en portos secundarios para realizaren as súas transaccións¹⁹. Mesmo cando o mal tempo aumentaba á entrada do porto da Coruña, buscábanse os pretos abrigos que ofrecían o porto do Seixo ou a ría de Ares. Como achega anecdotáica, sinalaremos que a propia raíña Mariana de Neoburgo, dona de Carlos II, en marzo de 1690, querendo desembarcar na Coruña, proveniente de Alemaña a bordo dunha nave inglesa tivo que variar

16. A.M.P. *Expedientes sobre Pontes, Obras e Urbanismo* 1.7.1, 109, 1588-1935.

17. Véxase Mapa itinerario del NOR de España de Juán López, Geógrafo del establecimiento Geográfico de Madrid de 1838. Tamén EL NOR Spain de J. et C. Walker Sculpt, Published by Baldwin et Gaskell de 1831, ambos en: INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL (Ed.), Cartografía de Galicia 1522-1900, Madrid, Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo 1988. Cf. D. LOMAX “The first English pilgrims to Santiago de Compostela”, en H.M. HARTING- R.I. MOORE (Eds.), *Studies in Medieval History presented to R.H.C. Davis*, London-Ronceverte, Hambleton Press 1985, 165-175.

18. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *o.c.*, 227.

19. Cf. AMP, *Libro de Visitas a Navíos* 1623-1804.

o seu rumbo por causa dunha tormenta e asistirse coa hospitalidade que lle brindaron vilas como Mugardos, Pontedeume ou Betanzos²⁰.

Esta peregrinación marítima xerou unha rede radial que unía Santiago cos principais portos de Galicia, con Viveiro, Ferrol, A Coruña, Laxe, Noia,... e mesmo puido influír noutros camiños. En efecto, unha galerna, un temporal, ou calquera outro factor, podía obrigar a quen navegaba en dirección á Coruña a desembarcar en Santander ou Bilbao. É máis, sendo tan longa a peregrinación por terra desde o norte de Europa -a ida e volta requiría varios meses-, e tan curta a navegación -como moito unhas semanas-, non sería de estrañar que houbese peregrinos que, a falla dun barco que fora directamente a Galicia, se contentaran con calquera nave que os deixara na costa francesa ou cantábrica, pois así, por lonxe que quedase do destino final, aforrábanse semanas de marcha a pé.

Dado o entusiasmo dos anglosaxóns polas peregrinacións ós santuarios europeos, é probable que moitos deles visitaran Compostela antes da invasión normanda de 1066 e que gran parte deles o fixeran por mar. De feito, a maioría dos peregrinos das Illas Británicas dos que temos noticia elixía este medio de transporte²¹. Os pilotos dos barcos que os levaban limitábanse a seguir rutas marítimas xa establecidas por fenicios, romanos e viquingos. Malia as tormentas, a ruta marítima a Compostela era probablemente más segura cás rutas terrestres, ateigadas de traficantes de escravos e ladróns de todas as relixións. Para os ingleses Galicia non era finis terrae, como para os frances, xermanos ou italianos, senón un dos moitos portos onde un barco podía atracar no seu camiño cara ó Mediterráneo. De todos os xeitos, isto só debía ser verdade para o mariñeiro; para o peregrino medio, esta sería a súa primeira e única gran viaxe por mar, acosada por tormentas no golfo, naufraxios na costa e piratas de todas as nacionalidades. Se todo o demais fá ben, existía unha vantaxe: a viaxe era infinitamente más curta ca por terra²².

Cando un peregrino inglés partía cara Compostela podía tomar tres rutas. A más curta era cruzar de Dover a Calais. Outra alternativa era a viaxe, algo más longa, desde Southampton ou Poole ou algúns portos da parte oeste ata o esteiro do Garona deixa Baiona, en ambos os casos os peregrinos podían tomar o Camiño francés. A terceira posibilidade era a más longa viaxe por mar, que levaba entre catro e quince días segundo o tempo, desde varios portos ingleses e galeses das costas oeste, leste e sur, directamente a Galicia. O porto preferido para desembarco na idade media

20. Cf. A RINCÓN, “Edición, introducción y notas de: relación contemporánea sobre la llegada y estancia en Galicia de la reina dña. Mariana de Neoburgo en 1690”, en: *Compostellanum* 13 (1968) 659-685.

21. Cf. S. CRESPO, “Dos peleríños ingleses que viñan a Compostela”, en Logos (1935) 19-25. Tamén en C.M. STORRS, *Jacobean pilgrims from England to ST. James of Compostela. From the early twelfth to the fifteenth century*, Santiago, Xunta de Galicia 1994.

22. Cf. B. TATE, “Las peregrinaciones marítimas medievales desde las illas Británicas a Compostela”, en S. MORALEJO-F. LÓPEZ-ALSINA, (Eds.), *Santiago, Camiño de Europa. Culto y cultura en la peregrinación a Compostela*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1993, 161-179.

serodia era A Coruña ou, ocasionalmente, noutros puntos da costa atlántica preta, ou mesmo Lisboa, desde onde facían o Camiño de Portugal en dirección norte cara ó seu destino²³.

2. Relatos de viaxeiros

Centrarémonos neste estudio nas noticias de peregrinos europeos que chegaron por vía marítima a portos de Galicia e que emplegaron, polo menos nalgúnha das súas etapas, o itinerario de peregrinación ó que nos referimos.

a) William Wey

Mestre do Eton College fala no seu *Itinerarium* da peregrinación que fixo a Compostela en 1456 procedente de Plymouth (Inglaterra), aproveitando as facilidades extraordinarias que se ofrecían ós ingleses coa curta viaxe polo mar ó porto da Coruña²⁴. Contou ó chegar oitenta e catro barcos orixinarios de diversas nacións do noroeste de Europa, dos que trinta e dous eran ingleses. Supoñendo unha media de sesenta viaxeiros por barco e supoñendo tamén que a maioría de tales embarcacións transportaran peregrinos, cómpre estimarmos que no lapso duns poucos días desembarcaran gradualmente alí uns catro mil viaxeiros. Se se ten en conta que A Coruña non era o único porto ó que arribaban peregrinos e se se admite que o tráfico marítimo tivese lugar durante uns cincos meses de primavera e verán (Wey fixo a viaxe de ida en maio e a de volta en xuño), é doadoo que foran decenas de miles os que entón chegara a Galicia en barco, facendo dos seus portos lugares tan cosmopolitas ou máis cós núcleos do principal camiño terrestre²⁵.

b) Bartolomeo Fontana

Un astrónomo veneciano que en 1538 decide peregrinar cara a Compostela. Comeza o seu camiño o 19 de febreiro e acada a súa meta o 18 de setembro do ano seguinte. A relación da súa viaxe, o seu *Itinerario*, publícase once anos despois, en 1550. Entra en Galicia por Ribadeo proveniente de Oviedo, cruza as rías de Ortigueira, Ferrol e Ares para ir primeiro a Fisterra e logo a Santiago. Velaquí as notas que recolle no seu diario, despois do seu percorrido por terras do Eume:

“De Ribadeo a Viveiro, 12 leguas, con tramos con calzada, a Santa Marta (Ortigueira), 4 leguas, a Neda 6 leguas. Ata Mugardos unha legua, Ares outra legua, e ata Pontedeume outra legua. Á entrada de Pontedeume pasei por unha longa e antiga ponte de pedra sostida por moitos arcos, que atravesa un porto, en

23. Cf. Ibíd., 167. tamén W:R: CHILDS, “English and the Pilgrim Route to Santiago”, en V. ALMAZÁN, (Coord.), *Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos*, Vol.I, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1998, 81-91.

24. Cf. L. VÁZQUEZ DE PARGA-J.M. LACARRA-J. URÍA RÍU, *o.c.*, Tomo II, 238 e Tomo III, 127.

25. Cf. A.SORIA Y PUIG, *El Camino a Santiago . I Vías, viajes y viajeros de antaño*, Madrid, Ministerio de Obras Públicas y Transportes 1991, 99.

“todos os meus día nunca vin unha semellante en lonxitude, en medio da que hai un hospital que alberga peregrinos”²⁶.

c) Martir de Arzendjan

Bispo da cidade armenia de Arzendjan, comezou o 29 de outubro de 1489 unha peregrinación, con ánimo de visitar a tumba do apóstolo S. Pedro, anque despois estendeu a súa viaxe ata o extremo de Galicia, para expresar a súa devoción ó Apóstolo Santiago. Sae de Roma o 9 de xullo de 1491, entra en España por Baiona e para ir a Santiago bordea a costa cantábrica ata Oviedo. Desde San Salvador de Oviedo deixa Santiago menciona Betanzos. Visita Fisterra e decide seguir pola costa cara a Bilbao e Guetaria²⁷.

d) Antoine de Lalaing

Señor de Montiguy. Na súa relación da viaxe de Felipe I o Fermoso a España, en 1502, describe tamén o camiño a Santiago pasando por San Salvador de Oviedo. Chegado a Oviedo vai polo camiño da costa ata Ribadeo, continuando despois por Mondoñedo e Betanzos a Santiago²⁸.

e) Jacobo Sobieski

Pai do que foi Xoán III, rei de Polonia, seguindo un costume acreditado entre a nobreza polaca, fixo na súa xuventude unha longa viaxe de seis anos por Europa para perfeccionar así a súa educación. No seu itinerario menciona o itinerario da costa²⁹.

f) Duodechinus de Logistain e Osberno, o Inglés.

Non foron sempre motivos relixiosos os que levaron viaxeiros a Compostela. A idea de cruzada, que uniu o relixioso co guerreiro, favoreceu desde a segunda metade do século XI a Reconquista e levou a que moitos cruzados interrompesen a súa viaxe para participar nas loitas contra os infieis. Entre os cruzados que se reuniron en Dartmouth no mes de abril de 1147, había os flamengos, holandeses e alemáns. Duodechinus de Loginstein nos *Annales Sancti Disibodi* relata o asunto ó abade Cuno ata a toma de Lisboa. Despois dunha tormentosa navegación durante oito días, unha parte da flota aliada aportou nos primeiros díías de xuño na costa do norte de España nas proximidades da cidade galega de Viveiro. Desde alí os cruzados dirixíronse a vela ata o río Tambre (ría de Noia) e marcharon todos xuntos cara á cidade do Apóstolo. Outra testemuña ocular, o inglés Osberno, narra polo miúdo e con fascinación a viaxe ó longo da costa; cita Oviedo co culto ó

26. A. Fucelli, *L’Itinerario di Bartolomeo Fontana*. Perugia, Edizioni Scientifiche Italiana 1987, 58-114.

27. Cf. X. Carro García, *A pelegrinaxe no Xacobe de Galicia*, Vigo, Galaxia 1965, 156-157.

28. Cf. L. Vázquez de Parga-J.M. Lacarra-J. Uría Ríu, *o.c.*, Tomo II, 243.

29. Cf. *Ibid.*, 244.

Salvador, Ortigueira e A Coruña, cita tamén os 24 arcos da ponte de Pontedeume e Iria Flavia, que el identifica, erroneamente, como Padrón³⁰.

V. INSTITUCIÓNS QUE MANTIVERON A PEREGRINACIÓN E HOSPITALIDA DE XACOBEAS NA BISBARRA EUMESA

Das rutas de peregrinación nacen núcleos de poboación con hospitais, igrexas e pousadas para atender as necesidades dos peregrinos. O descubrimento ó orbe católico do sepulcro de Santiago, e o eco propagandístico do fervor das peregrinacións abriron novas canles á historia da Igrexa de Galicia, e sobre todo trouxo unha intensificación extraordinaria de fundacións monacais. Foi o feito que provocou o comezo dunha nova etapa no desenvolvemento da colonización monacal de Galicia, pois o sentimento relixioso das peregrinacións estivo alentado polos monxes residentes naqueles mosteiros máis próximos ós camiños que conducían a Compostela. Isto necesariamente repercutiu na situación regular e económica dalgúns ordes e conventos, ó orientaren a práctica da beneficencia no socorro como hóspedes a peregrinos e necesitados³¹.

1. Monacato.

A vida dos mosteiros estaba xerarquizada pola primacía do feito relixioso. Tocante a esta prioridade e en cumprimento do precepto evanxélico de dar de comer ó famento e acoller ó desamparado, o monxe tiña como deber atender os hóspedes, peregrinos e doentes que chegaban ó ceno-bio³².

Doentes e peregrinos -na época medieval a condición de peregrino implicaba case sempre consecuencias negativas para a saúde ou, cando menos, necesidade imperiosa de descanso- eran atendidos nos mosteiros. En todos os estudos sobre esta temática hai consenso para afirmar que gracias a hospitais e alberguerías, os mosteiros eran case os únicos centros que podían garantir, na Galicia dos séculos centrais da idade media, algún tipo de atención médica³³.

Polos itinerarios de peregrinación chegaron a Galicia influencias europeas. Xurdíu unha arte nova co románico das peregrinacións, ata o punto de se formar, dentro do noso país, áreas

30. Cf. K. HERBERS-R. PLÖTZ. *Caminaron a Santiago, relato de peregrinaciones al “fin del camino”*, Santiago, Xunta de Galicia 1999, 32-33.

31. H. SAA BRAVO, *El Monacato en Galicia*. A Coruña, Librigal 1972, Vol. I, 217.

32. Cf. J.M. ANDRADE CERNADAS, *Monxes e Mosteiros na Galicia Medieval*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade, 1995, 90-94.

33. Cf. *Ibid.*, 93.

comarcas do románico³⁴. Esta serie de influencias repercutiu necesariamente na situación regular e económica dos mosteiros próximos á rutas que conducían a Compostela.

Percorrendo as terras do Eume resulta difícil substraerse ó fenómeno histórico da colonización de terras incultas transformadas en productivas polo traballo dos monxes. A seguir facemos unha pequena relación.

a) Benedictinos

A tradición de aloxar e protexer os transeúntes non só está fortemente enraizada co espírito monástico senón, en xeral, coa mensaxe cristiá en canto que todo fiel non é máis ca un peregrino na terra. A norma benedictina enfatiza especialmente este aspecto: hanse de recibir todos os hóspedes que veñan coma a Cristo en persoas. Xa o Concilio III de Toledo, celebrado no 589, ordena ós bispos que acudan ás necesidades dos peregrinos o tempo que puidesen³⁵. Da presencia desta orde monástica na bisbarra citamos os mosteiros de San Martiño de Xubia, San Xoán de Caaveiro nos principios da súa fundación e o priorado de San Martiño de Porto.

b) Cóengos regulares de Santo Agostiño.

Os seus carismas: o culto e a oración, a atención ós doentes, o albergue dos peregrinos e as misións do apostolado³⁶. A eles pertence a conversión de Caaveiro en 1160 e os priorados de San Miguel de Breamo (Pontedeume) e San Salvador de Pedroso (Narón).

c) Cistercienses

Unha corrente reformista respecto á aplicación da Regra de San Benito. Unha reforma achou en Galicia un amplio eido de actividades, disputando con outras ordes a primacía e o celo no exercicio sanitario. Na soildade inhóspita de Monfero callou un longo historial de actividades, que 5proxectaron a este mosteiro como foco de atracción de peregrinos e viaxeiros³⁷.

d) Terciarios Franciscanos

Sen dúbida, a maior achega a esta actividade da hospitalidade na ruta de peregrinación que pasaba por Pontedeume e bisbarra é mérito desta orde. Son os que mantiveron e administraron desde Santa Catalina de Montefaro o Hospital para Peregrinos de Pontedeume.

34. Cf. H. SAA BRAVO, o.c., 112. También C. ÁLVAREZ, *El románico en la comarca eumesa*, Pontedeume, Imprenta López Torre, 1998.

35. *Actas del Concilio III de Toledo en 589*, Madrid, Imprenta Fontanet 1981, 150.

36. Cf. F. Campo del Pozo, "Los agustinos en el Camino de Santiago desde Roncesvalles hasta Compostela", en *H. Santiago Otero*, (Coord.), *El Camino de Santiago, la hospitalidad monástica y las peregrinaciones*, Salamanca 1992.

37. Cf. J.L. LÓPEZ SANGIL, "Historia del Monasterio de Monfero", en *Estudios Mindonienses* 14 (1998) 12-162.

É verdade que estes enclaves do monacato non estaban situados á beira da ruta e peregrinación, senón a unha relativa distancia, nembargantes hemos de lembrar que os monxes buscaban unha vida retirada, fóra das cidades e das grandes rutas, pero interviñan no control relixioso, social e político da sociedade medieval.

2. Parroquias

A partir do século XII o concepto de solidariedade veciñal fai crecer arredor da parroquia, sobre todo na súa dimensión cohesionadora da comunidade, unha organización de axuda ou apoio mutuo que vai dar como froito o nacemento de pequenas institucións piadosas (confrarías, fundacións e ata pequenos hospitais) que teñen como primeiro obxectivo a axuda nos momentos de enfermidade ou asistencia a peregrinos doentes.

Entre as advocacións dos santos patronos das parroquias que están abranguidas na ruta de peregrinación que sinalabamos con anterioridade, ocupa un lugar preeminente o apóstolo Santiago³⁸. De feito nas rutas e camiños do itinerario de peregrinación que propuxemos temos adicionadas a Santiago as parroquias de Coxela (Ribadeo), Reinante (Barreiros), Fazouro (Foz), Sargadelos (Cervo), Celeiro e Viveiro (Viveiro), Cuiña e Mera (Ortigueira), Abade (Moeche), Lago e Pantín (Valdoviño), Santiago Seré e o santuario de San Roque do Camiño (As Somozas), Bermui e lugar da Fraga -de tradicional romaría o 25 de xullo- (As Pontes de García Rodríguez) e Xubia (Narón), todas elas pertencentes á diocese de Mondoñedo, que das trinta e dúas parroquias que nela ten como titular a Santiago, catorce están comprendidas neste itinerario. Do tramo que descorre por territorio da diocese compostelá: Franxa (Mugardos), A Capela (A Capela), Barrallobre (Fene), Pontedeume e Boibre (Pontedeume), Adragonte (Paderne), Requián e Betanzos xunto co santuario da Nosa Señora do Camiño (Betanzos). Outros santos de veneración polos peregrinos son san Martiño, san Xiao ou san Cristovo, dos cales tamén achamos advocacións nas parroquias polas que discorre o itinerario de peregrinación que estudiamos. Tantas parroquias e santuarios supoñen outros tantos focos que manteñen vivo o fenómeno xacobeo e o entusiasmo polas peregrinacións.

3. O Hospital para peregrinos de Pontedeume

O rei de Castela Afonso IX en 1226 publicou un decreto con normas estrictas para asegurar a atención axeitada dos que viñan a visitar o Sepulcro de Santiago³⁹. Tal recomendación tivo eco no Señorío de Pontedeume. Así en 1381, constrúese un hospital para pobres e peregrinos por mandato de Fernán Pérez de Andrade, señor de Pontedeume, Ferrol e Vilalba, a cargo dos frades

38. Cf. M.P. TORRES LUNA, *Municipios y parroquias de Galicia*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicaciones da Universidade, 1989.

39. A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la S.A.M.I de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela, Imp. Seminario Conciliar 1902, Tomo V, 98-101.

da Terceira Orde de San Francisco do veciño convento de Santa Catalina de Montefaro, fundado igualmente polo de Andrade cara ó último tercio do século XIV⁴⁰.

a) Fundación

César Vaamonde Lores, en Ferrol y Puentedeume -traballo publicado na Coruña en 1909, sobre escrituras referentes a propiedades adquiridas polo mosteiro cistercense de Sobrado dos Monxes, nos ditos partidos xudiciais durante os séculos XII, XIII e XIV- constata a existencia da escritura dun privilexio do rei Xoán I, dado en Segovia o 20 de marzo de 1384, aprobando e confirmando as doazóns feitas por Fernán Pérez de Andrade o Bóo, señor de Pontedeume, para unha capela e hospital que se achaban levantados no medio da ponte que daba nome á vila do Señorío⁴¹.

Os servidores de dito hospital eran os frades da Orde Terceira Franciscana do convento de Santa Catalina de Montefaro. Ó seu cargo deixou Fernán Pérez de Andrade a administración deste hospital mediante dúas fundacións. Unha, obrigaba os mesmos frades a cargar polo súa conta cos arranxos do hospital e asistilo con camas e con todo o necesario para a decencia do lugar. A outra, era unha fundación de misas pola alma do rei don Enrique (dúas rezadas semanais e unha cantada o día do Espírito Santo). Como dotación económica os frares de Montefaro tiñan dereito a recoller o d'ezmo da madeira e o importe dos impostos do portádego, xunto cos estipendios para celebrar misas na capela do dito hospital. Non eran insignificantes tales rendas por canto que a mediados do século XVIII o portádego do paso da ponte á vila, “(...) solía arrendar los 900 reales sin contar lo que se percibía polas que radicaban al otro lado”⁴².

Esta versión vén confirmada polo asento dunha partida no *Libro Rexistrador de Propiedades do Concello* que data de 1739 e que transcribimos no apéndice documental deste traballo. Xa a principios do século XVIII, a renda do portádego xa non a percibía o ministro de convento de Montefaro senón a Coroa, para facer fronte ós gastos de reparación das pontes do reino. Esta mesma partida informa que a mediados do XVIII, a renda percibida por esmola das ditas misas, subsidio e escusado, arranxos do hospital e asistencia de hospitaleiro e peregrinos ascendía a 340 reás⁴³.

Jerónimo del Hoyo, cóengo dignidade de cardeal da igrexa compostelana, visitador xeral da diocese durante o pontificado de Maximiliano de Austria (1603-1614) deixou constancia da actividade institucional que existía (igrexas, escolas, hospitais e capelas) nunha relatio de 1607. Cando enumera as institucións con que contaba Pontedeume confirma a fundación deste hospital:

40. Sobre a historia deste convento, cf. A. REY ESCARIZ, “Santa Catalina de Montefaro”, en *Boletín de la Real Academia Gallega*, III (1910) 202-206.

41. C. VAAMONDE LORES, o.c., 76-79.

42. *Ibid.*, 78.

43. AMP, *Libro Rexistrador de Propiedades e documentos afins*, Patrimonio 1.8.1, 454.

“Hay un hospital que está fundado en medio del puente. Está a cargo de los padres de Santa Catalina de Montefaro”⁴⁴.

b) Características

Para determinar cómo estaba organizado este hospital cómpre recorremos ás descripcións que as diferentes fontes e a bibliografía fanos da ponte onde estaba asentado.

Así Antonio Couceiro Freijomil, na súa Historia de Puentedeume y Comarca, cando relata a construcción da ponte sobre o río Eume, dá noticia dunha antiga reseña manoscrita da que recoille este parágrafo:

“Entre el arco 20 y 21 hay una capilla dedicada al Espíritu Santo y junto a ella hubo un pequeño hospital, en el cual había siempre cuatro camas para los peregrinos que viajaban a Santiago; pero hoy aunque existe la capilla, desapareció del todo el hospital, habiéndose sacado sus últimas piedras, para embaldosar, en parte, la plaza de San Roque de la Villa, en el año 1841...En 1751 hallábase el hospital al cuidado de un ermitaño quien tenía su vivienda encima de la capilla. pedía niñosna y con lo que recogía cuidaba de las cuatro camas a que habían quedado las doce que mantiviera. primitivamente. No obstante el Convento de Montefaro percibía las rentas del Hospital”⁴⁵.

Pascual Madoz, no seu Diccionario Geográfico, ó describir a morfoloxía urbana de Pontedeume a mediados do século XIX, e máis concretamente a edificación da ponte constata:

“Está fundado en una calzada de mampostería o piedra, perdida con espesor de 14 pies sobre un ancho de más de 50 (...) Entre los arcos 20 e 21 hay una capilla dedicada al Espíritu Santo, y junto a ella existió un hospital con cuatro camas para los peregrinos que viajaban a Santiago”⁴⁶.

Todas estas noticias non fan más que resumir os datos que aparecen en distintas ordenanzas do Arquivo Municipal da vila de Pontedeume. Por elas sabemos que no arco 20 da primitiva ponte que deu nome á vila había unha capela dedicada ó Espírito Santo, con tres altares adicados á Virxe do Carme, Santo Ecceomo e Santa Bárbara. Pegado á dita capela achábase unha casa que

44. Cf. JERÓNIMO DEL HOYO, *Memorias del Arzobispado de Santiago, Santiago de Compostela*, Imprenta Porto. Documento del 1607, conservado o seu orixinal no Arquivo da Catedral Compostelá e editado, a mediados deste século, por Angel Rodríguez González e Benito Varela Jácome.

45. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *o.c.*, 132-133.

46. P. MADOZ, *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, Tom. XIII ed. de 1849, 272. Na actualidade a dita ponte só conserva 15 arcos e viu aumentado o seu primitivo ancho polas sucesivas reformas, o que imposibilita calquera investigación arqueolólica.

servía de hospital para peregrinos. A mediados do século XVIII ainda vivía un hospitaleiro, que segundo o que achega o *Libro Rexistrador de Propiedades do Concello de Pontedeume*, “(...) tiene buque y espaciosidad suficiente para celebrar y dar posada a los que viajan de distintas partes en Romería a Compostella”⁴⁷.

Trataríase, pois, dun edificio de non máis de dous andares, cunhas habitacións habilitadas para os leitos e para cada sexo, de escasa capacidade e poucas dependencias accesorias, entre as que destacan, á parte da propia enfermería, a capela anexa ó edificio.

c) Dotacións e servicios

Non é que conservemos documentación explícita e puntual sobre a actuación terapéutica e asistencial do hospital que nos ocupa. Podemos, sen embargo, enumerar unha serie de informacións paradigmáticas acudindo ós estudos monográficos feitos en xeral sobre as características dos hospitais para peregrinos⁴⁸.

Comezaremos polas camas. Consistían nun cuadrilátero de madeira, no que encaixa unha tarima de táboas, sostido todo isto en catro pés; na parte correspondente á cabeceira, soen levar un travesaño para apoiar a almofada. A maioría dos hospitais pequenos, como de Pontedeume, soían estar dotados de doce camas, en lembranza do número apostólico. O habitual é que estivesen separados o dormitorio de homes e o de mulleres, xa que era relativamente frecuente durante a idade media que durma máis unha persoa en cada cama, motivo polo que, ás veces, os leitos son moi amplos. Respecto á comida, todos os testemuños documentais conservados de hospitais semellantes ó que nos ocupa, reseñan o ofrecemento de comida a doentes, peregrinos e necesitados. Por último sinalar que tamén se ofrecen nestes hospitais as naturais prácticas relixiosas e sacramentais, ademais de, por suposto, enterramento⁴⁹.

Respecto das atencións sanitarias e os métodos terapéuticos, unha vez aloxados os peregrinos no hospital, a práctica sanitaria inicial vai consistir no lavado de pés do recién chegado, un acto entre ritual e o estritamente hixiénico, e que era precaución fundamental fronte a quen era, antes que ningunha outra cosa, camiñante. Unha segunda medida preventiva era o tratamento do coiro cabeludo, encamiñada a evitar os efectos dos parásitos e a súa transmisión. Piollos e chinches constitúen unha patoloxía común entre os peregrinos. Unha nova medida era o sacudido do hábito do peregrino ou outras roupas enriba do lume para despoxalos de posibles parásitos ademais do

47. A.M.P. 1.8.- Patrimonio, 454-1756. Texto completo no apéndice documental.

48. Cf. J.R. CORPAS MAULEÓN, *La enfermedad y el arte de curar en el Camino de Santiago entre los siglos X y XVI*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1994. Tamén: M. MARTÍNEZ MARTÍNEZ, “Los hospitales rurales en la ruta jacobea”, en *Compostellanum* 34 (1989); J. VILLAAMIL Y CASTRO, “Reseña histórica de los establecimientos de beneficencia quehubo en Galicia durante la Edad Media, y de la erección del Gran Hospital Real de Santiago fundado por los Reyes Católicos”, en *Galicia Histórica* 1 (1902) 227-250.

49. Cf. J. R. CORPAS MAULEÓN, *o.c.*, 59-62.

lavado das predas confeccionadas con liño. Dos remedios que se atopa documentados aparecen bálsamos, xaropes, pocións, aceites e infusións para fortalecer a epiderme e os pés⁵⁰.

d) Evolución posterior

Desde a súa fundación, a mediados do século XIV ata o século XVII non temos moitas noticias do exercicio da súa misión. Se a súa construcción foi determinada antes ou despois da implantación das peregrinacións, é cousa que non importa moito. Nestes séculos alí estaba ligado, para ben ou para mal, un eixo de comunicacións. A hospitalidade, que non era patrimonio exclusivo da ruta xacobea, proporcionábase ós peregrinos onde fose mester: paso de portos, o vao dun río, ou en calquera circunstancia de caridade.

En 1607 xa sinalamos que foi obxecto de visita polo canónigo cardeal Jerónimo del Hoyo.

En 1708 o hospital ameazaba ruína. Da súa construcción encargouse o arquitecto Domingo Maceiras, veciño da Coruña, despois do contacto celebrado o 17 de xullo do dito ano co P. Fr. Pedro de los Santos, ex-definidor e ministro de Montefaro, no cal se estipulou que o referido arquitecto

“(...) a de hacer el arco de nuevo, que está a la parte del levante donde viene el río a la mar, que tiene un arco bajo con un pilar en medio, y este dicho arco se ha de labrar de nuevo, haciéndolo entero con nuevas dovelas, y no ha de ser de dos arcos como lo está el viejo” ⁵¹.

Foi axustada a obra cuns materiais que correron por conta da vila de Pontedeume, en 1300 reás e unha pipa de viño para o gasto do arquitecto e os seus oficiais.

En 1719, a consecuencia dunha forte riada, causáronse graves destrozos no sitio do hospital e en cinco arcos da ponte onde estaba asentado. Por real cédula de 19 de agosto dese ano, ordéñase amañar o estropicio ó mestre de arquitectura Antonio Calvo de Seares⁵².

En 1721, don José Lorenzo de Castro, alcalde maior e rexedor da cidade da Coruña, asistindo ó intendente xeral do reino, presentou memorial ó Concello de Pontedeume, dicindo que cumplía obrigar a empregar as cantidades do imposto do portádego para o amaño da ponte. O Concello da vila deu noticia desto ó convento de Montefaro, segundo consta no folio 83r. do Libro Rexistrador de Propiedades do Concello que reproducimos no apéndice documental.

50. *Ibid.*, 83-84.

51. VAAMONDE LORES, *o.c.*, 79.

52. *Ibid.*

O 7 de agosto de 1783, o xuíz ordinario de Pontedeume fixo un recoñecemento ocular das ruínas ocasionadas polo violento ímpeto da crecida do río na ponte da dita vila. O seu informe di literalmente:

*“Llegamos de una embarcación al hospital de Peregrinos y a la Capilla nombra - da del Espíritu Santo fundado una y otra en dicha puente por el Excmo. Sr. Conde de Andrade. El arco contiguo a dicho hospital que va hacia la parte del norte, sus cepas quedaron arruinadas de manera que de la parte del Hospital se desprendió mucha porción de material del muro exterior, quedando sólo en la superficie algu - na parte corta del enlosado”*⁵³.

Como conclusión do informe pídense un rápido amanuense do arco caído ó pé do hospital. Nun informe semellante de 1788 consígnanse:

*“Sobre el arco 20 hay un hospital en donde suelen recogerse peregrinos de tránsi - to por dicho puente a Santiago de Compostela y otras partes. Dicho hospital tiene su capilla en que se celebra Misa”*⁵⁴.

e) Demolición do hospital

En virtude das leis desamortizadoras, o 17 de decembro de 1835 fíxose o inventario das imaxes, ornamentos, vasos sagrados, campá da torre e demais efectos pertencentes á capela deste hospital. Entre as imaxes inventariadas achábase a de San Salvador, escultura labrada en pedra que estaba colocada no centro do retablo e fixa na parede⁵⁵. As ordenanzas posteriores determinan a demolición do hospital en 1841, respectando a capela, e que os seus materiais sexan aproveitados para diversas obras públicas. En 1867, coa construción da nova ponte, determiníñase análogo proceso para a capela.

4. O Hospital de Guende en Santa María de Souto (Paderne)

A primeira noticia desta fundación ofrécenola J. Villamil no seu estudio sobre os hospitais para peregrinos en Galicia durante a idade media:

“Un sepulcro abandonado en un camino, y una pared con un crucifijo y la inscr - pición: Este espital mandou fazer o mes (...) ano de M (...) CCCXLV, hallados por

53. *Ibid.*

54. A.M.P. *Expedientes sobre Pontes*, 1.7.1, 1588-1935, 109.

55. VAAMONDE LORES, o.c., nota da páxina 79. A dita imaxe conservávase hoxe na Capela do antigo cenobio de Breamo na freguesía de San Pedro de Vilar, concello de Pontedeume y diocese de Santiago de Compostela. No averiguamos maiores aclaracións sobre o paradoiro dos seus outros bens.

el P. Sarmiento, en su viaje del año 1745, le pusieron en conocimiento del lugar que ocupó el hospital de Guendo, situado nada más que á una legua de Betanzos, después de pasar Nuestra Señora del Camino, los molinos de Caraña y la parroquia de Tiobre, en dirección á la costa. No lejos del hospital de Gruma que se hallaba (á cinco leguas largas de Santiago, en el camino de Betanzos) entre Cabeza de Lobo y el priorato de San Martín de Zarandones, como el propio Padre Sarmiento dice en su Viaje del año 1745; y del bruno que el mismo Padre coloca hacia el mencionado sitio (dando lugar á creer que fuese el mismo de Gruma), entre Cabeza de Lobo y Las Trabesas, desde cuyo punto ya se denominan las marinas de Betanzos, según se dice en la relación del Viaje que, en 1754, hizo el mismo sabio benedictino”⁵⁶.

O propio Villamil suxire que na referida gravación as palabras ilexibles da inscrpción refírense ó mestre frei Alonso Pernas de Betanzos, finado en 1485 e que chegou a ser bispo de Marrocos.

Novas informacións achégaas, de novo, o mesmo autor:

“Fernán Pérez de Andrade o boo, que edificó según tradición céltica, en sentir de Murguía, siete iglesias, siete monasteiros, siete hospitalse y siete puentes, es bien fácil que fundase e dotase algnos de leprosos. Como fundó el citado de Pontedeume en 1393 y restauró y acrecentó el de Betanzos, según Montero y Aróstegui. En esta última ciudad fundó después, en 1500, el de San Bartolomé, Lope de Guende, según se dice en unhas adicionesns manuscritas a la Historia de Betanzos, de Verín y Seijas”⁵⁷.

Desde xaneiro de 1592 ata agosto de 1608, temos noticias que as achega o Libro I de Fábrica da parroquia de Santa María de Souto (Paderne). Trátase dos informes das sucesivas visitas que os prelados composteláns efactuaron á citada parroquia. Polos mesmos sabemos que os bens raíces os administraba Juan de Guende, que habitaba no propio hospital. Debía sostener, á parte da actividade hospitalaria e a oportuna acollida dos pobres, o gasto da celebración de tres misas solemnes ó ano, os días de festa de San Bartolomeu e San Sebastiao, a ornamentación e decoro da capela que existía dentro do mesmo⁵⁸.

Non temos maior constancia das diversas etapas e a evolución desta fundación, pero non nos cabe dúbida que supoñían outra manifestación de hospedaxe a peregrinos, establecido nun punto adecuado da parada⁵⁹.

56. J. VILLAMIL Y CASTRO, a.c., Capítulo II, 301-302.

57. *Ibid.*, Capítulo V, 367.

58. ARQUIVO PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE SOUTO, *Libro de Fábrica* I.

59. Sobre outros establecementos hospitalarios na órbita xeográfica que nos ocupa cf. A.A. POMBO RODRÍGUEZ, “Hospitais e Peregrinos na Cidade da Coruña e no Camiño do Faro”, en V. ALMAZÁN, (Coord.), Vol.II, 273-310.

5. Outras institucións hospitalarias

A vila de Neda, punto de confluencia do Camiño Real que desde Oviedo, Ribadeo e Mondoñedo conduce ás Pontes de García Rodríguez, onde se bifurca cara a Pontedeume mantíña un albergue-hospital del Sancti Spiritus, do cal só se conserva o lintel da súa porta principal, aloxada na actualidade nunha das portas que dan acceso á casa do concello da dita vila. No Arquivo Diocesano do Bispado de Mondoñedo custodia documentos nos que se rexistra o paso de peregrinos por este hospital⁶⁰.

En datas recentes, algúns autores tamén quixeron ver outras marcas de hospitalidade no camiño, nunha casa inmediata ó trazado do camiño real ó seu paso por Miño, no lugar de Rigueiro, e no lugar de Lapido no concello de Irixoa⁶¹.

VI. CONCLUSIÓN

A peregrinación xacobeira foi un fenómeno tan masivo no seu día que se teceu unha rede de camiños de peregrinación. Máis que o camiño de Santiago cabería falarmos dos camiños de Santiago. Non hai movemento sen estacionamento, nin viaxe sen pernocta. Onte, aínda máis que hoxe, era imprescindible unha infraestructura asistencial para poder viaxar. Elementos básicos desta infraestructura eran os hospitais, así chamados por dispensar a hospitalidade.

Unha ruta pola que se moven tantas persoas necesitaba un sistema organizado de servicios. Os santuarios, mosteiro, igrexas e en xeral as vilas e cidades con certa entidade poboacional, ofrecen hospitais, albergues e lazaretos, constituíndo unha rede de servicios espirituais e materiais que ofrecían leito, teito, misa e mesa ós viaxeiros. Estes servicios establecíanse nos lugares de tránsito, atendidos por persoas adicadas ó servicio dos peregrinos, como monxes e frades.

O peregrino camiña cara a Santiago ritualiza e dramatiza unha función: a peregrinación xacobeira. A ruta convértese, polo mesmo feito de ser unha peregrinación, nun escenario ou espacio sagrado ó longo do que o peregrino representa o misterio do peregrinar. Este espacio configúrase por unha serie de elementos, tradicións, signos naturais ou artificiais, que escenifican o feito de peregrinar e ritualizan, tendo como protagonista ó mesmo peregrino, a gran alegoría simbólica da peregrinación: a viaxe da vida.

O peregrino, identifiable como tal polos seus atuendos, é un símbolo. Con este estudio intentamos descubrir na bisbarra do Eume a constante alegoría do camiño.

60. Cf. J.R. NÚÑEZ-VARELA LENDOIRO-M., PÉREZ GRUEIRO-A., LÓPEZ BREY, "La Hospitalidad en el Camino Inglés", en CONSELLERÍA DE CULTURA DA XUNTA DE GALICIA (ed.), Actas del II Congreso..., o.c., Vol.II, 249-250.

61. *Ibid.*, 252-253



Ejemplo de urca de 1511 con peregrinos a bordo y un predicador en el castillo de popa. Grabado sobre madera de Hans Burgkmair. Tomado de Roger Stalley, "Sailing to Santiago from northern Europe", Future for our past, Folleto nº 32 del Consejo de Europa (1988), 10.

APÉNDICE DOCUMENTAL

I

1739, Pontedeume.

Hospital para Peregrinos situado en medio del Puente son su respectiva Capilla.

Libro Rexistrador de Propiedades, fol.109r-v.

Arquivo Municipal de Pontedeume. Patrimonio 1.8.-454.

En el año de 1739 se recibió real horden de su Majestad para que se diese razón de los hospitales que había, sobre lo qual se escribe carta al Padre Ministro del conuento de Monte-faro, y en vista de la respuesta passó al Convento y le hicieron saver la real Cédula de Su Majestad y en su cumplimiento escribió difirentes ojas escriptas en Pergamino, y por ellas se reconoció, que el hospital del Puente de esta Villa, con su Capilla, le fundara Fernán Pérez o Boo, que lo dejara al Convento con la obligación de dos misas cada semana la una por el señor rey Don Henrique, y la otra por el mismo Fernán Pérez o Boo, para que thenía la renta del Portazgo de dicho Puente dela que oy se bale S.M. desde el año de 1707, y oí se halla dicho Convento con renta de 340 reales por la limosna de dichas misas, subsidio y escusado, reparos del hospital assistencia del hospittalero y Peregrinos.

Tamvién se thomó la razón del Hospital de Santa Margarita y de todo se remitió testimonio a la ciudad de Betanzos.

II

s.f, Pontedeume.

Descripción del Puente donde está asentado el Hospital para Peregrinos.

Libro Rexistrador de Propiedades, fol.83r-92r.

Arquivo Municipal de Pontedeume. Patrimonio 1.8.-454.

Hallasse en la parte ynferior desta villa el Caudalosso Río nombrado el heume, por el qual sube la mar quando crece mas de una legoa, llegando al sitio que llaman piedra de agua y sim embargo de que es Puerto esta dicha villa donde concurren embarcaciones estrangeras de olanda, Francia, y otras diversas partes. Discurrieron en tiempo de los Romanos, fabricar como fabricaron en dicho río, y Mar una Magnífica Puente, que muchas personas aseguraron no haverle visto, ni otra como ella, en todos los Dominios de España, como así lo atesta em el año pasado de 1721 el señor Don Rodrigo Cavallero (*folio 83v*) Yntendente general, que a sido en este Reino quien se sirvio benir a reconocerle.

Tiene de largo mill y quince brazas, cincuenta arcos, de a veinte y quatro, veinte y seis, y veinte y ocho pies en gueco entre pilar, a pilar, y cada uno su corta-mar, por uno , y otro costado.


Y los setecientos, y cinco pies resptantes, siguen en rectitud, sin corta-mar en cuia distancia, yncluié ocho arcos. Tiene de Altura, al principio acia a la puerta de la villa y primeros arcos veinte y quatro pies y sigue en diminución hasta los referidos cincuenta arcos donde tiene catorce de alto. Y sigue en dicha diminución hasta lo último donde tiene nueve. Tiene de grueso el tronco (folio 84 r) de dicha Puente doce pies, ynclusos dos de los antepechos, y además rellievem los corta-mar cada uno seis pies, y medio. Sobre el Pilar de entre el octavo y noveno arco, contando desde la puerta de dicha villa, tiene un torreón y en él un oratorio del glorioso San Antonio de Padua, el que tiene de alto Diez y ocho pies. Y siguiendo más adelante hasta el arco veinte hai una Capillia su título del Espíritu Santo con tres altares donde se celebra el santo Sacrificio de la misa, y en ellos las Ymágenes de Nuestra Señora del Carmen, Santo Ecceomo, y gloriosa Santa Bárbara. Pegado a dicha Capilla se halla una Casa que sirve de hospital para Peregrinos habitando continuamente en ella un ospitalero, cuia casa (*folio 84v*) y Capilla tiene buque y espaciosidad suficiente para celebrar y dar posada a los que viajan de Distintas partes en Romería a Compostella. Siguiendo más adelante sobre el Pilar de entre los arcos quarenta y uno, y quarenta y dos tiene, otro torreón con su techo de madera y teja, y a un costado de él la Ymágen de Nuestra Señora de la Quinta Angustia, que bulgarmente llaman Nuestra Señora del Risco.

Cuya Puente está asentada sobre una calzada de maposteria mui crecida y echa a piedra perdida; cuia altura em partes tiene catorce pies y partes a diez, y en otras suberior de ella em partes a más de cincuenta (*folio 85r*) Pies. Y dicha Altura, llega a quedar en seco la primera hilada de Cantería de dichos pilares los quales con todo el demás edificio son de Sillería de Cantería labrada por la parte esterior.

En este Puente utilísima a todo este Reino, y real Servicio de Su Majestad de que resulta el beneficio unibersal para todos los pasajeros además de esto es utilíssima, y mui precissa, para el Astillero de Nabios en el Puerto del Ferro, Graña, y Monte-esteiro, que se hallan ymmediatos, solo a distancias de una legoa, y sin haver otro Puente ni pasaxe, por donde poder (*folio 85v*) transitar en derechiura.

Consta, que en el año de 1588 se redificó dicha Puente, y para ello an concurrido las Provincias deste Reino según se colige de un repartimento que por hallarse viejo y carcomido, no se comprehende su ymporte, sólo que se repartió por cinco años, y que en ellos tocó a la ciudad de Betanzos, en cada uno seiscientos ducados, a la de Santiago quatrocientos, a la de Orense Doscientos, y otro tanto a la de Mondoñedo, pero si las más Probincias resptantes han concurrido, o no, no se puede aseberar.

Consta, que en todos los más tiempos esta Villa, ha subportado (*folio 86r*) lo que necesita dicho Puente para su conservación. Y sin embargo de haverse echo barias diligencias para que se reedificase, no se pudo conseguir concurriesen las más Probincias con Cantidad alguna de reales en medio de haver habido sobre ello repetidas hordenas de Su Majestad y señores de su Real y supremo Consejo.



Camíos de peregrinación no noroeste da península segundo José Ramón MENENDEZ DE LUARCA.

Y porque esta Villa y sus alfoces con motibo de sus atrasos, continuos Bagages, y alardes, que diariamente subportan por la ymmediación de dicho Real Astillero Reciviendo dulicadas molestias e inquietudes y mal trato con soldados de naciones extrangeras, i con expecialidad de Desertores, que de estos see esperimento haver degollado cinco hombres y mugeres (*folio 86v*) a común para el benefico de Pasageros, además de esto es útil para el servicio de Su Majestad, utilísima y mui precisa si se llegase á formar Astillero para fábricas de Nabios en el Puerto de Ferrol que se halla a distancia una legoa sin thener otro Puente.

En el año de 1726, (*folio 91v*) reparó la villa dos arcos, que tuvieron de coste muchos reales.

Al presente se halla arruinada, que necesita para su permanencia reedificarse toda ella.

En el mismo año de 1721, Don Joseph Lorenzo de Castro, Alcalde-maior y regidor de la Ciudad de La Coruña y diputado, para asistir al Señor Ynttendente en el reconocimiento del Puente, presentó Memorial diciendo que para los reparos, que resulten deban hacerse son los primeros effectos obligados la Producción del Portazgo, que cobra el Convento de Monte-faro a quien pide se le haga saver dicho reconocimiento y el escrivano de Aiuntamiento dé testimonio de la Donación que hizo de dicho Portazgo los Excelentísimos Señores (*folio 92r*) Condes de Lemos, beneficiandose las cantidades, que contribuyen los traficantes de dicho Portazgo; lo que así se mandó, y suena que el escrivano halló en sus registros un testimonio de una horden de Su Majestad y que en virtud de ella, se pusieron Cédulas para admitir postura, y se arrendara un año en 155 reales, otro en 150, cuio papel se halla por autenticar.(Signo).

UN TRASLADO ORIGINAL DEL TESTAMENTO DE DON JUAN BELTRÁN DE ANIDO

Santiago Daviña Sáinz

El presente trabajo tiene por objeto dar a conocer el “*Libro en que se contiene el testamento que otorgó Johan Veltran Anido, difunto, rrequento e ynbentario de todos sus vienes y azienda y las quentas, cargos y descargos, que se an hecho a sus testamentarios y ellos dado*””. Dicho “*Libro*” es un traslado auténtico y coetáneo del testamento del fundador de la Cátedra de Gramática de Mayores de Pontedeume.

Adquirí este documento en una librería de viejo y una vez traducida su parte esencial, relativa al testamento indicado, es mi deseo donarlo al Ayuntamiento de Pontedeume, por considerar que al ser este documento una página de la Historia de dicha Villa, es en el Archivo del mismo el mejor lugar en que puede conservarse.

Sobre la Cátedra de Gramática de Mayores de Pontedeume ya escribieron, desde luego, Don Antonio Couceiro Freijomil en su magnífica “*Historia de Puentedeume y su comarca*”, páginas 333 a 351, de la edición del año de 1.971 y también, recientemente, José Manuel Domínguez García en su trabajo “*A Cátedra de latinidade de Pontedeume (1.580-1.851)*” en el número 2 de esta Revista Cátedra, páginas 97 a 110.

Los dos autores citados hacen referencia en sus trabajos a las claúsulas del testamento del Regidor de Pontedeume Don Juan Beltrán de Anido, que guardan relación con la fundación de la citada Cátedra, del cual testamento se conservan copias en el Archivo Municipal de Pontedeume, pertenecientes a los años de 1.635, 1.790 y 1.855, esta última realizada a partir de la más antigua del año de 1.635.

La novedad que sobre las copias citadas presenta este trabajo, es la de que el mismo está realizado sobre el original de uno de los “*tres o quatro treslados*” que Don Juan Beltrán de Anido ordenó hacer de su testamento para que quedara uno en “*la arca de conzejo y mis complidores et patronos tengan cada uno el suo*”. La seguridad de que uno de dichos “*treslados*” es el documento sobre el que estoy trabajando es demostrable, además de por la materialidad del “*Libro*” en sí, fechas, encuadernación, papel, tinta, letra, etc. por la seguridad que concede la nota puesta al final del testamento de Don Juan Beltrán de Anido, de puño y letra del escribano Juan Ares, ante quien pasó dicho testamento, con el agregado de su firma y rúbrica acostumbrada, en la cual nota se dice:

“*Yo, el dicho Juan Ares, escribano y notario público del número y audiencia de*

esta villa de la Puente Deume, hice sacar este traslado del original que en mi poder queda al presente a lo corregir y enmendar, y rrubriqué las planas con mi rrúbrica acostumbrada; conquerda con el original, en fe de lo qual lo signo y firmo de mi nombre. Ante mí, Juan Ares”.

Las copias del testamento de Don Juan Beltrán de Anido que se conservan en el Archivo Municipal de Pontedeume han sido publicadas reproduciendo de ellas tan sólo las claúsulas que hacen referencia a la fundación de la Cátedra de Gramática de Mayores de Pontedeume, ignorando en su divulgación el resto del testamento del citado Beltrán de Anido. Y aunque ciertamente la importancia que para Pontedeume tiene la persona de Don Juan Beltrán de Anido estriba en la fundación testamentaria que el mismo hizo de la citada Cátedra, a mi parecer, no deja de ser importante, o por lo menos curioso, el que una vez que se dispone de su testamento íntegro y coetáneo, se haga la traducción completa del mismo dándola a conocer, y ello porque todo lo relacionado con la destacada figura de este benefactor de Pontedeume, tiene su importancia, derivándose la misma de la categoría de tan distinguido vecino de Pontedeume.

La lectura completa de su testamento permite tanto conocer algunos datos personales del testador, hasta hoy creo que ignorados, como también conocer -para algunos sólo recordar- cuáles eran las actuaciones que precedían a la apertura, solemne, de un testamento cerrado, en el Siglo XVI.

Además, el “*Libro*” de que aquí se trata contiene junto al citado testamento, dos informaciones más relacionadas con el mismo, cuales son el “*Ynbentario de los bienes de Juan Veltran Anido, defuncto*”, y las cuentas que se tomaron a sus cumplidores plasmadas en la “*Quenta que tomó el Padre prior del monesterio desta villa a Antonio Beltran de Anido de los bienes de Juan Beltran*” y en la “*Quenta con Pero Diaz Teyxeyro*”, las cuales informaciones permiten conocer aún más datos sobre el fundador de la Cátedra de Gramática de Mayores de Pontedeume y, sobre todo, conocer algo sobre la toma de cuentas en la época en que se trata, aspecto sobre el cual se dispone, realmente, de muy poca información hoy día.

Como digo, en este trabajo solamente se realiza la traducción íntegra del testamento de Don Juan Beltrán de Anido, mientras que de lo relativo al inventario y recuento y cuentas dichas, solamente se hace una referencia y traducción parcial de los mismos, debido ello a la falta de espacio en esta Revista y al deseo de volver sobre el tema con más amplitud en otra posible ocasión, e invitando a otros curiosos a que sobre el original realicen un estudio más profundo del contenido de dicho inventario recuento y cuentas.

Antes de proceder a la exposición de la traducción apuntada, dedico unas líneas a la descripción material del “*Libro*” de que trato.

ENCUADERNACIÓN

Está realizada con pergamino correspondiente a una hoja de la Biblia, concretamente del Libro del Apocalipsis, utilizando letra gótica escrita en latín. Dicha hoja mide 45 ctms. de ancho por 33'5 ctms. de alto. Como dichas medidas de esta hoja son sensiblemente mayores que las de las hojas del “Libro” que encuadernan, se dobló en sus margenes a lo alto y a lo ancho en unos cuatro centímetros aproximadamente. El hecho de que la encuadernación, aún así doblada, sobresalga del “Libro”, permitía que el mismo se pudiese encerrar en tal encuadernación gracias a un cierre de pergamino trenzado, tipo ojal, cosido al medio de la contraportada anterior, y a unos hilos terminados en una especie de rollito, también de pergamino y hoy perdido, que estaba cosido en la contraportada anterior, el cual actuaba de enganche al citado ojal de la contraportada anterior, al modo de un botón que se abrocha en un ojal.

Las medidas de la encuadernación, sin contar los cuatro centímetros doblados, son: contraportada anterior: 19 ctms. de ancho por 27 ctms. de alto; contraportada posterior: 20 ctms. de ancho por 27'5 ctms. de alto. En ambos casos las medidas dadas están tomadas sobre sus partes más sobresalientes, pues las dos portadas son irregulares debido a roturas en las mismas.

La tinta utilizada para la escritura es de color marrón en el texto y de colores azúl y rojo para las letras iniciáticas del pergamino.

El lomo del “Libro” se remacha con dos grapas de cuero.

EL “LIBRO”

Consta de un total de treinta y nueve hojas de papel simple, de las cuales siete están en blanco, una después del título, tres al medio del “Libro” y tres al final de él.

Todas las hojas están paginadas con números árabes colocados en el reverso de cada hoja, en el ángulo inferior izquierdo de ellas. Esta paginación se distribuye así: 1 a 10 para el testamento, 11 a 25 para el inventario y recuento de los bienes, y 26 a 39 para la toma de cuentas.

Las medidas de cada hoja son: 19 ctms. de ancho por 26 ctms. de alto. Se han dejado en ellas los siguientes margenes: lateral izquierdo del anverso, dos ctms.; mismo lateral izquierdo, pero del reverso: cuatro ctms. Lateral derecho del anverso: cuatro ctms. y mismo lateral del reverso, dos ctms., de manera que en cada hoja de 19 ctms. de ancho por 26 ctms. de alto se ha escrito alineadamente en un rectángulo de 15 ctms. de ancho por 21 de alto, midiendo cada línea de largo quince ctms. y comprendiendo cada hoja treinta y un renglones.

El espacio interlineal es de cinco milímetros, siendo la altura de las letras minúsculas de otros cinco milímetros, y la de las mayúscula de diez centímetros. En las diez hojas que ocupa el texto del testamento se han puesto diecinueve notas marginales, aclaratorias del contenido de otras tantas cláusulas de dicho testamento. El número de cláusulas es de cuarenta y siete.

El “Libro” completo está formado por tres cuadernillos, teniendo cada uno el siguiente número de hojas: primer cuadernillo de la 1 a la 8; el segundo cuadernillo de la 9 a 16 y tercer cuadernillo de la 17 a la 39. Cada uno de estos cuadernillos está cosido con cordel.

Las abreviaturas utilizadas se emplean normalmente para las palabras “escribano”, “Jesucristo”, “Nuestro Señor”, etc. siendo empleadas las letras mayúsculas casi exclusivamente para determinar nombres de carácter religioso, como “Redención”, “Anima”, “Purgatorio”, “Misa”, “Capellán”, “Capilla”, “Yglesia” etc., utilizando la minúscula, normalmente, para los nombres propios de personas y de lugares.

Al final de cada hoja se ha puesto un signo horizontal, el cual es indicativo de que el texto de cada hoja continúa en la siguiente.

Todo el texto que recoge el testamento está escrito con letra cortesana en tinta marrón, excepto el encabezado del testamento y el de las cláusulas del mismo, que son de considerable tamaño y color rojo, aunque por el paso del tiempo han perdido intensidad.

INVENTARIO Y RECUENTO DE LOS BIENES QUE QUEDARON DE DON JUAN BELTRÁN DE ANIDO

Se comprende a lo largo de quince hojas, desde la 11 hasta la 25. Los renglones tienen de largo el mismo que los del testamento, aunque la escritura de las líneas de cada partida del inventario y recuento achica el tamaño de sus renglones en cuanto a longitud, los cuales se colocan centrados en los renglones dichos de quince centímetros de largo, midiendo entonces los de cada partida tan solo diez centímetros, de modo que estos quedan centrados sobre los renglones de quince centímetros con cinco al principio y cinco al final.

El signo que se utilizó en el texto del testamento al final de cada hoja para indicar que el mismo continuaba en la hoja siguiente, se utiliza aquí para cada partida de bienes, si bien ahora se escribe en forma vertical abarcando, a modo de la llave actual, el ancho de cada una de las partidas.

Las partidas de bienes se colocan distinguiendo los siguientes grupos:

Bienes muebles habidos en la casa de morada de Don Juan Beltrán de Anido; bienes de cualquier tipo que se llevó de dicha casa Doña Isabel Jaspe, esposa del testador; ganado habido en

diversos casales propiedad del testador; ganado que Don Juan Beltrán de Anido tenía en diversas casas de distintos lugares. Bienes raíces en diversas feligresías y bienes en la villa de Pontedeume.

El día 24 de Marzo del año de 1.580 los cumplidores de Don Juan Beltrán de Anido juntamente con su viuda Doña Isabel Jaspe hicieron un inventario de los bienes que quedaron en la casa de morada del testador, inventariando entonces la cantidad de 39 bienes diversos, tales como muebles variados, ropa de cama, manteles, vajilla, etc.

Ytem mando que de este mi testamento saquen tres o quattro treslados y uno esté en la arca de conzejo y mis complidores et patronos tengan cada uno el suyo. [Al margen izquierdo dice: "Ojo. Traslado del testamento"]

Y para complir, pagar y efectuar las mandas o legato et pías causas et todo lo demás en este mi testamento contenido segunt que va declarado dexo, nombro y establezco por mis complidores albaceas testamentarios a Antonio Beltrán de Anido y a Pero Díaz Teyxeyro, mis primos, et a Ysavel Xaspe, mi mujer, y por acus - sador al padre prior que hes o fuere del monesterio de Nuestra Señora de Gracia de esta villa para que lo hagan cumplir y llevar a puro y devido efecto; y mando al dicho prior que hes o fuere por su travaxo un ducado; a los quales dichos mis complidores testamentarios y acusador doy et otorgo todo mi poder complido qual de derecho en tal caso se rrequiere para que tomen y entren tantos de mis vienes que valen y los bendar et rrematen en pública almoneda y de su balor cumplan y paguen y efectuen todo lo contenido en este dicho mi testamento por la orden y manera que ba declarado y después de cumplido et pagado todo lo demás rema - neçiente de mis vienes ansí muebles como rayzes, axuares, oro, plata, preseas de casa y semovientes dexo, nombro e ynstituyo por mi unibersal heredero en todos dichos mis vienes a la dicha capilla de Santa Catalina que ansí ynstituyo et mando hacer juntamente con la dicha escuela de gramática segunt se contiene en la cla - úsula en este mi testamento declarada que cerca dello hablan para que se me digan las misas y se tenga la dicha escuela y se cumpla lo por mí mandado y decla - rado; y mando que los dichos patronos que dexo nonbrados en la dicha capilla y eschuela sean obligados a tener libro de quenta de resçibo y gasto de todo lo que rentaren mis bienes y se tuviere de gasto en la dicha capilla, y den dello quenta al dicho prior para que bea como se haze y cumple lo por mí mandado, y esto en cada un año por día de Santa Catalina que se ha de hazer et celebrar la fiesta, y den de comer al dicho prior y dos frayles del dicho monesterio; y si los dichos mis com - plidores hubieren de dezir algunas misas por mi ánima fuera de aquellas que yo mando en la dicha capilla que ban señaladas, mando se las den a dezir a los dichos frayles y con esto caso, reboco, anulo et doy por ninguno et de ningún valor y efec - to otro qualquier testamento, manda o codicilio que antes de este haya hecho y otorgado ansí por escrito como de palabra para que no balgan ni hagan fee en jui - cio ni fuera del salbo éste que al presente hago y ordeno por delante de Juan Ares, escrivano, vezino desta villa, en estas seys hojas de medio pliego de papel que van

rublicadas de la rrepública del dicho Juan Ares en fin de cada plana y firmada de mi nombre en fin del dicho testamento y del dicho Juan Ares el qual quiero que valga por mi manda et testamento et por mi codicilio e por scriptura pública et en aquella mejor bía, forma y manera que de derecho pueda y debe baler porque hasta hes mi última y postrimera voluntad y como tal lo mando se guarde y cum - plá en fee y testimonio de lo qual otorgué la dicha escritura de manda y testamen - to cerrrado yn scriptis, dentro de las cassas de mi morada a cinco días del mes de febrero de mill quinientos et ochenta años firmo de mi nombre.

Ytem digo y declaro yo el dicho Juan Veltran de Anido, que yo he prestado a Diego Pernas, vezino de esta villa, una taça grande de los bebederos dorados y un IHS en el fondo y le devo por un cognosçimiento no sé si son nobenta si sient rreales; mando que mis complidores y testamentarios cobren la dicha taça y le paguen lo contenido en dicho cognosçimiento porque la taça pesa más de ciento y cinquenta rreales; lo qual se guarde y cumpla con lo demás contenido en el dicho mi testamento y no lo alterando ny innobando y no quedando en su fuerza y vigor; hecho a los dichos cinco de febrero de dicho año de quinientos et ochenta; y lo firme segunt dicho es Juan Veltran de Anido; passó ante mí a su rruego, Juan Ares, escri - bano.

[Con otra letra y tinta distinta dice a su final]:

Yo, el dicho Juan Ares, escribano y notario público del número y audiencia de esta villa de la Puente Deume, hice sacar este traslado del original que en mi poder queda al presente a lo corregir y enmendar, y rrubrique las planas con mi rrúbri - ca acostumbrada; conquerda con el original, en fe de lo qual lo signé con este signo y firma de mi nombre. Ante mí.

FIN

MUÍÑOS HIDRÁULICOS DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Paula VARELA MANSO
Carlos DE CASTRO ÁLVAREZ
Fernando SARMIENTO CALVO

Consello de Redacción da Revista Cátedra:

Alexandre Caínzos Corbeira

Carlos de Castro Alvarez

Andrés López Calvo

Sindo Vilariño Gómez

Supervisión e asesoramento lingüístico:

Esther Leira Penabad

Edita: Concello de Pontedeume

Dep. Leg.: C-1702/93

ISSN: 1133-9608

Deseño, maquetación, montaxe e impresión:

Talleges Gráficos LÓPEZ TORRE

Pontedeume (A Coruña).

PRESENTACIÓN

O Consello da Biblioteca Municipal de Pontedeume, órgano consultivo da Biblioteca, na orde do 19 de febreiro de 1997, tivo a ben tratar o tema da creación dun Premio de investigación. Unha vez resoltas as bases do Premio, presentouse o seu proxecto ó alcalde e foi aprobado en Comisión de Goberno.

Os motivos que nos levaron ós membros do Consello da Biblioteca a formular a creación deste Premio ó goberno municipal, non foron outros que a intención de potenciar a investigación en temas sobre os que carecemos de estudos e por outra banda atraer á revista Cátedra novos traballos de investigación poucas veces estudiados no noso ámbito local ou comarcal.

Decidiuse que o Premio se chamase de forma xenérica “Premio de Investigación Concello de Pontedeume”. Os temas que se acordaron que fosen investigados, na súa primeira e xa segunda convocatoria, son sobre aspectos etnográficos de Pontedeume e a súa Comarca.

O Consello da Biblioteca Municipal de Pontedeume.

ACTA DO XURADO DO PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME

O Xurado do Premio de Investigación Concello de Pontedeume, composto por Dona Beatriz Ruiz Fernández, profesora de Antropoloxía e Filosofía da U.N.E.D. da Coruña; investigadora do Instituto de Socioloxía de Novas Tecnoloxías da Universidade Autónoma de Madrid. Don Antonio García Ayut, profesor de Antropoloxía Sociocultural da Universidade da Coruña; Don Xesús López Piñeiro, membro do Consello da Biblioteca Municipal, licenciado en Xeografía e Historia; Don Agustín Vilariño Gómez, concelleiro de Cultura, e actuando como secretario do Xurado Don Alexandre Caínzos, bibliotecario municipal, decidiu por unanimidade conceder o premio á obra presentada baixo o lema de “Rodicio” e que corresponde ó trabalho titulado “Muños hidráulicos do Concello de Pontedeume”, do que son autores Carlos de Castro Álvarez, Fernández Sarmiento Calvo e Paula Varela Manso.

INTRODUCCIÓN

Se hai unhas décadas o estudio dos muíños era un campo praticamente inexplorado, non sucede o mesmo na actualidade. É máis, ousamos dicir que a muiñoloxía está de moda, como se puxo de manifesto coa celebración en Santiago, hai tres anos, das “Ias Xornadas Nacionais sobre Molinoloxía”, que viñan se-la resposta a un crecente interese polo tema, materializado na proliferación de distintas publicacións, na realización de visitas culturais ou nos intentos de crear unha asociación de amigos dos muíños².

Polo que respecta a Galicia, quizais debamos a Begoña Bas o primeiro intento de sistematizar-la metodoloxía³ para o estudio dunha actividade que, como ela xa puxo de manifesto, tivo unha importancia considerable na cultura galega, na arquitectura popular, no folclore e no desenvolvemento das relacións sociais e económicas. É máis, a citada autora, despois de moitos anos dedicada ó estudio dos muíños, chegou a afirmar que “Unha das mostras máis significativas da cultura popular desde o punto de vista do Patrimonio Etnográfico construído, é o muíño”⁴. Polo tanto, nada ten o noso estudio de novedade, nin en canto ó tema, nin en canto á metodoloxía, nin sequera en canto o acoutamento espacial do estudio. En efecto, sómo-lo froito da semente plantada por Begoña e dos que, como Justino Fernández⁵ ou Andrés Pena Graña⁶, escollerón o concello como ámbito de estudio. A elección parécenos correcta. Se cadra, as profundas transformacións operadas nas últimas décadas nas comunicacións, pero tamén nas formas de ocupación do espacio, nos leva a pensar que chegou o momento de substituí-los antigos concellos decimonónicos por

-
1. As actas destas xornadas foron publicadas nos Cadernos do Seminario de Sargadelos co título de *Ias Jornadas Nacionales sobre Molinología*, nº 75, A Coruña, 1995.
 2. AGUIRRE SORONDO, A., *Hacia una Asociación de amigos de los molinos*, Ias Jornadas Nacionales sobre Molinología, pp. 875-880.
 3. Véxase BAS LÓPEZ, B., *Consideracións xerais pró estudio dos muíños en Galicia*, Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo XXXII, 96-97, 1981, pp. 329-344.
 4. BAS BEGOÑA, *Recursos y técnicas en los molinos de Galicia. Una síntesis de las tipologías*, Ias Jornadas Nacionales sobre Molinología, p. 725.
 5. FERNÁNDEZ NEGRAL, J., *Historia y arquitectura de los molinos en un municipio costero: Cedeira (La Coruña)*, Ias Jornadas Nacionales sobre Molinología, pp. 697-712.
 6. PENA GRAÑA, A., *A muiñeiría industrial de Narón*, Ias Jornadas Nacionales sobre Molinología, pp. 713-734.

outras unidades que respondan ás novas necesidades e dean soluciones ós novos problemas suscitados. O debate está aberto e non é este nin o momento nin o lugar de entrar nel. Máis é evidente que a configuración de concellos que estableceu o decreto do 1835 se mantivo e calou na percepción que do espacio tiveron e teñen os seus habitantes, converténdose nunha categoría histórica. Baixo esta perspectiva non resulta artificial escolle-lo concello como marco de estudio, máxime se temos en conta que as posibles actuacións sobre o patrimonio arqueolóxico, arquitectónico ou etnográfico, tendo presente a lexislación vixente, deben ser canalizadas a través del.


Sexa como for, tómese como obxecto de estudio un ou varios muíños, os muíños dun río, comarca, rexión ou concello, o punto de partida debe ser sempre o paciente e, ás veces, monótono labor de campo que nos proporcione un inventario descriptivo e fotográfico, así como a consideración, non sempre tida en conta, dos factores naturais que exercen sobre a muiñeiría tradicional un claro determinismo. Feito isto estamos en condicións de aborda-lo estudio da multiplicidade de faces que ofrece o tema: a actividade muiñeira como actividade económica cunha proxección na historia e na técnica, como unha actividade xeradora de relacións sociais, cunha vertente na literatura, na arte, na lingua e na toponimia, e, en fin, como unha categoría nada deseñable dentro da arquitectura popular en relación coas formas do poboamento.

Pero calquera estudio ten que ter unha proxección de futuro. Unha vez coñecida a nómina, a historia, a situación dos muíños do concello, estamos en condicións de interrográrnos sobre el. A resposta non nos compete só a nós, e, de tódolos xeitos, debe afastarse das solucións dos que, seducidos polo engado dunha actividade tradicional que se lles antolla un tanto bucólica, caen na utopía.

O noso máis sincero agradecemento pola axuda prestada a Ángeles Rial, Pilar Martínez, Ramón Calvo Allegue, Nieves Calvo, Nicolás Fernández e José Amado.

I. O MARCO ADMINISTRATIVO


Integran o Concello de Pontedeume as freguesías de Pontedeume, Centroña, Boebre, Andrade, S. Pedro de Vilar, Ombre e Nogueirosa. A esta definitiva configuración do concello chégase tralo R. D. do 23 de xullo do 1835, que viña facer realidade unha das pretensións más queridas do constitucionalismo: a homoxeneización das institucións ó longo de todo o reino. Os 29,1 km² que abrangue son modelados pola costa, o monte Breamo, o río Eume e, ó leste, pola presencia da antiga demarcación do couto de Caaveiro (o denominado couto pequeno), onde a elevación do terreo marca unha divisoria de augas e xurisdiccionais.



Freguesías do concello de Pontedeume.

II. AS CONDICIÓNIS NATURAIS: AUGA E RELEVO

Os factores físicos condicionan en maior ou menor medida a actividade humana, chegando nos casos extremos a un franco determinismo. Isto é tan evidente, polo que respecta ó muíño hidráulico, que a eliminación do factor determinista co progreso técnico non pudo levarse a cabo sen a desaparición do muíño tradicional. En efecto, a difusión do muíño eléctrico, de ubicuidade ilimitada, converteu os antigos muíños, que levaban funcionando, ó menos, máis de mil anos, nunha morea de ruínas cubertas de maleza.




Rede hidrográfica e muíños do concello (os números correspóndense co inventario).

Dos factores naturais, dous son os que teñen un maior protagonismo: os hidrolóxicos e os topográficos, en tanto en canto, como mínimo, a instalación dun muíño hidráulico require unha corrente de auga de pendente axeitada. Outros factores, como os edafolóxicos, actúan indirectamente, pois condicionan o tipo de cultivo.

1. Os factores hidrolóxicos.

A análise destes factores debe principiar pola consideración das condicións climáticas.

O concello de Pontedeume comparte co resto das terras do golfo Ártabro un clima que se pode catalogar de oceánico con matices mediterráneos. A súa xénesis responde ó desprazamento en latitud dos ventos do oeste, desprazamento que determina, no inverno, a influencia da fronte polar e as borras cas a el asociadas; e no verán, das masas de aires subtropicais. O resultado son uns 150 días ó ano de choiva e un volume de precipitacións en torno os 1000 mm, que, para o concello de Pontedeume, situado no máis profundo do golfo, se elevan considerablemente⁷. Aínda que só xullo, segundo o índice de GausSEN, pode considerarse como mes propiamente árido, a súa distribución pon de manifesto unha curta estación seca, que evidentemente tivo a súa repercusión na actividade dos muíños.



Climograma do golfo Ártabro segundo índice de GausSEN.




Fonte da Bufarda. As augas subterráneas son unha achega importante ó cómputo hidrálico.

Este balance de precipitacións supón un saldo hídrico positivo, ó que hai que engadi-la achega das augas subterráneas, relevante nos períodos de mínimas precipitacións, pero que a configuración do relevo, como veremos, contribúe a matizar.

7. Non disponemos de datos concretos para o concello de Pontedeume. Se a evolución das precipitacións e temperaturas é semellante á que incluímos, o climograma do concello tería que amosa-las modificacións locais que introduce a súa posición no máis profundo do golfo Ártabro e a presencia do monte Breamo.

2. O relevo

Tres unidades estructuran o relevo do concello: o monte Breamo, os relevos elevados e aplanados situados ó leste e, entre ámbolos dous, un val triangular debuxado pola liña Pontedeume - Covés - Peteiro. A orquestra deste val é un espacio de acumulación de sedimentos froito de achegas aluviais, mariñas e, en menor medida, da acción do home. Visto no seu conxunto, este val é a ampliación do esteiro do río Eume que se abre ó mar nunha ría, na formación da cal conxugáronse a acción tectónica e os procesos erosivos.



Mapa topográfico do concello.

Esta configuración do relevo condiciona unha rede fluvial, que é autóctona, agás o río das Ferrerías⁸, e de escasa entidade, na que os cursos da auga non sobrepasan a categoría de regatos.

O monte Breamo é unha elevación pizarrosa, de 309 m de altitude, de vertentes disimétricas. Cara a Pontedeume e Vilar a pendente supera o 30%, fronte ó 15% das freguesías de Boebre e Centroña, para converterse nun relevo alombado de suaves pendentes no concello de Miño. Os regatos sitúanse a barlovento, onde a proximidade á costa non permite que acaden moita lonxitu-

8. Só un pequeno treito deste río pertenece ó concello de Pontedeume. No Catastro do Marqués da Ensenada aparece neste río inventariado un muíño.

de; de feito o maior de todos eles, regato dos Muíños, sen dúbida o más favorable para a instalación de muíños, atópase xa no último concello citado.

A distribución destas pequenas correntes de auga coincide cos manchóns de poboamento, de tal xeito que o crecemento demográfico, ou simplemente o aumento das edificacións, alterou seriamente as súas condicións primixenias, e loxicamente orixinou a desaparición de todo vestixio dos muíños. Así, en Pontedeume, o denominado río da Fonte do Conde, que desembocaba nas lonxas, terminou sendo canalizado⁹. O mesmo sucedeu na freguesía de Centroña co regato onde estaban situados os muíños de Vizús e o denominado da Cuba; ou en Boibre, co de Ber. O feito de que estes muíños se mantiveran activos só durante tres meses ó ano é unha proba evidente da precariedade dos regatos para desenvolver tal actividade.

As condicións son distintas no val de Nogueirosa. Os regatos nacen nas costas, a unha altura en torno ós 350 m, onde se produce a transición dos gneis ós granitos. Tamén aquí a achega de auga dos mananciais, que aflora en numerosas fontes, é importante. O castro de Ombre marca unha

divisoria de augas. Ao norte, dos tres regatos existentes, que se unen na desembocadura, só Ríolongo, curso de auga de menos dun metro de ancho, ten muíños; aínda que tamén houbo algúin en Bouzalonga. Nel as condicións só son favorables durante seis meses ó ano.



O regato de Esteiro preto da desembocadura.

Ao sur, a auga do val é drenada polo río Esteiro. No seu curso baixo é un regato duns dous metros de ancho, con caudal suficiente para a moenda durante todo o ano, aínda que a pouca pendente do tramo máis baixo obriga á construción de balsas. Ata A Graña forma meandros que favorecen a captación da auga. A partir de alí, divídese en tres ramais: primeiro un pequeno fío de auga procedente de Vilar non susceptible de ser aproveitado para a obtención de enerxía; segundo, o denominado regato de Covés, que á súa vez se ramifica en torno os 75 m de altitude; só un dos seus ramais, profundamente encaixado nas rochas metamórfica, e antiga divisoria entre o couto de Nogueirosa e Andrade, posúe condicións favorables durante a metade do ano. E un terceiro ramal,

unido por unha canle co río Esteiro, bifúrcase nos regatos de Cabría Nova, que non rexistra actividade muíñeira, e Cabría Vella. Son, sen dúbida, este ramal e mailo curso baixo de Esteiro, os que ofrecen mellores condicións, posibilitando a actividade muíñeira durante as dúas terceiras partes

9. Xa no 1670, cando se buscaba unha alternativa á fonte de Santo Agostín, se pretendeu canalizar ata a fonte da praza do Conde. (Véxase DE CASTRO, CARLOS, *A póboa de Pontedeume a través dos privilexios reais e da documentación monástica*, Cátedra nº4, p.17, nota 30).



Regato dos Muíños.
A pendente é moi grande.

do ano. Hai que dicir, por último, que o caudal deste tramo se viu seriamente alterado coa presa construída no curso alto, co obxecto de aproveita-la auga para uso doméstico.

A terceira unidade é un relevo elevado de materiais graníticos, con altitudes entre os 300-400 m, modelado en penechairs. Os regatos (A Orela, A Fraga, e das Ferrerías) son afluentes do río Eume, de acusada pendente e forte encaixamento nos cursos baixo e medio, con capacidade para a obtención de fariña durante seis meses. Os muíños deste sector son un bo exemplo de que a pendente abrupta non é unha barreira insalvable para a instalación de muíños do tipo de roda horizontal.

III. OS FACTORES HUMANOS: DEMOGRAFÍA E PAISAXE AGRARIA

De termos unha completa información da evolución da construcción de muíños, e da poboación das terras que forman o concello de Pontedeume, dende aparición do muíño ata a crise da muiñeiría tradicional, chegariamos a conclusión de que se pode establecer algúns tipo de relación entre ámbalas dúas, máxime se temos en conta que a agricultura cerealística tradicional foi de autoconsumo e que o pan, ata épocas recentes, foi un producto fundamental na alimentación. Chegariamos quizais tamén á conclusión de que o proceso de construcción de muíños foi acumulativo, é dicir, os muíños construídos vanse manter ata a crise do muíño tradicional e as fluctuacions de poboación determinan ascensos ou descensos na nómina dos que se abandonaban nos momentos de dificultade e volven funcionar no momento de bonanza, aínda que algúns poden desaparecer polo camiño en casos de extrema marxinalidade ou en relación cos cambios naturais. De ser certa esta hipótese, teríase alcanzado o número máximo de muíños a comenzaos do século XX, cun total de 46¹⁰.

Pero se na comparación das dúas variables esquecemos la evolución dun elemento fundamental da paisaxe agraria, cal é o tipo de cultivo, poderíamos chegar a conclusóns erróneas.

Se comparámos as cifras de poboación que nos proporciona o Catastro do Marqués da Ensenada e os censos do 1950, dámmonos de conta que o crecemento da poboación foi espectacular. Pero parece evidente que no 1750 as terras que chegarían a formar parte do concello xa tiñan

10. O número pode semellar avultado, pero non o é; así, por exemplo, no concello de Cedeira Justino Fernández en op. cit. chega a inventariar máis de cen, mentres que no de Cabanas pasan dos cincuenta (*Guía de Cabanas*, 1994).

un potencial muiñeiro considerable, de tal xeito que a ampliación da nómina de muíños só foi posible nos asentamentos menos favorables, tanto polo seu afastamento das áreas habitadas coma polo seu difícil acceso (Covés, Orela, muíño máis arredado de Cabría Vella). Pero é indubidable tamén que neste aumento tivo moito que ve-la crise do viñedo de finais do século XIX, e posiblemente a súa substitución polo millo. Da importancia que tivo na comarca a produción vinícola, non temos ningunha dúbida¹¹. O profesor Pegerto Saavedra¹² chega a considerar que, quitando as comarcas ourensás e algunas do sur de Lugo, as mariñas de Betanzos e Pontedeume estaban entre as principais zonas adicadas ó cultivo do viño¹³; o estudio das parroquias de Miño e S. Martiño do Porto poñen de manifesto que, no 1750, a metade da superficie agraria estaba adicada a este cultivo. Te-

Gráfico da evolución da poboación.

	(1) 1591	(2) 1607	(3) 1752	(4) 1836		(5) 1842	(6) 1860	(7) 1877	(8) 1887	(9) 1900	(10) 1910	(11) 1920	(12) 1930	(13) 1940	(14) 1950
	veciñ. veciñ.	veciñ. veciñ.	veciñ. veciñ.	vec. vec.	hab. hab.	habit. habit.									
Andrade		35	73	66	267					545					656
Breamo			59	103	474					198					285
Vilar	16	18	64	101	449					344					789
Boebre		26	65	62	310					357					470
Centrofia		19	48	75	310					420					501
Ombre		46	106	119	639					687					883
Nogueirosa		26	88	146	649					828					848
Pontedeume	609	250	460	476	1.866					2718					3886
Total		420	963	1.148	4.964	4.154	7.394	8.496	8.659	6.097	6.344	6.584	7.026	7.755	8.318

(1) Censo da Coroa de Castela. O número de veciños de Pontedeume refírese a tódolos do alfoz, máis 27 fidalgos, 16 cregos e 2 relixiosos.

(2) Segundo Jerónimo del Hoyo.

(3) Catastro do Marqués da Ensenada.

(4) Boletín Oficial da Coruña, número 142, 25 de xuño.

(5)(6)(7)(10)(11)(12)(13)(14) Datos de Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*.

(8) Censo da Poboación de España 1882. Madrid, 1891.

(9) Nomenclador de España 1900. Madrid, 1906.


11. Véxase ó respecto SANTOS, J.M. *Geografía de la vid y el vino en Galicia*, Vigo, 1992, e os testemuños que ó respecto achega COUCEIRO FREIJOMIL, *Historia de Pontedeume y su Comarca*, Pontedeume, 1981, pp.303-309.

12. PEGERTO SAAVEDRA, *Os cambios agrarios na comarca eumesa no decorrer do Antigo Régimen*, Cátedra nº 2, 1995.

13. Unha cuestión interesante é saber cando se introduciu o cultivo do viño no concello. O documento máis antigo que coñecemos no que se alude a dito cultivo data do 1241, e é unha doazón dunha viña, próxima á igrexa de S. Cosme de Nogueirosa, que don Fernando Sánchez fixo ó mosteiro de Sobrado (VAAMONDE LORES, C., *Ferrol y Pontedeume*, A Coruña, 1909, XII, pp. 62-63). Sen embargo, daquela, a vide non parecía estar moi estendida se temos en conta que non atopamos ningunha mención na documentación do Tumbo de Caaveiro. As primeiras mencións da documentación da catedral de Mondoñedo tamén datan do século XIII (CAL PARDO, *Catálogo de documentos medievales*, Lugo, 1990). De calquera xeito, na documentación do mosteiro de Sobrado coa que traballa Mª. del Carmen Pallares, datada entre 952 e 1025, rexístranse catro mencións, todas elas entre o 925-975 (*El monasterio de Sobrado: un ejemplo de protagonismo monástico en la Galicia medieval*, pp. 88-89).

mos que pensar, como así insinúa dito autor, que a situación das parroquias que chegarían a formar parte do concello de Pontedeume non era moi distinta. Se a isto engadímo-lo feito de que parte da terra estaría destinada a pastos, e que xunto ós cereais se cultivan outros productos (froiteiras, leguminosas, etc), chegamos á conclusión de que a produción cerealística que abastecía os muíños na idade moderna non era nin con moito a de principios do noso século, pero sen dúbida a suficiente para abastecer unha poboación que a comenzaos da citada idade non había ser moi numerosa¹⁴.

Aínda que a introducción do muíño na comarca hai que remontala, como mínimo, ó século X, é indubidable que a expansión de ditos inxenios debeu producirse no século XVII, moi posiblemente en relación coa introducción do cultivo do millo, en torno ó 1650. O dito cultivo irá progresivamente substituíndo ó trigo. Vén a apoiar esta hipótese a orientación cara á produción de fariña de millo que tiveron os muíños do concello. Así, nun tricultivo cerealístico, que require atender á diferenciación que supón a moenda de trigo ou de millo, só pouco máis de nove muíños do



A crise da agricultura tradicional conleva a reducción da superficie cultivada.

14. Ata a idade contemporánea carecemos de recontos fiables de poboación. Os primeiros censos teñen o agravante de que se refiren a veciños, conlevando o problema da súa conversión a número de habitantes. De tódolos xeitos, o volume de poboación que nos proporciona o censo da Coroa de Castela non parece ser moi elevado. A poboación aumenta decididamente na segunda metade do século XVII, para reducirse o crecemento no tránsito do século XVIII ó XIX. O espectacular incremento de poboación que ofrecen os censos de 1860, 1877 e 1887 e a caída de 1900 é pouco comprensible á luz do que ocorre nos concellos veciños; ou estamos ante un erro nos datos que nos ofrecen estes censos, ou nos anteriores, ou ten que haber poderosas razóns socioeconómicas que o xustifiquen. De tódolos xeitos é comprensible o aumento da nóminal dos muíños desde o recuento do Catastro do Marqués da Ensenada ata 1950, e aínda debería ser maior, poñendo de manifesto que ademais do aumento de poboación debemos ter en conta outros factores, e que a mediados do século XVIII xa se chegara a un certo grao de saturación.

concello teñen dúas moas, vindo a coincidir coa nómina de muíños maquieiros, ós que se lles supón capacidade para atende-la dualidade sinalada.

Outro dos elementos da paisaxe agraria é o habitat. Do mesmo interésano-la relación vivenza-muíño e a situación do muíño con respecto ó poboamento, en tanto en canto un e outro inciden na prolongación da actividade do muíño e na sorte que correrá, tralo cese de actividade, o edificio. Xa falamos do determinismo das condicións naturais con respecto ó muíño tradicional. Este determinismo produce unha disociación entre poboamento e muíño. É o caso dos muíños de Covés, A Orela, Ferrerías ou A Fraga, non só lonxe do hábitat dos usuarios, senón de accesos verdadeiramente difíciles; e, en menor medida, nos extremos de Ríolongo. Esta disociación fai que o muíño como edificio non desapareza cando deixa de cumplir a súa función, aínda que os propietarios se desentendan da súa restauración. Noutras ocasións, poboamento e muíño coinciden, ben porque o primeiro é disperso ó longo do río, no que o muíño aparece disociado do resto dos edificios; ben pola aparición da casa muiñeira, entendendo por tal a unión física de muíño e casa. Na primeira das situacóns, como sucede en Ríolongo ou Bouzalonga, os muíños seguiron unha evolución semellante ós do primeiro grupo, aínda que tiveron unha vida de funcionamento máis prolongada e posúen unha situación más favorable para que os donos se sintan sensibles á súa restauración (muíño da Torre, nº 27). Cando o solo adquire un considerable valor ou o poboamento medra, como ocorre nas áreas más turísticas das abas do monte Breamo, prodúcese a desaparición física do muíño. A casa muiñeira predomina en Esteiro e Cabría Vella (dos 22 muíños contabilizados só 6 non responden a esta categoría). Nuns casos (en 6, en total) foi garantía de que o muíño chegara funcionando ata os nosos días. Pola contra, dáse o caso inverso: que a casa, ó ampliarse ou remodelarse, remate provocando a desaparición do muíño; este feito podémolo constatar en 5 casos. O resto desapareceu sen deixar pegadas.

IV. CONSIDERACIÓNS HISTÓRICAS

A práctica de moe-lo gran é seguramente tan antiga como a aparición da agricultura. A dita actividade realizouse nun principio a man e posteriormente utilizando a força dos animais, da auga e do vento. O muíño hidráulico xa foi coñecido polos romanos, pero sabemos pouco sobre a modalidade que utilizaron (roda vertical ou horizontal) e a importancia e difusión que chegou a acadar nos últimos anos do baixo imperio. De tódolos xeitos, o muíño de man, que evoluciona desde os tipos de morteiro ou vaivén ós de engranaxe ou rolo metálico, pasando polas distintas modalidades de tipo xiratorio¹⁵, alcanzaría unha prolongada existencia¹⁶. Non menos que a dos muíños movi-

15. Véxase unha descripción e historia dos distintos tipos de muíños en GARCÍA TAPIA e CARRICAJO CARBAJO, *Molinos de la provincia de Valladolid*, Valladolid, 1990, pp.17-98.

16. Begoña Bas considera que este tipo de muíño utilizábase en Galicia para moe-lo millo (*Muíños*, GEG, T. 22, p.23), sen embargo, se no século XVII (o millo introducese en torno ó 1650) a dita utilización estivese moi estendida, chegarían máis restos ata nós. No concello de Pontedeume non sabemos de ningún.

dos por animais ou de sangue, muíños que en España recibían o nome de “tahonas” e que foron obxecto de estudio por parte dos enxeñeiros e homes de ciencia da idade moderna¹⁷.

Ó examina-las coleccións documentais dos mosteiros, nos que os primeiros diplomas aparecen datados a finais do século IX, dámónos de conta de que o muíño hidráulico xa está amplamente difundido no século X. Pero os datos que achegan son escasos. Neles utilízase ós muíños como punto de referencia para sinalar ou delimitar outro tipo de herdanzas ou como un elemento máis que se integra nos bens inmóveis da vila¹⁸. As primeiras referencias a muíños hidráulicos na comarca eumesa datan do século X. Nun documento, posiblemente datado entre o 925 e o 936, Aymia e a súa irmá doan a Caaveiro unha herdade constituída por “casas, casales, terras cultas vel incultas, arbores fructuosas vel infructuosas, baucas, montes, fontes aquis aquarum et sessicas mollinarum”. No 1081 Froila Spasandit e a súa dona venden ó abade Tedón unha herdade na vila de Chantelos, herdade que comprende “terrás cultas vel incultas, arbores fructuosas vel infructuosas, pumares, perales, nugales, figales, amexiales, carreisales, avenales, divesas, sesigas molinis¹⁹, petras móviles vel inmobilias...”²⁰. No 1106 Menendo Fuliniz e a súa dona doan a Caaveiro unha vila situada no val de Sillobre, cos seus “casales, pumares, ortales, montes, fontes, rivos aquarum, sessicas mollinarum, exitus montium et regressus earum”²¹. Finalmente, no 1183, Azenda Osoriz e os seus fillos venden diversas herdades a Caaveiro, recibindo a cambio, entre outros bens, unha casa muiñeira en Porto²².

Non cabe dúbida de que se o muíño, a principios do século XII, non estaba suficientemente estendido na comarca eumesa, si debeu de progresar-la súa implantación na dita centuria e na seguinte, e isto se temos en conta que foi un período de crecemento demográfico e que no século XII se dá un paso importante na ordenación do territorio coa delimitación dos coutos de Caaveiro, Monfero, Bremao, Caamouco e Nogueirosa. Ordenación impulsada pola monarquía e que culmina coa creación, no 1270, do alfoz de Pontedeume, para que “la tierra sea mejor poblada e se manteña mas en justicia”²³. E é que é o rei o que, como propietario da auga, concedía permiso para a construción dun muíño. Isto vémolo claramente nun documento, datado no 1209, polo que

17. GARCÍA TAPIA Y CARRICAJO, op. cit., pp. 35-40.

18. No 907 o rei Alfonso III doa o mosteiro de S. Pedro e S. Paulo en Zamora á vila de Perdices, “... discurrente contra villa quem dicunt Cornutellas et discurrente valle que descendet de Zuizfel usque ad molino de Abolgamar....;... de septemtrionale parte de ríuilo Alisti usque ad molino de Maurentane” (ANDRADE, J.M., *O tumbo de Celanova*, T.I, nº 429). No 982 Lucito Lucídiz doa o mosteiro de Samos ó mosteiro de S. Salvador de Bande, entre as posesións sinálase un muíño “quod est in arroyo subtus domo Ermoriz el fuit ipso molino de domino Gondestindo” (LUCAS ÁLVAREZ, M., *El tumbo de S. Julián de Samos* (siglos VIII-XII), nº 23). En fin, no 996, Gutier Diaconus e a súa dona permutan a Adaluso e á súa dona terras situadas en dúas vilas, ó delimitar unha delas alúdese ó muíño de Apadio no Mandeo (LOSCERTALES, *Tumbos del monasterio de Sobrado de los monjes*, T. I, nº 88).

19. Carvalho Quintela interpreta o termo sesegas, sesecas, sesigas como asentamentos ou bases para a súa instalación (*Enganhos hidráulicos en Portugal, 1ª Jornadas Nacionales sobre Molinología*, p.28)

20. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS Y GONZÁLEZ BALASH, *El Tumbo de Caaveiro*, Cátedra nº 3, 1996, nº 9 e 71.

21. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS Y GONZÁLEZ BALASCH, op. cit., Cátedra nº 3, 1996, nº 115.

22. FERNÁNDEZ DE VIANA, DE PABLOS Y GONZÁLEZ BALASCH, op. cit. Cátedra nº 4, 1997, nº 160.

23. MILLÁN GONZÁLEZ- PARDO, I., *Toponimia del Concello de Pontedeume*, A Coruña, 1987, p. 191.

Alfonso IX de León concede ó bispo de Mondoñedo e a súa Sé tódolos muíños que se constrúan en Ribadeo²⁴. O documento, que non debeu ser excepcional, deixa ben ás claras as razóns de porque boa parte dos muíños estaban nas mans de nobres e mosteiros, quen comparten a propiedade, doan, venden, permutan ou sinxelamente aforan. Basta botar unha ollada á documentación dos séculos XIII, XIV e XV para darnos de conta ata que punto isto é así. E, en todo caso, moitos deles van mante-la propiedade²⁵ ata a desmortización: o caso de Sobrado, que, segundo o Catastro do Marqués da Ensenada posuía catro muíños en Nogueirosa, non debía ser tampouco excepcional.

Non é raro pensar que fora precisamente Sobrado quen impulsou a construción de muíños²⁶ en Nogueirosa. En efecto, chama poderosamente a atención o feito de que o mosteiro cisterciense se asentase, dentro das terras que chegarían a formar parte do Concello, nas más favorecidas para o desenvolvemento da agricultura e no río que ofrecía mellores condicións para a instalación de muíños. O asentamento de Sobrado en Esteiro, A Graña e Cabría Vella prodúcese despois da fundación, en torno ó 1150, do mosteiro de Nogueirosa, no que debía procesa-la dona de D. Bermudo Pérez. Á morte da infanta Dª. Urraca, o mosteiro foi abandonado e convertido nunha próspera granxa que D. Bermudo doa a Sobrado. Nos anos posteriores, o mosteiro recibiría novas doazóns dentro dun couto do que chegaría a te-la xurisdicción²⁷ e que, ó parecer, perdería en favor de Fernán Pérez de Andrade. A mediados do século XVIII -como dixemos- Sobrado aínda posuía catro muíños, tres en Esteiro e un en Cabría Vella.

A introducción do millo, dende mediados do século XVII, sen dúbida vai supoñer outro punto de inflexión, tanto pola repercusión que puido ter no aumento da poboación como polo feito de que será o cultivo preferente para a obtención de fariña. O millo irá progresivamente substituíndo ó trigo, e, nunha segunda fase, dende finais do século XIX, aumentando a superficie cultivada a custa da vide, nun principio, o cultivo máis estendido.

Segundo o Catastro do Marqués da Ensenada o número de muíños que posuían as terras que se integraran



O muíño eléctrico acabou co tradicional.

24. CAL PARDO, E., *Catálogo de los documentos Medievales, escritos en pergamino, del Archivo de la Catedral de Mondoñedo*, PS nº 28. Véxase tamén ó respecto FORMS DE RIVERA, C., *Los molinos de agua en el Baix Llobregat en la Edad Media*, 1^{as} Jornadas Nacionales sobre Molinología, pp. 335-342.

25. Así, por exemplo, entre as propiedades que tiña o mosteiro de S. Salvador de Pedroso a finais do século XV contabilizáronse dous muíños e medio no río Belelle (CAL PARDO, E. *El monasterio de S. Salvador de Pedroso*, p. 181).

26. Ó respecto, Mª. del Carmen Pallares sinala que nada se sabe da participación do mosteiro na construcción de muíños, aínda que o mosteiro tiña interese por adquirir lugares idóneos para as localizacións de muíños (op. cit. 159, cita 33).

27. Véxase DE CASTRO ÁLVAREZ, *Igrexas románicas da comarca do Eume*, p. 26, cit, 59.

no concello ascendía a 33, un deles, situado en Gandariz (freguesía de Breamo), arruinado. O número seguiría aumentando ata 46. No 1955²⁸ había 38 muíños activos, deles 9 maquieiros e o resto de apardeiros. É evidente que antes de 1955 a crise do muíño tradicional comenzara polos que tiñan unha posición máis marxinal (2 en Covés, 1 en Nogueirosa); polo de peores condicións naturais (1 en Centroña e en Boembre) e polos maquieiros (3 en Nogueirosa); mentres que os de herdeiros amosaban unha maior capacidade de resistencia. Nas décadas seguintes esta regra seguirase a cumplir.

En resumo pódese dicir que a crise do muíño hidráulico tradicional comprende dúas fases: unha primeira fase vén determinada polo comienzo da utilización, en torno o 1950, da enerxía eléctrica. No 1955 xa funciona en Vilar a “Sociedad Pérez y Porto” e a ela úniranse outras de fóra do concello; con posterioridade, prodúcese a introducción masiva do muíño eléctrico individual. Unha segunda fase vén determinada, dende a década dos setenta, pola crise da agricultura tradicional. Esta crise supón a reducción do cultivo de trigo e, en menor medida, do millo, do que a fariña pasa a ser preferentemente utilizada como penso. A isto uniuse a mellora nos transportes e o feito de que o pan, do que diminúe o consumo por persoa, se deixa de fazer nos fornos particulares, para converterse nun producto de mercado elaborado por empresas especializadas.

Houbo, por último, un timidísimo intento de reconverter algúns muíños: estámamonos a referir á utilización dun dos muíños da Orela para a obtención de enerxía eléctrica, experiencia, só explicable pola súa marxinal situación, que non durou moito tempo.

V. CARACTERÍSTICAS DOS MUÍÑOS HIDRÁULICOS DO CONCELLO

1. Tipoloxía

Tódolos muíños do concello de Pontedeume son fariñeiro.


As condicións naturais descritas só fan posible o tipo de muíño denominado de roda vertical non somerxida, do que non atopamos ningún exemplo, ou de roda horizontal, ben dunha moa ou de dúas (polo menos en nove casos), de canle, de cubo en forma troncopiramidal, e dado o pouco caudal dos regatos, de buxa. Só en tres muíños (nº 1, 6, 14) se pode falar de balsa.

28. Os datos proceden da “Estadística de Molinos Harineros y de Pienso”, mandada realizar no 1954 por orden da Presidencia do Goberno, Arquivo Municipal de Pontedeume.

2. A captación da auga

Os muíños sitúanse na ribeira dos regatos ou excepcionalmente (un de Esteiro, nº 3; e dous dos de Covés, nº 36, 37) no mesmo regato, neste caso a corrente pasa por baixo do muíño. En todos

Cubo do muíño




eles a captación da auga realízase por medio dunha canle que comenza no recanto do regato e que corre paralelo a el ata chegar ós cubos, dispostos na dirección da corrente do regato. En dous muíños do Ameneiral (nº 9 e 10), os únicos cunha alimentación compartida, a canle sepárase do regato, retornando a el perpendicularmente, o que supón unha posición semeillante para os muíños. Algo similar sucede nalgúns muíños de Esteiro (muíño nº 6 e os desaparecidos 4 e 5), para a construción dos cales houbo que realizar unha longa canle, que en realidade supón unha desviación do regato. Á marxe da excepcionalidade deste último caso, a

canle pode ser moi curta (muíño nº 22) ou alcanzar considerable lonxitude (115 m en Goibe de Abaixo); comenza sendo de terra, para converterse, preto do muíño, nunha pequena canle de pedra que dispón de aliviadeiro e de gradilla (nº 18) co obxecto de rete-las herbas ou troncos que puidera arrastrala auga. Excepcionalmente, a canle, como sucede no muíño da Torre (nº 25), convértese nun auténtico acueducto.

Os cubos permanecen visibles. Son construccions troncopiramidais de boa cantería de granito, na que se empregan grampas para uni-los bloques. A súa inclinación soe ser duns 45°, aínda que aumenta nos terreos más abruptos da Orela e Ferrerías, onde atopamos un exemplo de grande espectacularidade.

3. Os edificios

A fábrica dos muíños non desentoa co resto da arquitectura popular do contorno, na que non existe ningunha concesión á ornamentación. Como xa sinalamos ó falar do hábitat, podemos




Tipos de arcos dos infernos.

atoparnos con dúas situacóns: o muíño disociado da casa ou a casa muiñeira, na que a vivenda se sitúa enriba do muíño ou o muíño se encosta á vivenda formando unha máis das dependencias da casa. Nun dos muíños de Cabría Vella (nº 13), atopamo-lo exemplo máis extremo: para entrar ó muíño hai que entrar pola porta da casa; trátase indubidablemente dun muíño de uso particular. En calquera dos casos, o muíño comprende dous niveis: a superior, onde se atopan as moas; e o inferior ou inferno, onde a auga fai xira-lo rodicio.


Na variante do muíño disociado, pode ter unha o dúas plantas. No primeiro dos casos trátese dunha estancia rectangular de reducidas dimensóns, na que as moas ocupan un dos extremos. Ten unha única porta e normalmente varias fiestras, unha na dirección da entrada da auga e outra na de saída. O tellado, de tella ou de pizarra, é de dúas augas, áinda que non falten os exemplos dunha vertente.

Os muíños encostados ás casas non difiren dos anteriores (nº 18).


Cabe, por último, preguntarse se os muíños de dúas plantas (nº 7, 27, 36) foron en realidade casas muiñeiras. Son de dimensóns sensiblemente maiores, podendo ter dúas portas, e, en todos los casos, tellados a dúas augas.



Muíño disociado



Casa muñeira.



Muíño encostado

Edificios dos muíños


Agás os muíños do curso alto de Ríolongo, que teñen o aparello de sillería granítica (nº 29 e 30), o resto dos muíños posúen muros de aparello de cachotería, ben de granito ou de pizarra, co bordo das portas e as fiestras de sillería.

Os muros dos infernos son tamén de cachotería, co teito asoleirado con base en grandes lousas. As diferencias preséntanse no orificio de saída. Só nun caso se constrúe con arcos de medio punto de dovelas de granito (nº 6); excepcionalmente neste exemplo o inferno é abovedado. No resto, o oco péchase na parte superior por aproximación de fiadas, chegando nos casos máis extremos a formarse un arco mitrado (nº 31).


4. A maquinaria

Chama poderosamente a atención as poucas variantes existentes na maquinaria, nos muíños de rodas horizontais, no espacio e no tempo, poñendo de manifesto as poucas posibilidades que

ofrecen á innovación. De tódolos xeitos, os muíños do concello responden a un modelo evolucionado.




Como sucede en calquera muíño, a maquinaria distribúese nos dous niveis xa sinalados: un inferior ou inferno e outro superior ou tremiñado. No inferno alóxase o rodicio, roda con aspas, que move a auga que sae polo buzo. No buzo atópase a billa, peza de madeira ou metal que regula a saída da auga. Este mecanismo acciónase mediante o ferro da billa. O rodicio atópase ensartado na vara, no extremo inferior da cal descansa a mesa, en tódolos casos de madeira. A mesa é movida dende o tremiñado polo brandeiro. Nos muíños do Concello, este brandeiro é de ferro, e o ascenso e descenso da mesa se consigue mediante o volante. Agás en dous muíños (Orela e da Fraga), de rodicios de madeira, a maquinaria do inferno é de ferro. Na parte superior alóxanse as pedras, o pescante e a moega. As primeiras son dúas: unha, chamada pé, encostrada no chan, fixa, entre uns 40 e 50 cm de grosor e entre 80 e 90 cm de diámetro; e enriba da anterior, outra móbil, denominada capa, moito más delgada, duns 15 a 20 cm, dependendo da antigüidade, á que a vara transmite o movemento. Para moe-lo millo utilízanse pedras de granito ou do país, que era preciso picar tódalas semanas, xeralmente os sábados ó serán. A súa labra



Maquinaria do muíño

- | | |
|-------------------|---------------------|
| 1- CANLE, CANO | 13-BRANDEIRO, TORNO |
| 2- GRADILLA | 14-MOEGA |
| 3- CUBO | 15-ESCADA |
| 4- BUZO | 16-CAÑETA, CANALETA |
| 5- BILLA | 17-VARELA |
| 6- FERRO DA BILLA | 18-SEGORELLA |
| 7- MESA | 19-VEO |
| 8- PÍA | 20-TREMIÑADO |
| 9- OVO | 21-CAIXA |
| 10-RODICIO | 22-CAPA |
| 11-VARA | 23-PÉ |
| 12-ZUNCHO | |



consiste en oito entalles dispostos cada 45º, catro acadando todo o radio e os outros catro medio radio. Para moe-lo trigo utilizábanse pedras francesas, pedras moedeiras ou albeiras (muíño nº 36), de sílex e, ás veces, de varias pezas, con cincha de ferro, máis duras, polo que resistían moito tempo sen ser picadas. Este tipo de pedras acadaron unha maior difusión co ferrocarril²⁹, aínda que ignoramos cando se introduciron na comarca. A finais do século XIX comenzan a utilizarse pedras artificiais fabricadas con cemento, que non necesitaban ser picadas; ou pedras alemanas, das que só atopamos un exemplo (nº 6), e que ten unha labra distinta. Para o picado da pedra era preciso retira-la capa, tarefa que se realizaba co pescante.

En tódolos casos, a diferencia do que acontece noutras comarcas, as pedras encérranse nunha armazón de madeira, ben de forma rectangular, caso máis frecuente, ou octogonal, aberta pola parte inferior, por onde se saca a fariña que cae das pedras. A armazón de madeira fíxase á moega a través da escada. A moega é un recipiente troncopiramidal, no extremo inferior do cal a cañeta é movida pola varela permitindo a caída gradual do gran.

As avarías máis frecuentes eran a rotura do ferro da billa e o desaxuste do asento do rodicio, ocasionado por abri-la billa demasiado, o que orixinaba que o ovo saíse da pía.




As pedras do muíño están recubertas cun armazón de madeira.

29. Véxase REYES MESA, M., *Molinos hidráulicos harineros en la provincia de Granada. Transición de una actividad artesanal a una industria moderna*, 1ª Jornadas Nacionales sobre Molinología, pp. 124-125.

5. Útiles de moenda.

O proceso de moedura require todo un elenco de utensilios susceptibles de ser clasificados en tres grupos. A un primeiro grupo corresponden os relacionados co peso e medida do gran: maquía, ferrado e medio ferrado, e distintos tipos de romanás; un segundo grupo fórmano os relacionados coa manipulación do gran ou da fariña: distintos tipos de paletas, vasoiras, rantrillos, peneiras e alibadoiros; e por último, a un terceiro grupo corresponden todos aqueles utiles relacionados co picado e o labrado: machos, cinceis, piquetas ou clavetas.



Distintos tipos de utensilios.

6. Propiedade, uso e beneficio.

Atendendo á propiedade e o uso, como sucede no resto de Galicia, os muíños do Concello poden ser maquieiros, de particular ou de uso particular e de herdeiros, tamén chamados estes últimos de aparceiros.

O nome de maquieiros deriva do cobro, por parte do muiñeiro, dunha cantidade en especie, a maquía, á persoa que acode co gran para ser convertido en fariña. Nas de herdeiros, a propiedade, o uso, ou ámbalas dúas cousas era compartida.

Pero a realidade era máis complexa. No Catastro do Marqués da Ensenada dezasete dos muíños rexistrados son de herdeiros, utilizándose para designalos a expresión “dos heredeiros de” ou, máis frecuentemente, un nome propio e “consortes”. Sete dos muíños están arrendados, dous deles a unha serie de persoas, polo que na práctica tamén se trata de muíños de herdeiros. Os propietarios son o mosteiro de Sobrado (catro), a capela da S. Xoán (un), D. Joaquín Maldonado (un) e D. José de Ulloa (un), ámbolos dous veciños de Pontedeume. Constátase como estes muíños

están situados no río Esteiro, é dicir, son os máis productivos, posto que moen todo o ano. Atopámonos aquí cunha situación herdada da época medieval que, para o caso dos muíños en mans de entidades eclesiásticas, remataría coa desamortización.

Do resto dos muíños (nove), sinálase un único propietario sen especificar máis, polo que se deduce que son os maquieiros, excepto quizais o muíño de Ber, propiedade de D. Francisco Rodríguez, presbítero e veciño de S. Xulián de Mondego. Hai que dicir que este muíño e os arrendados son os propriamente de propiedade particular, xa que non é desatinado pensar que este tipo de muíños deviñesen, polos mecanismos da herencia, en de herdeiros. Por igual razón un muíño maquieiro podíase converter en de herdeiros ó morre-lo dono.

Na estatística do 1955 a composición é máis sinxela: dos trinta e oito existentes, nove son de maquia, todos eles en Esteiro e Cabría Vella, e vinteún de aparcería. O resto xa non funcionaban.

É difícil de determina-lo número de copropietarios³⁰ que gozaban dun muíño de herdeiros, xa que a maioría deixaron de funcionar hai máis de trinta anos, e a falta de fontes escritas é notoria. A dinámica do número de participantes estaba regulada polas leis de transmisión da herdanza. Ata a crise da agricultura tradicional o número era elevado. Este número debeu diminuír considerablemente coa reducción da poboación activa no campo. Os testemuños orais dos que dispoñemos corresponden ó momento cando aquela xa se iniciara. Na Orela, por exemplo, o reparto faise ó longo dos días da semana, deixando o domingo para reparacións e permítese participar a outros agricultores que, sin ser copropietarios, colaboren na reparación do muíño. Un dos muíños tiña nas postrimerías do seu funcionamento cinco propietarios. O muíño da Torre (nº 25) tiña dezaoito copropietarios. Para o caso de Ombre, Rocío Pena³¹ escribe que “a quenda podía ser dun día ou noite, chamada rolda, eran 4 no mes, alternando unha vez de día e outra de noite” e “... podía ser dobre, día e noite continuando cada oito días” ou ser menor.


Os muíños de herdeiros teñen unha moa, polo que só estaban preparados para moer millo, avea ou centeo ou unha mestura de millo e centeo, chamada mestrillón. Ocasionalmente moían trigo, desta fariña, non moi fina, facíase un pan que non faltaba nas festas.

Os muíños de maquia eran os más rendibles e, sen dúbida, os que estaban mellor situados, polo que a eles se podía leva-lo gran, a diferencia de moitos dos de herdeiros, con burro ou carro. Pero o traballo de maquieiro era duro. Traballábbase todo o ano, ata as tres ou catro da mañá, parando os sábados varias horas para pica-las pedras. Estaban acondicionados para moer millo ou trigo. A moedura deste último precisaba unha segunda pedra, francesa ou alemana, que, pola súa maior

30. Xavier Lores Rosal chega a contabilizar ata 48 copropietarios nun dos muíños do que fala (*Os muíños*, p. 46); Antonio Fraguas, 24 (*O muíño nas terras do sul de Cobadado*, 1^{as} Jornadas Nacionales sobre Molinología, p.16); as diferencias son, pois, notables.

31. PENA PENA, R., *Los viejos molinos: una huella del pasado*, Alfoz nº 29, 1994.

dureza, requirían unha menor frecuencia de picado. Podíase moer uns 2000 kg de millo ó día ou 2300 de centeo. Para facer fariña de millo o muíño debía funcionar a 20/25 rev. por minuto, e a 110/115 para a de trigo. Un aumento no número de revolucóns podía provocar un excesivo quentamento e a fermentación da fariña.



O maquieiro cobraba de maquia un neto, medida controlada polas autoridades do concello³² equivalente a 1 kg por cada ferrado, o que viña ser 20 kg de millo, 16 de trigo, 12 de centeo ou 10 de avea. O normal é que cada cliente trouxera un ferrado para pan, podendo chegar a 300 kg para penso.

A clientela do maquieiro dependía moito da súa habilidade na moedura e da calidade da fariña obtida. Os máis habilidosos adquirían merecida sona, que facía que o “hinterland” dos lugares de procedencia dos clientes aumentase. Sabemos, por exemplo, que a Cabría Vella viñan clientes procedentes de A Capela e Monfero.

Constatamos que unha práctica bastante estendida era o reparto da moenda a domicilio.

O Catastro do Marqués da Ensenada proporcionános unha serie de cantidades correspondentes ó valor de produción de cada muíño. Loxicamente non deben ser tomadas ó pé da letra, pero si serven para ver que regato ofrecía condicións naturais más favorables: así, mentres que nos de Esteiro se podía moer todo o ano, estimándose unha produción de 680 reais de vellón, noutro extremo témo-los de Centroña, con tres meses de moedura e 33 reais; nunha situación intermedia estaban os de herdeiros de Ombre, con 6 meses de moedura e 120 reais de produción.

VI. RELACIÓNNS SOCIAIS E CULTURA POPULAR

É evidente que o muíño, como a barbería, a igrexa ou a taberna, foi lugar de relacións sociais. Ó respecto Begoña Bas di que nos muíños se reunían os veciños “e moitas veces quedaban de leria e de troula, cantando e bailando. A estas muiñadas acudían mulleres e homes, anque eran os mozos e as mozas os que máis participaban. No muíño dábanse cita estes últimos, e nel tiñan

32. A maquia tamén se denomina, nas terras do concello, neto. Seguramente as sospeitas dos clientes de que a maquia ou neto podía ser facilmente manipulada explican a aparición de refráns como “cambiarás de muíñeiro pero non de ladrón”.

lugar moitas das súas relacións. Polo común as muíñadas eran pola noite e tiveron un sentido de relación festiva³³. Algo de certo hai nestas consideracións, pero, deben ser matizadas. Comencemos dicindo que as afirmacións de Begoña Bas se inscriben dentro dunha corrente que ve a moeitura como unha actividade do pasado un tanto bucólica, visión á que sen dúbida contribuíu a poesía. Os testemuños que recollemos ven a tarefa de leva-lo gran ó muíño como unha actividade, xeralmente realizada polas mulleres, pouco agradable, na que, por conta da situación illada de moitos muíños, de difícil acceso, requiría un esforzo considerable. Nos muíños de herdeiros difficilmente se podían dar relacións espontáneas. Nos de maquia, a espera na cola, si que propiciaba todo tipo de conversas. Nestes, como xa dixemos, non era infrecuente o reparto da fariña a domicilio. Uns e outros son lugares nos que á angostura do habitáculo únase ó ruído orixinado pola moenda e o po da fariña.

A actividade muñeira deixou a súa pegada na poesía e no refraneiro. Os que se ocuparon do tema dos muíños comprárcense en poñer de manifesto esta faceta, que pensamos non ten tanta importancia fóra de Galicia como dentro. Sen embargo, as composicións procedentes de distintos concellos, xeralmente cantigas³⁴, repítense más ou menos con variantes, poñendo en evidencia que son populares non tanto polo seu localismo como pola súa temática e carácter anónimo.

No *Cancioneiro Eumés*, Xosé Paz Fernández recolle unha composición co título “Os muíños de Esteiro”³⁵.

Oralmente recollemos varias composicións que incluímos por non tela atopado en ninguna publicación.

1

*Mi madre no quiere que vaya al molino
porque el molinero se mete conmigo
Se mete conmigo, me rompe la saya
Mi madre no quiere que al molino vaya*

Óleo de muíño.



2

*Moli, moli, molinera
que descolorida estás,
desde el día dela boda
no dejaste de llorar
no dejate de llorar
ni tampoco de reír
Moli, moli, molinera
que pronto vas a morir*

33. BAS, BEGOÑA, *Muíño*, CEG, Tomo 22, p.26.

34. Véxase SCHUBARTH, D. e SANTAMARINA, A., *Cancionero Popular Gallego*, A Coruña, 1984.

35. PAZ FERNÁNDEZ, X. *Nas beiras do Eume*, 2ª Parte do Cancioneiro Popular Eumés, Pontedeume 1998, pp. 132-133.

Como un elemento da paisaxe e pola súa actividade destacada na vida cotiá, o muíño tam-pouco se puido substraer ó campo da pintura³⁶. Neste caso tivemos máis sorte: posuimos varias pinturas, unha das cales nos permitiu inventariar dous muíños.

VII. OS MUÍÑOS E A TOPONIMIA

Basta con buscar na *Gran Encyclopédia Gallega* as palabras muíño ou moa para darnos de conta da importante pegada deixada pola actividade muíñeira na toponimia. A nómina de topónimos relacionados coa muiñoloxía sen dúbida aumentaría se rastrexássemos todos aqueles termos derivados dos anteriores ou da xerga muíñeira.

Na comarca do Eume, sen pretender esgota-lo tema, podemos sinala-los seguintes topónimos:

Aceas: Chamábase así o lugar de Esteiro onde había varios muíños (nº 4 e 5) hoxe desaparecidos. O termo acea fai referencia os muíños de roda vertical, polo que cabe pensar se nese lugar non houbo un muíño de dita tipoloxía.

Atafona: Nome que recibe unha das rúas de Pontedeume, situada entre a do Postigo e a praza de S. Roque. En castelán os muíños de tracción animal recibían o nome de “tahonas” (tafonas en galego). Tamén o termo alude a unha casa onde se coce e vende o pan. De facer referencia a un muíño, este desapareceu no 1752.

Cabría Vella: D. Isidro Millán estuda os topónimos Cabría Vella e Cabría Nova³⁷. Tras sinalar que en Galicia non se atopa ningún outro topónimo Cabría e si en Portugal, considera que se refire ás paraxes que frecuenta o gando cabrío ou onde se instalaban currais de cabras. Sen embargo, en castelán emprégase o termo para designa-la máquina que serve para levanta-las moas co obxecto de proceder á súa picada³⁸. Resulta sorprendente a utilización desta palabra na área do concello onde se concentra o maior número de muíños.

Cabría Nova: Idem.

Fraga do muíño: Lugar do concello da Capela, preto da aldea de Lombo.

Muíño Vello: Aldea da parroquia de San Fiz de Monfero.

36. Véxase ó respecto AGUIRRE SORONDO, A., *La molinería en la pintura*, 1as Jornadas Nacionales sobre Molinología, pp. 741-755.

37. MILLÁN, ISIDRO, *Topónimos del Concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y Alfoz*, A Coruña, 1987, p. 144.

38. Véxase DEL CASTILLO, A., *Molinos de la zona de Piedrahita y el Barco de Ávila*, p. 205.

Rego da Moa: Aldea da parroquia de Barallobre.

Río dos Muíños: Recibe este nome o río que nos chamamos da Orela.

Río dos Muíños: Río da vertente atlántica que nace xunto a aldea de San Bollo (Perbes).

Por último, non é estrano que a antiga existencia dun muíño deixe a súa impronta na instalación que o substitúe. Así temos un Parque O Muíño (nº 39), en Centroña; ou un restaurante: Los Molinos, en Ombre.



Restaurante “Los Molinos”

VIII. ESTADO DE CONSERVACIÓN E FUTURO

A conta atrás do muíño hidráulico comenzou coa crise da agricultura tradicional, e más decididamente coa utilización da enerxía eléctrica. Pouco a pouco foron sendo abandonados a mercé do deterioro que conleva o paso do tempo e as inclemencias meteorolóxicas. Dos 46 muíños que chegou a te-lo concello de Pontedeume, só uns 5 están en condicións de funcionar e 4 máis poderían estalo; pero non por moito tempo: o que dure a vida dos seus donos, entrados en anos e apegados a unha forma de vida que morrerá con eles. O resto, ou desapareceron convertidos en vivenda (uns 5) ou son unha morea de ruínas cubertas de maleza, onde áinda, en moitos casos, se manteñen nos seus postos as moas e os rodicios, oxidados e descompostos.

Os que se achegaron ó estudio da muíñoloxía, seducidos polo engado destas construccóns do pasado, non deixan de denuncia-la situación. Pero non podemos chegar a solucións utópicas. Imposible propoñela rehabilitación masiva dunhas construccóns de número considerable e de valor artístico nulo, máxime cando mosteiros cargados de historia e con gran valor artístico están correndo a mesma sorte. É indubidable que a riqueza etnográfica que supón debe ser conservada,

tarefa que compete ós museos. Pero non todo debe ser deixado nas mans dos poderes públicos. Neste sentido é alentador o feito de que varios propietarios se mostraran sensibles ó estado de decrepitude dos seus muíños e comenzaran a restauralos. Quizais estas iniciativas deberían ser apoiadas polo Concello con algún tipo de axuda.

É de sinalar que os muíños situados nas Ferrerías, nunha paraxe de indubidable beleza, abren un conxunto de grandes posibilidades ó turismo rural. Varios dos edificios destes muíños xa foron restaurados en relación coas posibilidades que ofrecen ó lecer.



Muíños das Ferrerías.

IX. CONCLUSIÓN

Cando iniciamo-la análise dos muíños do concello de Pontedeume, ante a nula existencia de estudos, careciamos dunha valoración cuantitativa previa que restase incerteza á posibilidade de levar adiante a investigación. O chegar a inventariar 46 muíños veu confirmar unha das características que Begoña Bas sinala para os muíños galegos: o seu elevado número. Este número, que non é excepcional se o comparamos con outros concellos e que evidentemente foi cambiando ó longo da historia, é o froito dunhas condicións climáticas favorables e dunha topografía que xa non o é tanto, polas reducidas dimensións das vertentes.

Trátase, en todo caso, de muíños de roda horizontal, de regato , de cubo troncopiramidal, situados próximos ós regatos; construccóns semellantes ó resto da arquitectura popular, nas que ás veces aparece disociado da casa e outras formando un todo.

Respecto á maquinaria e á propiedade non difiren moito de resto dos muíños galegos. No primeiro aspecto cabe sinalar que son muíños nos que a moega non se fixa ó teito, senón que se une a armazón de madeira que encerra ás pedras, e nos que a cañeta é movida pola varela. No segundo dos aspectos, os muíños distribúense entre os de herdeiros, os más numerosos, dunha moa; e os de maquia, tamén chamados de aparceiro, de dúas moas; áinda que non falta algún de uso particular

Non sabemos cando se introduciu o muíño na comarca eumesa. Os primeiros testemuños datan do século X, pero na súa expansión ten moito que ver, sen dúbida, a introducción do cultivo do millo, feito que se produce en torno ó 1650. O crecemento da poboación e a crise da viticultura farán o resto. A mediados do século XVIII, no Catastro do Marqués da Ensenada aparecen inventariados 33 muíños, número que irá crecendo ata dobra-lo século. A utilización da enerxía eléctrica e a crise da agricultura tradicional darán ó traste coa que fora a forma tradicional de obtención de fariña. Na actualidade existen 30 muíños ou restos de muíños; deles só cinco están funcionando. O futuro destas construccions non pode ser máis escuro, pero afortunadamente advertimos unha certa predisposición de algúns propietarios para tomar medidas que remedien a súa total desaparición. Pensamos que estas iniciativas terían que contar coa axuda dos poderes públicos, dentro dunha política que se sinta sensible ante o crecente deterioro do noso patrimonio etnográfico.

Con respecto ás outras vertentes, tratamos de manter sempre unha postura afastada do apaixoadamento.

A nómina de composicións do *Cancioneiro Popular Eumés* sobre muíños é extremadamente pequena. Tivemos máis sorte en relación coa pintura e a toponimia, campo este, que merece un estudio más detido, que valore as breves pero, pensamos, interesantes achegas da investigación.



INVENTARIO DE MUÍÑOS

MUÍÑO Nº 1

Lugar: Esteiro

Parroquia: Nogueirosa

Propietario:

Tipo de explotación: Maquieiro

Tipo de muíño: De regato, de canle, de balsa.

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Dúas

O muíño desapareceu, sendo integrado dentro da casa. Estaba situado no lado esquerdo da mesma.

O inferno está completamente soterrado, o que non nos permite saber a que tipo pertence. Podemos contemplala canle e unha balsa de grandes dimensións, explicable seguramente porque o muíño se atopa localizado preto da desembocadura do río e a pendente neste punto é case nula.

Outros restos atopados son o pé e a capa, convertida en mesa.



Fachada posterior da casa.



Balsa, de gran tamaño.



Pé do muíño.

MUÍÑO Nº 2

Lugar: Esteiro

Parroquia: Nogueirosa

Propietaria: Josefa Martínez Tenreiro

Tipo de explotación: Maquieiro

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo.


Situación: Fóra do río

Nº de moas: Dúas

Pouco se pode falar deste muíño. O edificio está completamente rehabilitado e o único resto que atopamos do mesmo é o pé, desempeñando unha función moi diferente da que tivo antes.



Estado actual do edificio.



Pé, único resto do muíño.

MUÍÑO Nº 3

Lugar: Esteiro

Parroquia: Nogueirosa

Propietario:

Tipo de explotación:

Tipo de muíño:

Situación: No río

Nº de moas:

Un moderno edificio ocupa o lugar do muíño, do que non queda ningún resto.

Hai dous óleos deste muíño, un da fachada principal (fotografía) e outro da fachada posterior. O segundo non o incluímos neste traballo, porque dúbiamos que se trate deste muíño, xa que representa un río dun caudal moi superior ó que ten o regato de Esteiro e ademais representa un muíño de presa, do que non atopamos ningún caso neste Concello.

Destacar a localización deste muíño, no río, modalidade da que só atopamos dous muíños de Covés.



Estado actual do edificio.



Óleo do antigo muíño.

MUÍÑOS N°S 4 E 5

Lugar: Esteiro

Parroquia: Nogueirosa

Propietario:

Tipo de explotación: Maquieiro

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Tres (muíño nº 4) e dúas (muíño nº 5)

Destes dous muíños non se conserva absolutamente nada, nin edificio, nin pezas. Pero motivou a súa inclusión nas fichas o feito de contar con este óleo do pintor R. Feal, no que podemos ve-lo aspecto e situación dos mesmos. Ó fondo vese o muíño nº 6. O muíño nº 5 tiña tres moas, único caso do concello.



Óleo do pintor R. Feal.



MUÍÑO Nº 6

Lugar: Esteiro

Parroquia: Nogueirosa

Propietario: Ramón Calvo Allegue

Tipo de explotación: Maquieiro

Tipo de muíño: De regato, de canle, de balsa

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Dúas

O conxunto de muíño e vivenda foi ampliado tanto en altura como en planta. Aínda é posible observar no interior a estructura orixinal. Destaca este edificio pola súa calidade constructiva. Os seus muros son de cachotería de granito e a cara exterior está labrada. Os arcos dos infernos son de medio punto, único caso atopado no concello. O tellado é a dúas augas de tella do país.

A estancia do muíño ten unha fiestra e dúas bufardas, que serven para dar ventilación. O muíño aínda funciona, aínda que cesou a súa actividade hai 19 anos. Destacan as enormes dimensións da balsa, o que permitía manter durante todo o ano un alto rendemento, necesario polo tipo de explotación.



Fachada principal na que se observan os infernos, fiestra e bufardas.



Infernos (arcos de medio punto).



Interior do muíño.

MUÍÑO N° 7

Lugar: Goibe de abaixo

Parroquia: Nogueirosa

Propietario: Luis Allegue Freire

Tipo de explotación:

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Unha

O edificio, de planta rectangular, conta con muíño e dous andares. Os muros, que se conservan en bo estado, teñen un espesor de 60 cm e están construídos en cachotería de pizarra. Os marcos das dúas portas son de cantería de granito, e na porta principal, tanto as xambas coma a lumieira, teñen talladuras con diversos motivos. Ten catro fiestras, dúas na planta baixa, dúas na segunda planta, os marcos das mesmas están feitos con madeira.

O tellado é a dúas augas de tella do país.

O inferno atópase soterrado case na súa totalidade. O cubo consérvase en bo estado.



Perspectiva do edificio.



O inferno está soterrado.



Detalle da entrada do cubo.

MUÍÑO Nº 8

Lugar: Ameneiral

Parroquia: Nogueirosa

Propietario: Nieves Calvo

Tipo de explotación: Maquieiro

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Dúas

O edificio, de planta rectangular, está construído en cachotería de pizarra, cos esquinais e marcos de portas e fiestras, así coma as lumieiras dos infernos, de cantería de granito. Ten dúas portas e unha única fiestra, situada na fachada principal.

No interior hai un espazo reservado para o gando e o resto do espacio adícase a muíño. Aínda está en funcionamento. As pezas consérvanse en perfecto estado.



Fachada principal do muíño.



Aberturas dos infernos.



Pezas dunha das moas.

MUÍÑOS N^{os} 9 E 10

Lugar: Ameneiral
Parroquia: Nogueirosa
Propietario:

Tipo de explotación:

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Unha

Os dous muíños, de pequenas dimensións, están construídos en cachotería de pizarra, con tellado a unha auga. O tellado está derruído e as paredes recubertas de maleza. A única peza que conservan é o pé.

Analizamos estes muíños conxuntamente porque, ademais de ter idénticas características, se atopan conectados, de forma que o muíño inferior (nº 9) non capta a auga do regato senón do muíño superior. Non é un sistema infrecuente, pero é o único caso que atopamos no concello.



A maleza invade os edificios.



Arco do inferno.



Pé dun dos muíños.

MUÍÑO N° 11

Lugar: A Graña

Parroquia: Nogueirosa

Propietario: Esperanza Rodríguez Castro

Tipo de explotación:

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas:

Non he posible facer unha boa descripción deste edificio dado o seu estado de conservación. Restos das paredes, recubertas de maleza, a canle e o cubo son os únicos elementos que se conservan do muíño. A vexetación non permite ve-lo inferno. O muíño debía ter dúas plantas e seguramente era de dúas moas.



Canle e restos da edificación.



A maleza impide apreciar se quedan restos da fachada principal.



Detalle dos muros

MUÍÑO Nº 12

Lugar: A Graña

Parroquia: Nogueirosa

Propietario: José M^a Faraldo Tenreiro

Tipo de explotación:

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Dúas

O edificio de planta rectangular atópase bastante deteriorado, non ten tellado e o muro dereito está derruído. As paredes están construídas en cachotaría de pizarra e granito. As lumieiras das dúas fiestras son de madeira. O tellado, de tella do país, é a dúas augas.

A canle e o cubo están en bo estado. As únicas pezas que se conservan son as varas do brandeiro.



Localización do muíño.



Fachada principal.



Porta de acceso ó muíño.

MUÍÑO Nº 13

Lugar: Cabría Vella
Parroquia: Nogueirosa
Propietario:

Tipo de explotación: Consumo propio

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Unha

O edificio atópase encastado á vivenda. Está construído en cachotería de pizarra, ten unha única fiestra e accérese a el dende o interior da vivenda. O tellado, de tella do país, é a dúas augas.

É o muíño máis pequeno que atopamos, as súas dimensións interiores son tan reducidas que non ten nin pescante, xa que non hai sitio para manipula-las pedras.

Todavía funciona na actualidade. É un exemplo claro de muíño familiar.



Fachada do muíño.



Interior do muíño.



Canle e aliviadeiro.

MUÍÑO N° 14

Lugar: Cabría Vella
Parroquia: Nogueirosa
Propietario: Nicolás Fernández Iglesias

Tipo de explotación: Maquieiro
Tipo de muíño: De regato, de canle, de balsa.
Situación: Fóra do río
Nº de moas: Dúas

O muíño, encastado á vivenda, está construído en cachotería de pizarra. Consérvase en perfecto estado. Aínda que non funciona, cunha leve reparación podería facelo. Ten dúas moas e un só inferno, cando o normal é ter un por moa.


As grandes dimensíons da balsa, dela tan, ó igual que no muíño nº6, o réxime de explotación.



Perspectiva do muíño.



Cubo de grandes dimensíons.



Vivenda á que se atopa encostado o muíño.

MUÍÑO Nº 15

Lugar: Cabria Vella
Parroquia: Nogueirosa
Propietario: Nicolás Fernández Iglesias

Tipo de explotación:

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Unha

Este muíño, de pequenas dimensións, atópase adosado á vivenda. Só conserva a estancia, pero hoxe está completamente reformada e é unha habitación máis da vivenda. A única evidencia que conserva da súa función anterior é o inferno, que non quedou soterrado na súa totalidade e ainda podemos ve-la lumieira do arco.



O muíño estaba encostado na fachada posterior.



Lumieira do arco do inferno.

MUÍÑOS N^{os} 16 E 17

Lugar: Cabría Vella
Parroquia: Nogueirosa
Propietario:

Tipo de explotación:

Tipo de muíño: De regato, de canle,
de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas:

É imposible saber nada nestes dous casos das características dos muíños. Só as lembranzas dos veciños permitíronnos localizalos, xa que non conservan ningún resto.



No lugar dos muíños hai modernas edificacións.

MUÍÑO N° 18

Lugar: Cabría Vella

Parroquia: Nogueirosa

Propietario: José Amado Tenreiro

Tipo de explotación:

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Unha

O muíño, de pequenas dimensións, atópase encostado á vivenda. Está construído en cachotería de pizarra, as xambas e a lumieira da porta son de cachotería de granito, así coma dous marcos de fiestras (non na súa totalidade). O tellado actual é de fibrocemento a unha auga, pero pódese observar que o primitivo era a dúas de tella do país (pódese observa-lo tornachoivas).

O muíño ten unha pequena fiestra na fachada principal e outra na fachada posterior un pouco máis grande. A porta de acceso, para a vivenda e o muíño, é común. O cubo é de pequenas dimensións.


Todavía funciona hoxe; consérvase en perfecto estado.



Fachada posterior.



Detalle do cubo.



Interior do muíño.

MUÍÑOS N°S 19 E 20

Lugar: Cabría Vella

Parroquia: Nogueirosa

Propietario: Mario Varela Prieto

Tipo de explotación:

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Unha

Edificios xa modificados (muros con ladrillo e tellados de fibrocemento) e unha capa, son os restos que podemos presenciar dos dous muíños. Ambos eran de pequenas dimensións e estaban construídos en cachotería de granito.



Fachada posterior da casa, a carón desta están situados os muíños (non están encostados).



Capa dun dos muíños.

MUÍÑO N° 21

Lugar: Cabría Vella
Parroquia: Nogueirosa
Propietario:

Tipo de explotación:

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas:

Este muíño está integrado na casa, non coñecemo-lo seu estado de conservación, xa que non tivemos posibilidade de velo.

A casa é grande e de planta rectangular, ten dous andares. Está construído en cachotería de granito e a súa cara exterior recuberta de cal.

Chama a atención neste muíño a saída da auga. Está saída forma un ángulo de 90 graos co cubo, é de forma rectangular e moi pequena. Non permite observa-la situación das pezas do inferno, xa que a distancia ata a saída da auga é grande.



Fachada principal.



Canle e aliviadeiro.



Detalle de entrada do cubo.

MUÍÑO N° 22

Lugar: Cabría Vella

Parroquia: Nogueirosa

Propietario:

Tipo de explotación: Herdeiros

Tipo de muíño: De regato, de canle
de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Unha

O muíño de planta rectangular e construído en cachotería de pizarra está moi deteriorado. Restos das paredes e o inferno, así coma o cubo son os únicos que atopamos.

Situado nun punto extremo, é dos poucos muíños de Cabría Vella que non está asociado ou integrado na vivenda. A súa construcción neste lugar obedece, sen dúbida, a un certo grao de saturación na concentración de muíños neste regato.



Restos do muíño.



O cubo atópase en bo estado.

MUÍÑO Nº 23

Lugar: Esteiro de Ombre

Parroquia: Ombre

Propietario:

Tipo de explotación: Herdeiros

Tipo de muíño: De regato, de canle
de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Unha

O muíño, de planta rectangular e pequeno tamaño, está construído en cachotería de pizarra. O tellado é a unha auga de tella do país.

Non se ve nin o cubo nin o inferno, xa que un recheo de terra o impide. Non conserva ningunha peza e o tellado está derruído, os muros están recubertos de maleza.



Apréciase o mal estado de conservación e o recheo que oculta os restos do cubo.



Con posterioridade á realización do inventario, atopamos que o edificio deste muíño foi restaurado.

MUÍÑO Nº 24

Lugar: Esteiro de Ombre

Parroquia: Ombre

Propietario:

Tipo de explotación: Herdeiros

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Unha

Ten as mesmas características arquitectónicas que o anterior.

O tellado está derruído e o muíño recubierto de maleza. Conserva algunas pezas: o rodicio, que está soterrado; o veo e o pé.



A vexetación impide sacar unha boa fotografía.

MUÍÑO N° 25

Lugar: A Torre

Parroquia: Ombre

Propietario: Carlos Feal Garabana

Tipo de explotación: Herdeiros

Tipo de muíño: De muíño, de regato, de canle

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Unha

Como se pode apreciar na fotografía, o muíño de planta rectangular e tellado a unha auga, está moi remozado. A construción é de cachotería de pizarra e actualmente atópase recuberto con cemento. O tellado, a unha auga, é de fibrocemento.

Destaca a altura da canle e a súa lonxitude.

Conserva tódalas pezas, pero o desvío do regato (provocado porque atravesaba a estrada) fai que a auga xa non chegue ó mesmo.



Canle, ó fondo o muíño.



O inferno non está recebado, o que permite ve-la cachotería de pizarra.



Pezas do interior.

MUÍÑO N° 26

Lugar: A Torre

Parroquia: Ombre

Propietario: Evaristo Garabana

Cortizas

Tipo de explotación: Consumo propio

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Unha

É de planta rectangular e os muros son de cachotería de pizarra, coas esquinas e marcos dos vans de cachotería de granito. Só ten unha fiestra.


O tellado a dúas augas é na actualidade de tella plana.

O tornachoivas situado sobre a lumieira da porta é un detalle que se debe significar, xa que nos muíños non é habitual atopar elementos arquitectónicos deste tipo. Tamén ten pousadoiro no exterior.

Conserva tódalas pezas e o edificio está en bo estado, pero o muíño non funciona na actualidade.



Edificio, no que podemos ve-loos detalles arquitectónicos mencionados.



Inferno, o rodicio atópase soterrado.

MUÍÑO Nº 27

Lugar: A Torre

Parroquia: Ombre

Propietario: Evaristo Amado Brage

Tipo de explotación: Herdeiros

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Unha

O edificio de planta rectangular, albergaba muíño e vivenda, xa non serve de vivenda. Está construído en cachotería de granito e revestido con cemento, ten dúas plantas e tellado de fibrocemento a dúas augas.

No momento de visitalo establece realizando unha reparación no mesmo. Proximamente estará funcionando.



Fachada posterior do edificio.



Interior do muíño, apreciamos que as pezas son de nova construcción.



No inferno non vemos ningunha peza, debido a que o muíño está a ser reparado.

MUÍÑO N° 28

Lugar: Bufarda

Parroquia: Ombre

Propietario: J. Antonio Brage Amado

Tipo de explotación: Herdeiros

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Unha

O muíño é de planta rectangular, construído en cachotería de granito, cos esquinais e marcos dos vans labrados na cara exterior. Ten unha porta e unha fiestra. O tellado é a unha auga de fibrocemento.

Conserva tódalas pezas, pero non funciona, e utilízase para garda-las alpacas para os animais.



Fachada lateral dereita.



Podemos ve-las pezas do inferno e o rodicio soterrado.



O regato
a carón do muíño.

MUÍÑO N° 29

Lugar: Río Longo
Parroquia: Ombre
Propietario: Santiago Amado

Tipo de explotación: Herdeiros
Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo
Situación: Fóra do río
Nº de moas: Unha

Este muíño de planta rectangular ó igual que o seguinte está construído en cantería de granito, son os únicos casos que atopamos no concello. Ten unha fiestra e o tellado é a unha auga.

Está completamente invadido de maleza e o tellado está derruído. O cubo consérvase en bo estado. Non queda ningunha peza da maquinaria.



A maleza invade o edificio.



Cubo en bo estado.



Detalle da fiestra.

MUÍÑO Nº 30

Lugar: Río Longo

Parroquia: Ombre

Propietario: Manuel Garabana

Tipo de explotación: Herdeiros

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Unha

Muíño de planta rectangular e tellado a unha auga. Como xa dixemos anteriormente está construído en cantería de granito e destaca a lumieira da porta, que ten unha inscrición. Estas particularidades fan que as características do edificio sexan atípicas no concello.

O estado de conservación é o mesmo co do muíño anterior. O tellado está derruído e os muros invadidos pola maleza. O cubo consérvase, non así, as pezas.



Entrada ó muíño.



Lumieira da porta.

MUÍÑO Nº 31

Lugar: A Fraga

Parroquia: Ombre

Propietario:

Tipo de explotación: Consumo propio

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Unha

Pequeno muíño de planta rectangular, construído en cachotería de granito, con cantería nas xambas e lumieira da porta, nas que atopamos inscricións. O tellado é a dúas augas de tella do país.

É curioso o arco do inferno, construído por aproximación de fileiras, que forma case un triángulo. No inferno atopamos restos do rodicio, que era de madeira; a billa e a vara da billa, o ovo, a enrán e restos da mesa.

Conserva a capa e o pé. O tellado está derruído e os muros recubertos de maleza. O cubo está en bo estado, aínda que semi-soterrado.



Fachada principal, á dereita da porta vémo-lo pousadouro.



Arco do inferno.



Pé e capa.

MUÍÑOS N^{os} 32, 33 E 34

Lugar: A Orela

Parroquia: Ombre

Propietario:

Tipo de explotación: Herdeiros

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río.

Nº de moas: Unha

Os tres muíños teñen as mesmas características, tanto nas dimensións como no estado de conservación. A localización dos mesmos, unha zona illada con unha pendente pronunciada, fai difícil chegar ata eles. Tamén provocou moitas dificultades para poder fotografiarlos; é por isto que non contamos cunha fotografía do muíño nº 34.

Tódolos muíños conservan as paredes e o nº 33 tamén o tellado, xa que foi restaurado. O muíño nº 32 ten ademais restos do pescante. O cubo dos tres está en bo estado.



A maleza invade o edificio.



Inferno do muíño nº 33.

MUÍÑO N° 35

Lugar: A Orela

Parroquia: Ombre

Propietario:

Tipo de explotación:

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas: Unha

O edificio está construído en cachoteira de granito, cos vans das portas e esquinais de cantería. O tellado, de pizarra, é a unha auga. Actualmente está fundido con formigón.

Conserva pé e capa, restos do tremiñado, pescante, unha pa, brandeiro, a varela, restos da cañeta e moega, buzo, billa e veo. Tamén atopamos restos do rodicio, que era de madeira.

Unha curiosidade deste muíño é que nos últimos anos de funcionamento, instalouse nel un xerador de corrente que daba luz ós veciños da Orela.



Porta de acceso ó muíño.



Restos dun rodicio de madeira.



Outra perspectiva do muíño, na que se aprecia a elevada pendente do terreo.

MUÍÑO N° 36

Lugar: Covés

Parroquia: Andrade

Propietario:

Tipo de explotación:

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: No río

Nº de moas: Dúas

Muíño de grandes dimensións, planta rectangular e dous andares. Está construído en cachotería de pizarra con tellado a dúas augas de tella do país.

Varías son as características significativas deste muíño, a primeira é que a diferencia do resto dos muíños do Concello, atópase no río; outra é a de ter dúas portas, o que permite acceder a él desde ámbalas dúas beiras.

O tellado está derruído en parte. Os únicos restos que conserva son o pé e a capa dunha das moas, así como restos de madeira do tremiñado e o caixón.



Perspectiva do edificio no que podemos ve-lo estado do deteriorio do tellado.



Por este arco transcorre o regato.



Pé e capa encinchados.

MUÍÑO N° 37

Lugar: Covés

Parroquia: Andrade

Propietario:

Tipo de explotación:

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: No río

Nº de moas: Unha

Muíño de pequenas dimensíons planta rectangular. Está construído en cachotería de pizarra, o tellado é a dúas augas de tella do país.

Ó igual que o anterior está situado no río.

Atópase moi deteriorado, case non quedan restos do tellado e os muros están recubertos de maleza. Consérvase a capa e o pé. Curiosamente nun dos muros atopamos unha capa incrustada.



A vexetación invade por completo o muíño.



O río transcorre baixo o muíño.



Capa incrustada nun dos muros.

MUÍÑO N° 38

Lugar: Covés

Parroquia: Andrade

Propietario:

Tipo de explotación:

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas:

O muíño de dous andares e planta rectangular é de considerables dimensións. Está construído en cachotería de pizarra e tellado a dúas augas de tella do país.

O edificio está moi arruinado. Non ten tellado e unha das paredes ten parte derruída. Os marcos das portas e ventanas son de madeira.

Non conserva ningunha peza.

O cubo atópase en bo estado.



Estado de deterioro da fachada principal.



Arco do inferno.

MUÍÑOS N^{os} 39 E 40

Lugar: Vizús (nº 39) e A Cuba (nº 40)

Parroquia: Centroña

Propietario:

Tipo de explotación:

Tipo de muíño: De regato, de canle, de cubo

Situación: Fóra do río

Nº de moas:

Nada queda destes dous muíños, só o nome do parque evidencia que alí estaba un dos dous que había en Centroña. O outro atopábase un pouco máis abajo do río, no lugar da Cuba.

A capa que podemos ver na fotografía non corresponde a ningún destes muíños, senón que é dun eléctrico de Boebre.



Capa situada no “Parque do muíño”, no lugar de Vizús - Centroña.



Cátedra. Revista eumesa de estudios

Xuño 1999. Núm. 6

ÍNDICE

Arqueoloxía e folclore: concellos de Ares e Mugardos

Juan A. Carneiro Rey 7

Apuntes verbo da federación agrícola Ferrol-Pontedeume. O agrarismo na comarca

Henrique Sanfiz 33

Relación de fuentes documentales publicadas o transcritas de la historia medieval gallega

José Luis López Sangil 39

Urbanismo barroco en Pontedeume

Manuel Ignacio Ramos Díaz 67

Unha cantiga e o seu autor (1927)

Xosé Paz Fernández 91

Historia urbana de la villa de Pontedeume (1840-1998):

presentación de un proyecto de investigación

José M^a Cardesín 97

Insculturas pétreas no baixo eume

Juan J. Sobrino Ceballos y J. Francisco Correa Arias 115

Los monasterios eumeses de Caaveiro y Monfero

en tierras del antiguo Condado de Vilalba

José-Luís Novo Cazón 139

Un acercamiento ó imposto de banastrería en Pontedeume

Xosé M^a Veiga Ferreira 147

Peregrinacións, hospitalidade e pegadas xacobeas na Comarca Eumesa

Xesús Andrés López Calvo 163

Un traslado original del testamento de Don Juan Beltrán de Anido

Santiago Daviña Sáinz 187